



ESTRATEGIA DE
ACCIÓN EXTERIOR
DE ESPAÑA
2025-2028

**Unha política exterior
con identidade de seu**

ESTRATEGIA DE ACCIÓN EXTERIOR 2025-2028

**UNHA POLÍTICA EXTERIOR
CON IDENTIDADE DE SEU**



GOBIERNO
DE ESPAÑA

MINISTERIO
DE ASUNTOS EXTERIORES, UNIÓN EUROPEA
Y COOPERACIÓN



SUBSECRETARÍA

Secretaría Xeral Técnica

Vicesecretaría Xeral Técnica

Área de Documentación e Publicacións

© Ministerio de Asuntos Exteriores, Unión Europea e Cooperación

División de Estratexia e Prospectiva

Gabinete do Ministro

NIPO: 108-25-029-6 (Liña)

Deseño e maquetaxe: Cristina Rico. Deseño Gráfico.

Impresión: Imprenta da Dirección Xeral de Comunicación, Diplomacia Pública e Redes

Catálogo de Publicacións da Administración Xeral do Estado: <https://cpage.mpr.gob.es/>

Nesta publicación utilízouse papel libre de cloro reciclado e/ou papel de fibra virxe de bosques xestionados de maneira sostible co certificado "FSC", consono os criterios medioambientais da contratación pública.

A teor do disposto na Lei de propiedade intelectual, non está permitida a reprodución total ou parcial desta publicación, nin o seu tratamento informático, nin a transmisión de ningunha forma ou por calquera medio, ben electrónico, por fotocopia, por rexistro ou outros métodos, nin o seu préstamo, alugueiro ou calquera outra forma de cesión do seu uso sen o permiso previo e por escrito do autor, agás aquelas copias que se realicen para o uso exclusivo do Ministerio de Asuntos Exteriores, Unión Europea e Cooperación.

ÍNDICE

CARTA DO MINISTRO DE ASUNTOS EXTERIORES, UNIÓN EUROPEA E COOPERACIÓN	5
RESUMO EXECUTIVO	7
PARTE I: A PERSPECTIVA ESTRATÉXICA DE ESPAÑA	11
Un mundo en transición: tres desprazamentos da orde internacional.....	14
A. UNHA EUROPA REFORZADA.....	16
Consolidar a autonomía europea.....	16
Aumentar a nosa competitividade	24
Garantir a seguridade económica europea	27
B. UNHA ESPAÑA COMPROMETIDA.....	30
Preservar, reformar e reforzar o sistema multilateral.....	30
Apostar pola cooperación para o desenvolvemento e a acción humanitaria...	36
Afrontar a emerxencia climática e de biodiversidade.....	38
C. UNHA ESPAÑA QUE CONSTRÚE PAZ E SEGURIDADE	41
Adaptarnos a un mundo máis conflitivo	41
Construír paz dende a coherencia	46
Fortalecer a nosa resiliencia democrática	47
PARTE II: ESPAÑA NO MUNDO.....	51
A contorna estratéxica de España	52
Máis europa alén da UE.....	53
América Latina e o Caribe: aliados para unha axenda compartida.....	53
O Magreb e Oriente Medio: aposta pola paz e estabilidade na nosa veciñanza	56
Reforzar os vencellos permanentes con América do Norte.....	57
Un salto na nosa relación con África.....	58
Consolidar a nosa presenza no Cáucaso e Asia Central	59
Afondar na pegada de España en Asia-Pacífico	60
PARTE III: FUNDAMENTOSE FERRAMENTAS DA ACCIÓN EXTERIOR	63
As nosas fortalezas e valores.....	64
Unha política de estado e de país.....	70
Un Servizo Exterior preparado para o futuro	72
ANEXO: MÁIS DE 100 ACCIÓNS PARA 2025-2028	79

CARTA DO MINISTRO DE ASUNTOS EXTERIORES, UNIÓN EUROPEA E COOPERACIÓN

O mundo está a experimentar fondas transformacións que nos sitúan ante un contexto global en plena reconfiguración estratéxica. Este escenario interpélanos a todos: cidadanía, autoridades, empresas e terceiro sector. Dirixímonos cara a unha era marcada por unha maior incerteza, competición e fragmentación que cuestionan os logros alcanzados grazas a décadas de cooperación e integración. Ante estes desafíos, debemos manter unha visión propia, a longo prazo, e responder unidos, como españois e como europeos. Esta é a convicción que latexa na Estratexia de Acción exterior 2025-2028. Unha Estratexia que asume a necesidade de mudanza e acción, mais tamén de compromiso co que nos caracteriza como sociedade.

Mudanza e acción porque é imperativo preparar e adaptar a nosa acción exterior para unha contorna global máis fráxil e volátil, na que a paz, a seguridade e a prosperidade non se poden dar por sentadas e na que debemos ser actores e non meros espectadores. Esta Estratexia ofrece unha análise de riscos e oportunidades para España, definindo unha política exterior con identidade de noso, orientada á defensa dos nosos intereses nacionais e dos nosos valores. España ten demostrado reiteradamente unha notable capacidade de adaptación fronte a transformacións históricas. Non en balde, o período de vivencia desta Estratexia coincide simbolicamente con dous acontecementos fundamentais: o 50.º aniversario da morte do ditador Franco e o 50.º aniversario da aprobación da Constitución española, máxima expresión da nosa convivencia democrática.

A magnitude das mudanzas ás que hoxe facemos fronte esixe que apostemos por unha Europa máis forte e máis unida. É o momento do

espertar estratéxico europeo, dunha Europa capaz de influír nas tendencias globais que nos atinxen a todos. Xa que logo, por primeira vez a Estratexia de Acción Exterior española coloca a Europa no primeiro plano, con propostas concretas para avanzar, reforzar as nosas capacidades comúns e mellorar a coordinación en todos os eidos, dende a acción exterior ata os sectores económico, industrial e tecnolóxico co obxectivo de coller as rendas do noso destino.

Continuidade e compromiso porque España mantén o seu apoio aos valores que nos definen como sociedade, proxectándoos cunha acción exterior dirixida a construír un mundo máis próspero, libre, seguro e estable. España progresou cunha orde internacional aberta, baseada en regras comúns, e os españois e españolas sentímonos fondamente europeos e comprometidos co multilateralismo, a cooperación para o desenvolvemento, a igualdade de xénero, a transición ecolóxica xusta e unha gobernanza tecnolóxica ética. Hoxe máis ca nunca, a nosa acción exterior debe ser a expresión deses valores que nos definen como sociedade democrática, avanzada e aberta.

Para trazar este novo rumbo, o Ministerio de Asuntos Exteriores, Unión Europea e Cooperación elaborou esta Estratexia en coordinación co resto de departamentos ministeriais e liderando un amplo proceso participativo que incluíu Comunidades e Cidades Autónomas, entidades locais, partidos políticos, sector privado, sociedade civil e arredor de 50 expertos en relacións internacionais. A acción exterior é un proxecto de país e de futuro, de todos e para todos. Esta Estratexia é a folia de ruta que debuxa o camiño que percorrерemos e o lugar que queremos para España e para Europa.

José Manuel Albares Bueno

RESUMO EXECUTIVO

A nova **Estrategia de Acción Exterior 2025-2028** constitúe a folla de ruta coa que España debulla as súas propostas para responder a un contexto internacional en profunda mudanza. É unha estratexia **ambiciosa e realista** que se adapta ao novo contexto internacional a través dunha **política exterior con identidade de seu**, firme na defensa dos nosos intereses e no compromiso cos valores que nos artellan como sociedade. O obxectivo é que España ocupe un lugar no mundo que lles permita aos españois desenvolveren con éxito os seus proxectos de vida, recoñecendo que moitas das decisións que afectan ao seu día a día son tomadas alén das nosas fronteiras.

Para garantir a nosa influencia nesta nova conxuntura, España buscará converter as nosas **fortalezas** como país en pancas para unha mellor acción exterior coa finalidade de conseguir un mundo máis xusto, estable e seguro. Entre elas destacan a nosa economía internacionalizada e en crecemento; o noso liderado en enerxías renovables; unha sociedade aberta, diversa, europeísta e tolerante; un poder brando en auxe, apoiado nas nosas linguas e industrias culturais, e unha situación xeográfica privilegiada, que nos permiten seguir afianzando a nosa posición e proxección internacional.

Vivimos en tempos incertos; nunha **era marcada pola fragilidade da paz e da orde internacional**. O ano 2025 coincide co terceiro aniversario da invasión rusa de Ucraína e cun incremento da violencia na nosa contorna estratéxica, do Sahel a Oriente Medio. O mundo afronta hoxe grandes desafíos derivados de alteracións na distribución dos alicerces que configuran o poder, con consecuencias desestabilizadoras.

Neste contexto, tres desprazamentos sistémicos redefiniron o contexto internacional, o que esixe unha adaptación da nosa acción exterior ás novas circunstancias.

O primeiro destes desafíos é o tránsito dunha orde baseada en regras a dinámicas na que predominan lóxicas de poder. A erosión do dereito internacional, o aumento dos conflitos e o auxe da impiedade supoñen unha seria ameaza para a paz e a estabilidade. Este desprazamento obriga a España a adoptar unha **acción exterior máis estratéxica**, que inclúa como obxectivo a defensa do multilateralismo e do dereito internacional.

En segundo lugar, España enfróntase a un contexto de fragmentación económica e competición estratéxica. No eido económico, pasouse de priorizar a eficiencia, propia da globalización, a buscar a resiliencia e a mitigación de riscos, redefinindo os marcos de comercio e investimento. Estas transformacións esíxennlle a España conxugar o carácter aberto da súa economía cunha **maior énfase na seguridade económica**.

Por último, as sociedades democráticas enfróntanse a múltiples retos. Nun clima de polarización, marcado polo auxe da desinformación que ameaza a estabilidade democrática e impulsa a ruptura de consensos, España **debe seguir apostando por sociedades abertas e inclusivas**, preservando a cohesión interna como alicerce da súa proxección internacional.

A Estrategia de Acción Exterior 2025-2028 responde a estas transformacións do escenario internacional a través de tres principios transversais de actuación que teñen por obxectivo garantir **(A) unha Europa reforzada; (B) unha España comprometida, e (C) unha España que constrúe paz e seguridade**.

Unha Europa reforzada

Para defender os intereses dos españois hoxe a nosa resposta debe ser, primeiramente, **europea**. Pártese do fondo europeísmo da sociedade española e da convicción de que só a nivel europeo podemos ter un peso decisivo na reconfiguración da orde mundial. É polo que, debemos contribuír á estabilidade, resiliencia e eficacia da Unión Europea. Xa que logo, fronte ás múltiples crises que vivimos, cómpre que Europa **sexa ambiciosa e afouta na súa resposta**.

A UE atravesou tres shocks nos últimos anos —pandemia, agresión rusa e crise enerxética— aos que soubo responder de xeito eficaz e coordinado. O desafío agora é consolidar este **espertar estratéxico** para lograr que a Unión se consolide como un verdadeiro **actor xeopolítico**. Mantermos o control do noso futuro político, económico e tecnolóxico esixe tomar decisións difíciles de maneira colectiva. Debemos pensar a longo prazo; actuar máis, mellor e máis rápido e, sobre todo, traballar xuntos, como europeos.

España apoia **un salto cualitativo nas políticas comúns e no seu financiamento** que vaia acompañado dunha transformación institucional. Con este obxectivo, traballaremos para lograr un **orzamento europeo máis ambicioso**, que asegure a nosa capacidade de acción e resposta, así como unha **reforma do proceso de toma de decisións** que espalle a maioría cualificada a novos ámbitos, como a política exterior, para evitar a parálise da acción europea. España apoiará o **proceso de ampliación da UE**, que debe ir acompañado de **reformas realistas** da Unión que nos permitan seguir avanzando e prepararnos para operar cun maior número de Estados membros.

Así mesmo, apostamos por unha **Europa máis responsable da súa propia seguridade**. A autonomía estratéxica aberta europea debe basearse nun **concepto integrado de seguridade** que incorpore dominios alén da defensa tradicional. Cómprenos reforzar esta autonomía a través de máis **capacidades e recursos colectivos**, incluído un maior desenvolvemento da base tecnolóxica e industrial da defensa europea. Perante un mundo máis conflitivo, é precisa unha maior coordinación na acción exterior europea para maximizar os efectos dos nosos esforzos políticos e orzamentarios. Isto inclúe unha **mellora na interacción cos nosos socios globais**, baseada na asociación de igual a igual e na exemplaridade europea. Na mesma liña, é clave avanzar cara a unha maior **converxencia estratéxica** entre os Estados membros na percepción das ameazas á seguridade europea, cunha lóxica de 360 graos.

Ante os desafíos actuais, a **cohesión social** non é só un imperativo ético e de equidade, senón un activo estratéxico; unha garantía para a nosa seguridade nun momento en que actores externos tentan instrumentalizar as divisións no seo das sociedades democráticas. Por iso, España impulsará a **política de cohesión**, a unión entre europeos a través de políticas como Erasmus+ e seguirá apoiando que se afonde no **Piar Europeo de Dereitos Sociais**.

A proxección exterior europea non é posible sen uns alicerces de poder sólidos, tamén no plano económico. A UE debe superar a brecha de innovación cos nosos competidores naqueles sectores que definirán a economía do futuro. Neste sentido, España traballará para **aumentar a nosa competitividade** a través dunha aposta clara pola tripla transición ecolóxica, dixital e social como catalizadora do crecemento económico europeo, impulsando a **reindustrialización, afondando no Mercado Único, culminando a Unión Bancaria e reforzando o papel internacional do euro**.

Ora ben, a crecente fragmentación económica obríganos a **integrar a perspectiva de seguridade económica** no proceso de toma de decisións co fin de reducir riscos. O uso das interdependencias como arma arreboladiza e a proliferación de barreiras ao comercio fan necesario reavaliar a disxuntiva entre eficiencia e seguridade para lle prestar máis atención a esta última. Ademais, a UE é a rexión máis aberta do mundo en termos económicos, polo que o impacto das tendencias proteccionistas podería ser máis prexudicial. Nesta liña, España propónse: **reducir vulnerabilidades e dependencias** críticas garantindo a **seguridade das nosas cadeas de subministración e o acceso a materias primas e tecnoloxías clave**; **anticipar ameazas e dotarnos de máis ferramentas** para facer fronte a presións económicas, e **ampliar a nosa rede de socios comerciais**, xa que comerciar máis e con máis actores fiables incrementa a nosa autonomía.

Unha España comprometida

As institucións multilaterais atópanse nun momento crítico. As tendencias mundiais cara a unha maior competición xeoestratéxica son contrarias á cooperación multilateral, precisamente cando é máis necesaria que nunca. Neste marco, o primeiro dos nosos obxectivos é **preservar, reformar e reforzar o sistema multilateral**; da súa parálise ou eficacia depende a nosa capacidade para **responder aos retos globais** que, dende o cambio climático á prevención de pandemias, teñen un impacto real sobre a cidadanía. España defende preservar os logros acadados mediante un papel activo dentro do sistema multilateral, así como reformar as estruturas existentes apostando por unha maior inclusividade que reflecta a composición da sociedade internacional actual.

Como parte do reforzo da nosa acción no marco multilateral, España avanzará na **protección e promoción dos dereitos humanos, a reforma da gobernanza económica e financeira internacional, o deseño dunha gobernanza tecnolóxica ética e responsable e o reforzo da nosa política exterior feminista**. Cando estes retos non poidan ser abordados eficazmente a nivel multilateral, serán promovidos mecanismos flexibles de cooperación que nos permitan avanzar arredor de intereses compartidos. Así mesmo, España **promoverá unha migración regular, ordenada e segura**, sen renunciar aos principios de humanidade e responsabilidade que nos definen, e dende a convicción de que o noso dinamismo económico e a sostibilidade do noso modelo de benestar dependen en parte da migración.

Nun escenario de crise de solidariedade, o mundo precisa máis cooperación para o desenvolvemento, non menos. España seguirá apostando pola **cooperación para o desenvolvemento e a acción humanitaria** como ferramentas esenciais para afrontar os desafíos colectivos. España continuará **liderando a transición ecolóxica** a través da diplomacia verde e a **loita contra a emerxencia climática** como eixo central da nosa acción exterior. Neste marco, apostaremos pola **des-carbonización competitiva** como unha oportunidade para a nosa industria, que asegure que os obxectivos de neutralidade climática vaian acompañados dunha transición xusta namentres apostamos por sectores de futuro.

Unha España que constrúe paz e seguridade

A resposta de España non debe esquecer a seguridade dos nosos cidadáns. Isto require **adaptarnos a un mundo máis complexo** no que Europa xa non goza do dividendo de paz do que gozara durante as últimas décadas. O novo contexto obriga a España e a Europa a **asumiren maiores cotas de responsabilidade** sobre a súa defensa e a contribuír máis á seguridade compartida como provedores de seguridade no marco da UE, a OTAN e as Nacións Unidas. España buscará reforzar a arquitectura de control de armamentos, non proliferación e desarmamento e seguirá comprometida na loita contra o terrorismo.

En paralelo, España buscará **construír paz dende a coherencia** na defensa do dereito internacional, velando polo cumprimento das normas de dereito internacional humanitario sexan cales sexan as circunstancias e conflitos. Neste sentido, seguiremos apoiando os tribunais internacionais na **loita contra a impunidade** e reforzando as capacidades de España como actor de **mediación**.

Ademais, temos que **fortalecer a nosa resiliencia democrática**. Nunha época marcada por unha interconexión sen precedentes, atopámonos paradoxalmente divididos. Os sesgos algorítmicos, o incremento da desinformación e o auxe do discurso de odio non son meros desafíos técnicos, senón ameazas á cohesión social que nos fan máis vulnerables fronte á radicalización e a inxerencia externa. Fronte aos riscos que entraña a desregulación, España defende **unha maior transparencia, neutralidade e rendición de contas** por parte de plataformas tecnolóxicas; **un enfoque centrado nas persoas e os dereitos, e unha maior coordinación internacional**. No entanto, para poder levar a cabo unha acción exterior eficaz, España ten que **preservar a cohesión**

interna, e iso pasa por atender as demandas da cidadanía, avanzando na loita contra a desigualdade e o reto demográfico.

España no mundo

A acción exterior de España continuará desprezándose rexión a rexión, coa dobre vertente dunha dimensión euroatlántica e mediterránea e a través da súa proxección global.

As circunstancias actuais requiren, máis que nunca, **investir na nosa contorna estratéxica** na que se concentran un gran número de conflitos: do Sahel a Oriente Medio, pasando por Ucraína. Isto supón prestarlles especial atención aos nosos veciños inmediatos e aos veciños dos nosos veciños. É dicir, aos países que —dende Europa Oriental a África Occidental, o Norte de África e Oriente Medio— conforman a nosa veciñanza en sentido amplo e **onde se producen boa parte dos desafíos que afectan directamente á seguridade e prosperidade de España**. Co obxectivo de responder aos retos e aproveitar as oportunidades que ofrece este espazo, nos anos vindeiros España **reforzará o seu despregamento diplomático** sobre o terreo ata acadar unha cobertura completa na nosa contorna estratéxica, fortalecerá o diálogo político e ofrecerá o seu apoio ao desenvolvemento económico, á seguridade e á gobernanza dos nosos veciños.

Máis Europa, máis alá da UE. España propónse **afianzar as relacións bilaterais** cos nosos socios europeos, manter o noso **apoio integral a Ucraína** na defensa da súa soberanía e acompañar os procesos de adhesión dos **Balcáns Occidentais** e do resto de países candidatos.

América Latina e o Caribe son unha constante na identidade e na acción exterior de España. Nos últimos anos, España puxo a América Latina no centro da axenda europea coa celebración do primeiro Cumio UE-CELAC en oito anos durante a Presidencia española do Consello da UE no 2023 e co impulso constante aos acordos con MERCOSUR, Chile e México, á vez que mantivo unha intensa axenda bilateral. Nos vindeiros catro anos o obxectivo é redobrar este esforzo e **fortalecer o Espazo Iberoamericano**. Sobre a base duns valores comúns e intereses converxentes, España traballará de forma conxunta coa rexión para ampliar a nosa influencia colectiva nos foros multilaterais e nos grandes debates da axenda global. Así mesmo, aspiramos a **afondar nunhas relacións económicas equitativas** mutuamente beneficiosas ante un escenario de fragmentación económica.

Intensificaremos as nosas relacións cos países da beira mediterránea no **Magreb e Oriente Medio** cunha aposta firme pola paz e a estabilidade da nosa veciñanza sur. España seguirá traballando para manter unhas relacións estreitas con **América do Norte** sobre a base do diálogo. Continuaremos investindo nun salto cualitativo na nosa relación con África a través da posta en marcha da nova Estrategia España-África 2025-2028 e cun foco especial en África Occidental. Ademais, apostaremos por unha pegada máis profunda en **Asia-Pacífico** a través dunha nova estratexia para a rexión, sen esquecer a consolidación da nosa presenza no **Cáucaso Sur e Asia Central**. En cada un destes ámbitos xeográficos, España **intensificará a promoción da súa cultura e as súas linguas** como activo da nosa proxección exterior.

Para poder facer efectivas as prioridades e obxectivos que se fixa esta Estrategia, cómpre iniciar un proceso de reflexión sobre a **adaptación dos instrumentos da acción exterior** española aos retos mencionados. En primeiro lugar, procuraremos preparar o noso

Servizo Exterior para atender mellor os intereses dos españois nesta nova conxuntura mediante a adecuación da nosa actividade diplomática ás necesidades presentes, da transformación dixital das nosas ferramentas de traballo e da formación e investimento no noso capital humano, que constitúe a columna vertebral da nosa acción exterior. Para reforzar a proxección de España será clave aproveitar mellor o coñecemento e a experiencia dos tres millóns de españois que residen no exterior.

Por último, non podemos esquecer que **a acción exterior é un labor que nos abrangue a todos**, dende o conxunto de poderes do Estado ás Administracións públicas españolas e á propia sociedade civil, incluídos os españois no exterior. Xa que logo, seguiremos traballando para mellorar a coordinación con todos os actores involucrados para que co seu coñecemento e experiencia contribúan a arriquecer o deseño da acción exterior como **acción de Estado e de país**.

PARTE I:

**A PERSPECTIVA
ESTRATÉGICA DE ESPAÑA**



Vivimos en tempos incertos; nunha era marcada pola fragilidade da orde internacional, a paz e as institucións; unha realidade que se fai cada vez máis evidente a medida que aumenta a conflictividade e se debilita o multilateralismo. Cando conmemoramos o 80.º aniversario da creación de Nacións Unidas —coincidente coa fin da Segunda Guerra Mundial— o dereito internacional e os principios compartidos esmorecen.

Nos últimos anos evidenciouse que a aparente calma que seguiu á fin da Guerra Fría non deu lugar a unha nova normalidade. Após un longo período de prosperidade e baixa conflictividade, atopámonos ante unha conxuntura xeopolítica volátil, na que as crises se suceden con maior frecuencia. No 2025, as nosas sociedades asisten á erosión da orde construída tras a Segunda Guerra Mundial, cun cuestionamento das regras e principios que durante varias décadas achegaron un grao razoable de orde e previsibilidade ás relacións internacionais. O mundo ao que aspira España caracterízase por ser pacífico e seguro; cooperativo na xestión de asuntos globais coma o cambio climático, a saúde, a tecnoloxía, as migracións ou o terrorismo; aberto á circulación de ideas, persoas, bens e servizos, e baseado en regras. Así e todo, nos últimos anos, moitos aspectos desta visión están recuando.

Esta Estratexia adóptase nun contexto de reconfiguración estratéxica a nivel mundial, resultado de evolucións políticas e alteracións na distribución dos factores que determinan o poder con consecuencias desestabilizadoras. Coincide no tempo co terceiro aniversario da invasión rusa de Ucraína e cun incremento da violencia na nosa contorna estratéxica, do Sahel a Oriente Medio. Asemade, consolídanse tendencias que están a redefinir o escenario internacional: un desprazamento dende as regras ao poder, da eficiencia económica á busca de resiliencia e da confianza no progreso á incerteza. Nos anos vindeiros, é previsible que estas tendencias continúen intensificándose.

Por iso, cómpre prepararnos e adaptar a nosa acción exterior ás novas circunstancias. Esta Estratexia ofrece unha análise dos riscos e oportunidades para España establecendo as principais liñas de actuación para unha acción exterior con identidade de seu, firme na defensa dos nosos intereses nacionais e comprometida cos valores que nos definen como sociedade, co obxectivo de contribuír a un mundo máis próspero, seguro e estable.

Un momento crítico para Europa

A pertenza de España á Unión Europea (UE), que agrupa moitos dos nosos socios máis achegados no maior proxecto de integración política e económica do mundo, é, xunto á nosa situación xeográfica e ao histórico vencello con América Latina, un dos nosos principais activos e condicionantes estratéxicos.

Dende a Segunda Guerra Mundial, para Europa Occidental, ou a caída do muro de Berlín, no caso da Europa do Leste, os europeos vivimos nun contexto internacional especialmente benigno, caracterizado por unha asociación estreita entre Europa e Os Estados Unidos, baseada nuns valores e prioridades normalmente compartidos. Esta situación, extraordinariamente duradeira, está a mudar con rapidez.

No 2025, España e Europa atópanse inmersas nunha contorna de inestabilidade na súa veciñanza. Fronte a este contexto, os europeos contamos cun instrumento de acción común que nos permite actuar cun grao de coordinación único: a Unión Europea. Como españois, a acción concertada a nivel europeo permítenos responder de xeito máis efectivo ás grandes tendencias globais. Chegou o momento de explotarmos a fondo as posibilidades deste proxecto colectivo.

Por iso, por primeira vez, a Estratexia de Acción Exterior española sitúa a Europa en primeiro plano, con propostas concretas para avanzar e reforzar as capacidades comúns de acción e mellorar a coordinación, dende a acción exterior ata os eidos económico, industrial e tecnolóxico.

Materializar propostas a nivel europeo esixirá acadar o consenso necesario no seo da Unión, a diferenza doutros aspectos abordados neste documento, que corresponden única ou principalmente a España. A Estratexia inclúe as ideas e aspiracións españolas sobre como debe avanzar Europa para dar un salto cualitativo. É unha tarefa indispensable para responder aos numerosos desafíos e ameazas aos que se enfronta a Unión hoxe e tirar partido de todas as súas potencialidades. Partimos da convicción de que reforzar a acción común europea, e os instrumentos a través dos cales esta se artella, é a maneira máis eficaz de dar unha resposta adecuada á altura das circunstancias.

A nosa contorna estratéxica

A situación de España no suroeste de Europa e con fronteiras exteriores da Unión Europea que se proxectan cara a África convértenos nunha potencia euroatlántica e mediterránea con proxección global. Esta posición constitúe un activo de primeira orde, cunha extensa fachada marítima que nos conecta con rutas comerciais globais, pero que á súa vez presenta importantes desafíos. A menos de 4000 quilómetros da Península Ibérica, atopámonos con conflitos enquistados, tensións latentes —dende Ucraína ata Oriente Medio—, focos crecentes de inestabilidade no Sahel, coa maior concentración de atentados terroristas do mundo, así como con Nixeria e Alxeria, dous dos nosos principais fornecedores enerxéticos.

Os acontecementos que teñen lugar nesta contorna estratéxica repercuten directamente na estabilidade e seguridade de España e no benestar da poboación española. Esta inestabilidade poderíase intensificar durante o período que abrangue esta Estrategia, con efectos directos para España e para o resto de Europa. Dada a nosa condición de fronteira exterior da Unión, España está máis exposta que boa parte dos nosos socios a estes desafíos.

As tendencias actuais obrigan a España a despregar unha intensa acción exterior con carácter xeral, en particular na nosa contorna estratéxica, reforzando as súas ferramentas de actuación, investindo nas súas relacións bilaterais e promovendo a estabilidade e a defensa da legalidade internacional.

Proxección global de España

España, grazas á súa historia e á súa tradición diplomática, á súa apertura ao mundo e ao seu compromiso multilateral, goza dunha proxección de alcance global. A nosa situación xeográfica e identidade xeopolítica multifacética —europea e atlántica, iberoamericana e mediterránea— outórganos unha posición única para conectar con distintas percepcións da realidade internacional. Para España, desenvolver esta capacidade para ter en conta intereses diversos e comprender as percepcións existentes noutras rexións do mundo non é soamente unha

cuestión de convivencia, senón un sinal distintivo e unha necesidade estratéxica.

Esta proxección global permítenos fortalecer a nosa rede de relacións bilaterais, o que constitúe, alén dunha fonte de oportunidades políticas e económicas, un elemento clave para a seguridade de España. En primeiro lugar, os vencellos fraternais que nos unen con América Latina representan un grande activo para a nosa acción exterior, tanto de modo bilateral como a través do reforzo de relacións entre a Unión Europea e a rexión. A isto súmaselle a nosa capacidade de interlocución e diálogo no Mediterráneo, como evidencia a nosa acción nos planos bilateral, europeo e tamén no seo da Unión polo Mediterráneo, así como os estreitos lazos que mantemos con diversos países africanos e asiáticos.

Estes factores tamén fan que España teña unha vocación de actor comprometido co multilateralismo e o dereito internacional, máis necesarios ca nunca para afrontar desafíos colectivos como a emerxencia climática ou a posibilidade de novas pandemias.

España consolidouse nos últimos anos como un dos motores económicos da Eurozona, crescendo substancialmente por riba da media europea, reforzando o noso atractivo como destino de investimentos e liderando a creación de emprego, o que potencia a nosa proxección exterior.

España dispón de fortalezas que lle confiren un peso e influencia significativos no escenario internacional. Exercer esta influencia non é unicamente unha cuestión de interese ou prestixio, senón tamén un imperativo de seguridade nacional, posto que a seguridade e a prosperidade dos españois dependen de decisións que se configuran alén das nosas fronteiras. Dende a lexislación europea, que regula gran parte da vida cotiá, ata as normas internacionais que rexan a economía, a resposta ao cambio climático ou o impacto dos conflitos internacionais, todos estes factores inciden directamente sobre o noso futuro. Por iso, España busca adaptarse ao novo contexto internacional a través de tres principios transversais de actuación: unha Europa reforzada, unha España comprometida e unha España que constrúe paz e seguridade.

UN MUNDO EN TRANSICIÓN: TRES DESPREZAMENTOS DA ORDE INTERNACIONAL

Desprezamento I: Dun mundo con regras cara a outro no que priman lóxicas de poder

O enfraquecemento do multilateralismo evidénciase na erosión das normas e no auxe da diplomacia transaccional, do uso da forza e da impunidade. Na última década estamos sendo testemuñas da degradación dos principios básicos de convivencia internacional recollidos na Carta das Nacións Unidas, proceso que culminou na agresión rusa contra Ucraína, que, pola súa vez, serviu de catalizador dunha maior desestabilización internacional.

Esta tendencia maniféstase nunha fenda entre a necesidade de abordar os crecentes retos globais e a minguante capacidade de xestión por parte da comunidade internacional, lastrada pola parálise do Consello de Seguridade das Nacións Unidas e da Organización Mundial do Comercio. Esta crise prodúcese nun marco de crecente competición estratéxica entre grandes potencias, que se estendeu practicamente a todos os ámbitos das relacións internacionais, dende o plano político, militar e de seguridade ata o comercial e tecnolóxico. Esta competición transversal abriu baleiros que actores rexionais buscan encher con posicións cada vez máis asertivas.

Esta transformación das relacións internacionais dá pulo a modelos de relación máis flexibles e pragmáticos. Obsérvase un auxe da diplomacia transaccional, onde as aliñacións selectivas desprazan estruturas formais e alianzas ancoradas en valores compartidos.

Desprezamento II: Da eficiencia económica da globalización á busca da resiliencia

A economía internacional transfórmase, priorizando a resiliencia e a mitigación de riscos sobre a mera eficiencia. Este segundo desprezamento maniféstase na transición dende a lóxica de maximización de beneficios cara a estratexias orientadas á seguridade económica. A competición estratéxica xoga nunha economía internacional moi interconectada, o que multiplica as oportunidades de instrumentalización de dependencias. A pandemia de COVID-19 e a invasión de Ucraína, xunto cun proteccionismo en aumento, demostraron como a instrumentalización das dependencias pode provocar disrupcións nas cadeas de subministración. As sancións, as barreiras comerciais, as estratexias de coerción económica e as prácticas de competencia desleal están en claro auxe. Exemplo disto é que, segundo o Fondo Monetario Internacional, no 2023 impuxéronse unhas 3000 novas restricións comerciais, case o triplo que no 2019.

As estratexias de diversificación oríéntanse a reducir vulnerabilidades nun contexto de fragmentación. Ante a necesidade de mitigar riscos, os Estados e as empresas buscan reducir vulnerabilidades e dependencias impulsando estratexias de diversificación baseadas na relocalización de cadeas de subministración e na restrición da exportación de materiais e compoñentes críticos; unha tendencia que se estende aos fluxos de investimento. Segundo o Fondo Monetario Internacional, os custos asociados a esta fragmentación poderían alcanzar ata o 7 % do PIB global, ao que se lle suma unha perda da difusión tecnolóxica e do coñecemento e unha redución da converxencia da renda impulsada polo comercio.

A transición ecolóxica e a transformación dixital xeran novos campos de competencia xoeconómica. Ambas as transicións abriron espazos de competición en áreas como materias críticas, semicondutores e tecnoloxía verde. Pola súa vez, a crise climática demanda novos modelos de crecemento e maiores necesidades de financiamento en prevención e adaptación, sobre todo nos países en desenvolvemento, principais afectados polas repercusións do cambio climático. A carreira tecnolóxica, pola súa banda, configúrase como un dos principais vectores de competición estratéxica, co risco de derivar en réximes regulatorios diverxentes e na creación de barreiras no acceso a certas tecnoloxías, afectando negativamente á innovación e á interconectividade.

Desprazamento III: Da confianza no progreso á incerteza

As sociedades desenvolvidas transitaron dende un optimismo xeneralizado á desconfianza no futuro. As razóns son múltiples, mais incardinanse en expectativas non cumpridas: peor desempeño económico do esperado, maior desigualdade, perda de influencia ou cambio de valores.

Durante as últimas décadas, a globalización e a revolución dixital transformaron radicalmente o noso mundo. O auxe dos intercambios comerciais e a internacionalización das cadeas de valor, impulsados pola división do traballo e a especialización, así como a revolución dixital e unha maior estabilidade xeopolítica propiciaron un crecemento global acelerado. Ademais da drástica redución da pobreza extrema, produciuse unha notable diminución da mortalidade infantil e materna, melloras no acceso á auga potable e saneamento e avances na loita contra a desnutrición. A porcentaxe de persoas alfabetizadas duplicouse, a dispoñibilidade de electricidade expandiuse e a conectividade dixital globalizouse. Así mesmo, a esperanza de vida global aumentou en máis de 20 anos. Tamén cambiou a realidade política, cun aumento da proporción da poboación mundial que vivía en democracias do 25 % en 1950 a arredor do 60 % a principios do século XXI. Ao mesmo tempo, os crimes violentos e a virulencia dos conflitos reducíronse moi substancialmente.

No entanto, xunta estes logros xurdiron desequilibrios económicos e sociais que revelaron debilidades no noso modelo de crecemento. A combinación da desregulación do sector financeiro e incentivos incorrectamente aliñados na Eurozona culminaron na maior crise financeira en case un século, evidenciando a vulnerabilidade dos nosos sistemas económicos. Paralelamente, en materia de desigualdade, o espectacular ascenso das clases medias nos países emerxentes contrastaba cos tímidos avances da clase media e traballadora nos países avanzados, incapaces de compensar aos perdedores da globalización. Este contraste agudízase coa concentración do dinamismo económico en grandes urbes, deixando atrás zonas rurais cada vez máis envellecidas e con oportunidades minguentes. Como consecuencia de todo isto, debilitouse a confianza, especialmente nas economías desenvolvidas, en que as próximas xeracións acaden un maior benestar que as súas predecesoras.

Tras a pandemia de COVID-19, persiste a incógnita de se a tendencia cara a un maior progreso global se manterá ou se verá interrompida. Por unha banda, hai sinais alentadores, como a prolongación da esperanza de vida, a proliferación de vacinas innovadoras, a expansión das enerxías renovables, algúns avances en igualdade de xénero ou un posible incremento da produtividade da man da intelixencia artificial. Porén, tamén hai indicios de signo oposto, coma a repunta da pobreza en certos países, o sobreendebedamento de moitas economías e o rápido envellecemento poboacional nalgúns rexións, que se suman a fenómenos como a crecente polarización política e social, a erosión da confianza nas institucións democráticas e a acelerada degradación ambiental causada polo cambio climático. Neste contexto, a necesidade de respostas coordinadas e consensuadas a nivel internacional faise cada vez máis evidente para encarar un futuro complexo e inzado de incertezas. Porén, artellar esta cooperación internacional é cada vez máis difícil.

Destaca unha visión máis sombría arredor do impacto do desenvolvemento tecnolóxico e os seus modelos de gobernanza. As novas formas de comunicación e interacción social —en particular, o auxe das redes sociais, que favorecen mensaxes simples e emocionais— fomentan estratexias políticas que alimentan a polarización e a desconfianza cidadá nas institucións.

Esta crecente polarización política e social ameaza a estabilidade democrática nun contexto de desintegración dos consensos. Asistimos a unha contracción no número e a calidade das democracias, proceso que se alonga xa case dúas décadas. Segundo o Instituto V-Dem, o nivel de democracia que goza hoxe a persoa media no mundo descendeu a niveis de 1985. Así, unha de cada tres persoas do planeta vive nun país onde se están a recortar liberdades democráticas, en contraposición a menos de 1 de cada 10 a principios de século. Asemade, produciuse un ascenso de forzas ultranacionalistas e identitarias que axitan a opinión pública en asuntos climáticos e migratorios. Neste ámbito, o externo e o interno atópanse entrelazados. A estabilidade das nosas democracias convértese nun terreo máis de competición xeopolítica, exposto a estratexias de desestabilización e mesmo de inxerencia externa.

A. UNHA EUROPA REFORZADA

Consolidar a autonomía europea

O proxecto europeo é sólido. A UE conta con moitas fontes de poder: é un dos primeiros emisores e receptores de investimento estranxeiro directo do mundo; o primeiro socio comercial para cerca da metade dos países do planeta; conta cun estado de benestar amplamente desenvolvido e a poboación máis cualificada; encabeza as clasificacións de sostibilidade ambiental; as nosas empresas lideran sectores moi relevantes, e ten a segunda moeda máis importante. Pero exerce ese poder de forma fragmentada. Esta realidade, con frecuencia subestimada, preséntase como o punto de partida para construír unha Unión máis ambiciosa, preparada para a crecente competencia global e con vontade de exercer liderado.

Así e todo, a integración europea, e o que esta representa, enfróntase a importantes desafíos xerados polos cambios acelerados no plano xeopolítico. O declive relativo dos fundamentos demográficos e económicos do poder dos países europeos, co seu reflexo no ámbito das capacidades de seguridade e defensa, significa que só a cooperación a nivel europeo pode complementar os recursos nacionais, permitindo que a Unión e os seus Estados membros influan de maneira decisiva sobre as cuestións mundiais especialmente relevantes para o seu propio futuro político e económico.

Os europeos non nos podemos permitir a resignación. Europa inclúe algúns dos Estados máis prósperos do mundo e conta con capacidades políticas, económicas e en materia de defensa para responder con garantías ás novas tendencias mundiais, á vez que defende un modelo baseado no pluralismo democrático, o respecto aos dereitos humanos e a economía social de mercado. A isto hailles que sumar todas as posibilidades de acción conxunta que presentan as institucións comúns.

A gran maioría de españois asumimos a nosa pertenza á Unión Europea como parte consubstancial

á nosa propia identidade nacional. A UE constitúe o marco natural no que España articula artella moitas das súas aspiracións, define as súas posicións e acadará logros que, doutra maneira, serían inalcanzables e anatinxibles dende unha óptica puramente estatal.

Tamén o entende así a maioría dos cidadáns europeos. Segundo o Eurobarómetro de inverno do 2025, o apoio á Unión Europea acadou o seu nivel máis alto dende 1983, cun 74 % de cidadáns que consideran beneficiosa a súa pertenza á Unión. A imaxe da UE mellorou para o 50 % da cidadanía europea, e un 66 % ve o seu papel protector ante crise cada vez máis importante. A unidade é clave para responder aos desafíos globais, cun 89 % apoiándoa. A seguridade é a principal prioridade (36 %), seguida da competitividade económica (32 %). A razón principal para valorar a UE mudou: agora salientábase a paz e a seguridade (35 %), por riba da cooperación entre países (34 %). A paz segue a ser un valor fundamental (45 %), xunto coa democracia (32 %) e os dereitos humanos (22 %).

Polo tanto, fortalecer a estabilidade, resiliencia e eficacia da UE eríxese como unha das prioridades centrais da nosa acción exterior nos vindeiros anos. Para que os europeos poidamos influir decisivamente nas tendencias globais que nos atinxen, os medios dos que dispoñemos individualmente, aínda que importantes, son insuficientes. Por iso, a primeira prioridade de España ante os tres desprazamentos descritos pasa por apoiar un necesario reforzo das capacidades de actuación a nivel europeo, unido a un uso máis coordinado e eficaz deses recursos.

Hoxe, o reto consiste en consolidar, política e institucionalmente, a transformación europea que tivo lugar nos últimos cinco anos cara a unha maior vocación estratéxica. España ten un grande interese en impulsar este proceso,

xa que se trata do espazo no que defendemos e impulsamos algúns dos nosos intereses máis básicos e potenciamos a nosa presenza internacional.

Un salto cualitativo nas políticas comúns e o seu financiamento

Hoxe é necesaria unha transformación estrutural das institucións e políticas europeas. A Unión Europea demostrou saber reaccionar con rapidez e eficacia ante situacións de crises, como a pandemia ou a guerra contra Ucraína. Mais o mero feito de que dúas crises desa magnitude se producisen nun período de tempo relativamente curto ilustra a rápida evolución cara a unha maior inestabilidade no mundo. Cómpre pasar da resposta conxuntural á estrutural. As nosas institucións comúns non se adaptaron abondo á realidade xeopolítica actual. Existe unha desconexión evidente entre a potencial rapidez coa que o máximo órgano de decisión política, o Consello Europeo, pode chegar a adoptar decisións de profundo calado e unhas institucións dotadas de recursos escasos para responder a eses desafíos no día a día. O novo marco internacional esixe cambios estruturais.

O orzamento é o elemento fundamental de calquera política. O Marco Financeiro Plurianual leva moitos anos estancado arredor do 1 % da Renda Nacional Bruta (RNB) europea. Chegou o momento de pensar nun incremento substancial do mesmo. Fronte á eventual multiplicación de riscos que suxiren as tendencias xeopolíticas descritas e a necesidade de financiar conxuntamente bens públicos europeos —seguridade, transición ecolóxica, transformación tecnolóxica, infraestruturas críticas, entre outros—, a UE debe blindar a súa capacidade de acción. O orzamento da Unión é a ferramenta axeitada para adoptar respostas europeas á altura da dimensión dos retos actuais e actuar de xeito urxente, unido e eficaz ante posibles crises.

España defende empezar por dobrar os recursos europeos no vindeiro Marco Financeiro Plurianual. A vontade de aumentar substancialmente as capacidades comúns a un 2 % da RNB e reforzar a súa capacidade de acción con novos recursos propios e a emisión de débeda conxunta para financiar os bens públicos europeos constituirá unha das pedras de toque da adaptación estratéxica. Só con ambición orzamentaria será posible afrontar os novos retos estratéxicos —en especial en materia de competitividade, incluída

a tripla transición ecolóxica, dixital e social, e de seguridade e defensa— sen sacrificar as políticas que lle deron sentido á Unión, como a agrícola e pesqueira ou de cohesión. Un orzamento amplo é a garantía para poder prover fornecer bens públicos europeos.

O principio de unanimidade, que en moitos eidos garantiu a unidade e solidariedade entre os 27 Estados membros, pode ser tamén obxecto de abuso ou mesmo de instrumentalización, reducindo a capacidade de acción da Unión Europea na toma de decisións. Non podemos esquecer que a unanimidade lles pode permitir a terceiros actores, a través da presión aplicada sobre un único Estado membro, retardar ou mesmo bloquear o funcionamento da maquinaria comunitaria. Noutras palabras, é un risco estratéxico para Europa.

Debemos seguir avanzando na adopción de decisións por maioría cualificada a través das cláusulas pasarela. A axilización do proceso de toma de decisións estendendo a maioría cualificada a ámbitos como a fiscalidade, a política exterior ou, con carácter crítico, á Política Común de Seguridade e Defensa, é esencial para evitar que un ou varios Estados membros poidan paralizar a acción da UE no seu conxunto.

A falta de avances nesta reforma, adiada en exceso, non pode ter como consecuencia que a ambición europea se limite ao mínimo común denominador. España defende a posibilidade de que teñan cabida, dentro do marco comunitario, políticas de xeometría flexible que estean abertas a todos os Estados membros, pero que se poidan poñer en marcha —a través de mecanismos institucionais existentes ou a través de mecanismos *ad hoc*— entre aqueles Estados membros que desexen esa cooperación reforzada sen necesidade dun consenso a 27. Precisamente a través desta última vía adoptáronse algúns dos avances históricos do proceso de integración, como o euro ou a libre circulación de persoas dentro do espazo Schengen.


España apoia o proceso de ampliación da UE a novos Estados membros, tal e como se puxo de manifesto coa apertura de negociacións de adhesión con Ucraína e Moldavia durante a Presidencia española do Consello da Unión Europea no 2023. Este compromiso coa ampliación non supón unha rebaixa na esixencia dos criterios de adhesión, que son precisamente a garantía dunha ampliación exitosa que sirva para reforzar a Unión Europea.

UE, EUA e China en datos


FORTALEZAS

● UE ● EUA ● China

Produto Interior Bruto, prezos correntes. Dólares (miles de millóns)



Porcentaxe da economía mundial. (PIB / PIB global nominal)




Renda nacional neta axustada per cápita, prezos correntes. Dólares



Comercio como porcentaxe do PIB.




Entradas de Investimento estranxeiro directo (stock IED). % do total mundial



Saídas de IED (stock). % do total mundial




PIB por hora traballada. Dólares (PPA, PIB constante 2021)



Índice de Gini. 0-100



Índice de Capital Humano. 0-1



Emisións de CO₂ (excluíndo uso da terra, cambio de uso da terra e silvicultura, LULUCF) per cápita. t CO₂e/cápita



Energía renovable na capacidade eléctrica. %



UE, EUA e China en datos

DESAFÍOS

Poboación. % do total mundial



Crecemento do PIB entre 2002 e 2023. %



Gasto interior bruto en I+D. % PIB



Índice de Rendemento Loxístico. 1-5



Taxa de dependencia. %



A ampliación require un compromiso paralelo: as institucións europeas e os Estados membros deben prepararse para operar cun maior número de membros, o que, pola súa vez, esixe reformas das políticas europeas, do orzamento e, en última instancia, das propias institucións. Velaquí a esencia da Declaración de Granada, aprobada baixo a Presidencia española.

Protexer Europa e reforzar a súa disuasión

A Unión Europea e os seus Estados membros deben adoptar un papel moito maior na garantía da súa seguridade. A degradación da seguridade en Europa e na súa contorna estratéxica, unida ao cambio de prioridades estadounidense, obrigan a seguridade europea a entrar nunha nova fase. O primeiro paso, tan urxente como evidente, é reforzar as nosas capacidades de disuasión e defensa, concibidas como un pilar europeo cada vez máis forte dentro da Organización do Tratado do Atlántico Norte (OTAN).

O reforzo da nosa autonomía na área de seguridade e defensa esixe un salto cualitativo en ambición, capacidades e recursos, cun enfoque xenuinamente europeo. Europa pospuxo demasiadas veces na súa historia o obxectivo da defensa común. Como España lembrou, é o momento de que o Consello poida formular por fin a decisión de pasar progresivamente da Política Común de Seguridade e Defensa (PCSD) a unha verdadeira defensa común. A procura do

consenso seguirá a ser o principio orientador da nosa política europea, mais o novo contexto internacional impón a necesidade de seguirmos avanzando neste ámbito alí onde o consenso a 27 se vexa sistematicamente bloqueado.

A autonomía europea tense que basear necesariamente nun concepto integral de seguridade. Debe incorporar os dominios da defensa tradicional e tamén incluír aspectos que van dende a loita contra o terrorismo, as ameazas híbridas e a coerción ata a seguridade económica, pasando pola protección civil e a capacidade de resposta e recuperación ante catástrofes, máis comúns hoxe pola emerxencia climática.

España manterá o compromiso coa aplicación efectiva das liñas de acción do Compás Estratéxico da UE (actuar, protexer, investir e cooperar). Polo seu carácter global e polo seu concepto integral da seguridade, é a base necesaria para que o Paquete de Defensa conduza a unha verdadeira Unión Europea da Defensa. Ademais, Europa non pode desleixar o seu necesario papel como provedor de seguridade, que tamén se projecta sobre a nosa veciñanza e a escala global e que ten que gañar en ambición e capacidade.

España seguirá contribuíndo de forma significativa ás misións da UE, en especial na nosa contorna estratéxica, que inclúe o Mediterráneo, o Sahel e o Golfo de Guinea, mais tamén no Corno de África e o Océano Índico. A experiencia adquirida ao longo dunha extensa e longa participación

en actividades de seguridade cooperativa e en misións e operacións da PCSD, unida ás boas relacións consolidadas cos países da rexión, proporcionannos un alto valor engadido á hora de colaborar en materia de seguridade e defensa cos países que nolo soliciten.

Este reforzo de capacidades tamén se debe reflectir na planificación e desenvolvemento de capacidades europeas de mando e control; por exemplo, a fin de reforzar a Capacidade de Reacción Rápida da UE. Para isto cómpre incrementar o número de efectivos desta forza, pero tamén asumir máis tipos de misións e escenarios. A Capacidade Militar de Planificación e Execución debe dotarse no seo do Estado Maior da UE dun significativo incremento de persoal e de verdadeiras capacidades de mando e control. Ademais, a curto e medio prazo, Europa debe dotarse dos capacitadores estratéxicos necesarios para a completa mobilización e mantemento das súas misións, e que idealmente repousen en medios europeos.

É crucial desenvolver a base tecnolóxica e industrial da defensa europea, reducindo a fragmentación actual para xerar economías de escala, mellorar a resiliencia e aumentar a escalabilidade. Polo lado da demanda, é fundamental desenvolver un mecanismo específico a escala da UE para xeneralizar o recurso ás adquisicións conxuntas de material de defensa. Ao mesmo tempo, no lado da oferta debe garantirse unha distribución equilibrada da carga de traballo entre as distintas rexións. A equidade rexional é un requisito indispensable para garantir tamén a sustentabilidade do esforzo a nivel europeo e nacional.

O modelo de consorcios industriais multinacionais debe replicarse para o desenvolvemento de plataformas europeas comúns, tanto no ámbito da defensa coma no doutros de dobre uso aplicados ao sector da defensa, especialmente semicondutores, microelectrónica ou computación cuántica. Isto debe reflectirse nun mecanismo que se pode basear en criterios como a vantaxe comparativa ou no esforzo relativo. As pemes forman parte esencial deste empeño; España seguirá velando por que se lles dote de instrumentos de orientación e de financiamento axeitados tamén a escala europea.

A preferencia europea é un principio indispensable no só para garantir a autonomía e credibilidade europeas, senón para asegurar a sostibilidade do esforzo orzamentario, xa que os beneficios da produción deben recaer maioritariamente nos cidadáns europeos, que corren cos seus custos. Pero esta preferencia cómpre aplicala de xeito gradual e flexible, sen que vaia en detrimento da rapidez

no reforzo de capacidades, da interoperabilidade e das eventuais respostas ante situacións de crises.

Ademais do desenvolvemento harmónico da oferta e da demanda, se se quere verdadeiramente avanzar cara a un Mercado Único para a Defensa, será necesario atender a outros aspectos de gobernanza e institucionais. Entre eles, débese mellorar a coordinación intraeuropea na esfera do control de exportacións e investimentos, así como mellorar o réxime de axudas públicas ao sector. España tamén velará por que se teñan en conta outros aspectos cruciais para a autonomía, como a resiliencia e a integración das redes civís de enerxía, o desenvolvemento dos centros de transporte terrestre e ferroviario ou a integración de equipos de ciberseguridade civís e militares a escala europea.

A seguridade europea debe concibirse como un ben público europeo e considerarse en conxunción con outros bens públicos europeos. Isto significa tamén que o seu financiamento debe facerse con recursos europeos, ademais dos nacionais, mediante unha verdadeira mutualización do esforzo. Esta foi a clave de moitos proxectos exitosos da construción europea. Nun momento en que a UE se enfronta a un dos contextos internacionais máis complexos da súa historia, o aumento dos recursos nacionais debe ir acompañado de recursos europeos adicionais; é unha cuestión imprescindible, tanto para a suficiencia do esforzo como para a súa sostibilidade política e social.

España potenciará tamén a Cooperación Estruturada Permanente (PESCO) como ferramenta para obter capacidades de maneira colaborativa e desenvolver proxectos de maior entidade que resulten realmente tractores da Defensa europea.

España propuxo a creación dun Compromiso Europeo de Investimento en Seguridade, que complementa no seo da UE os compromisos asumidos no marco da OTAN. A mobilización de recursos europeos e a mutualización do esforzo son esenciais tamén para a sostibilidade política e social deste exercicio. Durante o presente Marco Financeiro Plurianual e o seguinte, a Unión Europea debe dar un salto cualitativo. A flexibilidade nos orzamentos nacionais e no comunitario, xunto cos préstamos, deben acompañarse tamén de transferencias, sempre vencelladas a unha visión integral e estratéxica do desenvolvemento acompañado das capacidades europeas.

España seguirá impulsando o Regulamento do Programa Europeo da Industria de Defensa (EDIP) polas súas siglas en inglés) como unha peza central para o desenvolvemento integral de novas capacidades

europas, para o cal deberá adoptarse rapidamente, dotarse de recursos abondos e proxectarse con visión de futuro, de maneira harmónica cos demais elementos do Paquete de Defensa da UE.

Manter a cohesión das nosas sociedades

O modelo social europeo é unha peza esencial da cohesión comunitaria. No actual contexto internacional, as políticas sociais e inclusivas son un imperativo político e de equidade, así como de estabilidade. Estas políticas son un factor fundamental para manter a cohesión das nosas sociedades nun momento en que actores extremistas e externos pretenden instrumentalizar as divisións internas.

O reforzo do Piar Europeo de Dereitos Sociais e a Axenda Social Europea busca mellorar a vida da cidadanía e responder a transformacións sociais que afectan especialmente a colectivos, como as persoas en risco de exclusión, as persoas con discapacidade, os consumidores e as persoas sen fogar. Daquela, é clave que conte cun financiamento adecuado que lle permita acadar os seus fins, en particular a través do Fondo Social Europeo Plus. A clara tendencia cara a un envellecemento acelerado en Europa e máis desigualdade interxeracional debe ser afrontada a través de diversas ferramentas como o apoio aos coidados e a loita contra a pobreza infantil. Nese senso, é imprescindible potenciar ferramentas como a Plataforma Europea para Combater o *Senfogarismo*, a Tarxeta Europea de Discapacidade e a Estratexia Europea de Coidados, así como as propostas de reforzar o Diálogo Social. Nesta liña, España deu pasos pioneiros en materia de políticas públicas de apoio ás familias, destacando a defensa do dereito á diversidade familiar como un dereito humano.

En materia de protección dos consumidores, España será un actor activo a nivel europeo e noutras instancias internacionais, como o Foro Mundial sobre Políticas de Consumidores da OCDE, do que España é impulsora xunto con Noruega, Luxemburgo e oO Xapón. Polo que respecta ás persoas con discapacidade, háselles cómpre dar pulso aos mandatos da Convención sobre os Dereitos das Persoas con Discapacidade, en particular a través das accións previstas na Estratexia Española sobre Discapacidade 2022-2030.

Nun contexto marcado pola dixitalización e a irrupción da intelixencia artificial, España apoia a adopción dunha regulación que garanta os dereitos dos traballadores ante o uso de algoritmos e a IA e fomenta unha transición dixital xusta. Do mesmo modoxeito, considéranse prioritarias a loita contra a fraude e o traballo non declarado e

a protección da seguridade e a saúde no traballo, con especial atención á relación entre a saúde mental e a precariedade laboral. Neste senso, España seguirá apoiando a Autoridade Laboral Europea para evitar a erosión das normas laborais.

Xuntando estes esforzos, o propósito común é consolidar unha UE que non só sexa competitiva, senón tamén inclusiva; unha UE que non recúe nos logros sociais conseguidos. Nese sentido, a política de cohesión, xunto coas políticas agrícola e pesqueira, contribúen a fixar as comunidades costeiras e rurais máis afectadas polo reto demográfico no tecido socioeconómico europeo e promoven a sostibilidade medioambiental, asegurando a vitalidade de sectores clave para a nosa soberanía alimentaria e o desenvolvemento rural.

Impulsaremos o recoñecemento das nosas linguas como linguas oficiais da UE. Desta maneira, responderemos a un elemento esencial da identidade nacional española, que é plurilingüe —segundo recollen a Constitución e os Estatutos de Autonomía—, e que está protexida tamén nos tratados da UE, que definen o plurilingüismo como valor que é preciso defender.

Unha acción exterior europea máis eficaz

España intensificará os seus esforzos para contribuír a despregar, dinamizar e facer máis efectiva a acción exterior da Unión Europea. Seguiremos achegando ideas substantivas e propostas concretas para adaptar a acción exterior da UE ao novo contexto internacional, en particular no diálogo político cos nosos socios globais. Apoiaremos o Servizo Europeo de Acción Exterior (SEAE) e a Comisión Europea neste labor.

É indispensable unha maior coordinación operativa da acción bilateral dos Estados membros, en particular na nosa contorna estratéxica. É unha necesidade urxente. A Unión e os seus Estados membros constitúen o primeiro doador de axuda ao desenvolvemento de numerosos países en todo o mundo. Con todo, en moitas ocasións, o noso esforzo e compromiso non se traducen en resultados tanxibles respecto á toma en consideración dos nosos intereses por parte dos nosos socios e as súas sociedades, especialmente se se ten en conta o resultado que logran outros actores con recursos máis modestos. Esta capacidade de xerar impacto está nas nosas mans, e é a nosa responsabilidade fortalecela.

É necesario adaptar a oferta europea ás necesidades políticas e económicas dos nosos socios. Isto

esixe mellorar a escoita na interlocución bilateral e a flexibilidade dos nosos mecanismos internos de resposta a esas necesidades. Tamén é precisa unha maior priorización dos obxectivos da nosa acción exterior. A proliferación de escenarios de crises e o carácter limitado dos recursos á disposición dos Estados europeos aconsellan fixar obxectivos concretos e realistas. A necesidade de realismo esténdese ás propostas orientadas aos nosos socios. Xa non hai lugar para compromisos de investimento ou contribucións ambiciosas que non se cumpren. A acción europea debe aumentar a súa credibilidade formulando propostas específicas que se cumpran con celeridade e que vaian acompañadas dun verdadeiro diálogo político en pé de igualdade cos nosos socios.

O despregamento da PCSD da UE estase volvendo máis amplo e significativo. A UE debe consolidar gradualmente o seu papel como provedor de seguridade en rexións de interese, incluíndo a asistencia en múltiples áreas. A UE necesita actuar como un socio fiable. Calquera retirada de proxectos ou misións debe ser progresiva e acompañada das ferramentas de comunicación axeitadas, tanto coas autoridades dos países socios como coa súa poboación.

Ante todo, debemos mellorar substancialmente a coordinación entre europeos e con outros países cos que compartimos intereses. O enfoque Team Europe resultou positivo, mais subsisten barreiras administrativas e inercias que dificultan a coordinación e que a miúdo se traducen en dinámicas de competición intraeuropea, facilitando a aparición de espazos que, lexitimamente, buscan ocupar outros actores. Esta é unha das causas principais polas que os abundantes recursos empregados pola UE e os seus Estados membros ao longo das últimas décadas non sempre acadaron os resultados esperados, especialmente na nosa contorna estratéxica.

A nivel europeo, España promoverá o tratamento individualizado, sistemático e regular daqueles partenariados da UE que revisten maior importancia estratéxica para Europa no seo do Comité Político e de Seguridade da UE (COPS) e nas reunións de directores políticos. Esta práctica será realizada de maneira sistemática e individualizada para os países da contorna estratéxica da Unión, propiciando unha visión global e unha acción coordinada da Unión na nosa veciñanza.

Cómpre adaptarmos a maneira na que nos relacionamos cos nosos socios. A agresión rusa contra Ucraína é a violación máis evidente do

sistema internacional en décadas e, aínda así, foi difícil para a Unión Europea facer chegar esta mensaxe aos nosos socios globais.

Os socios de Europa non deben ser tratados como unha audiencia que mobilizar, senón que se deben considerar como unha parte integral dun renovado impulso polo multilateralismo, o dereito internacional e os principios universais da Carta de Nacións Unidas. É necesario partir da asunción da realidade: o mundo mudou. No que vai de século, o peso das economías avanzadas sobre o PIB global reduciuse do 57 % a cerca do 40 %, namentres que o seu peso demográfico diminuíu do 20 % ao 16 % da poboación mundial. Debemos ter en conta que moitos dos nosos socios globais teñen necesidades e prioridades inmediatas diferentes. Todos os países afrontan ameazas e preocupacións, ás veces existenciais, ás que cómpre prestarlles atención. Débense abordar cuestións como a seguridade alimentaria, a arquitectura financeira internacional, a saúde global e a cooperación en seguridade, comprometéndonos nos nosos diálogos e contactos políticos.

A defensa do multilateralismo e o dereito internacional constitúe un interese común que esixe coherencia e exemplaridade por parte da UE. Un enfoque con elementos transaccionais é perfectamente compatible con subliñar a universalidade do multilateralismo e o dereito internacional, incluídos os principios da Carta de Nacións Unidas e a existencia dun interese común en preservalo. Para ser crible, é fundamental que a UE predique co exemplo: só se nos dará creto se demostramos coherencia.

Trátase de pasar dun achegamento ocasional a un compromiso sistemático. A China ou Rusia logran manter con regularidade diálogos políticos con socios globais, a escala subrexional ou mesmo continental, por exemplo, con África ou América Latina, en canto que a UE soamente o fai de maneira esporádica. A título de ilustración, a UE tardou oito anos en organizar un Cumio UE-Comunidade de Estados Latinoamericanos e Caribeños (CELAC) ata que España tomou a iniciativa durante a súa presidencia do Consello da UE no 2023. De maneira semellante, non se celebrou un Cumio UE-Liga Árabe dende o primeiro no 2019, e as reunións UE-África tampouco manteñen a cadencia necesaria. España traballará para que a UE manteña os seus diálogos políticos de alto nivel con maior regularidade, ambición e nivel de representación.

CONVERXENCIA ESTRATÉGICA EUROPEA

Europa está rodeada por un arco de inestabilidade que se estende dende a súa fronteira leste ata o Sahel, cunha serie abano de retos profundamente interconectados. A proliferación de conflitos, a expansión do terrorismo e o crime organizado, así como a fragilidade institucional de boa parte da nosa veciñanza debuxan un horizonte preocupante. Neste contexto, contar con veciños estables constitúe un interese fundamental para Europa. Dos 18 países que flanquean a Unión, 16 sofren a presenza de grupos terroristas activos, 5 están en guerra, 6 padecen golpes ou intentos de golpes de estado e 9 viraron cara a formas autocráticas de goberno. Para outros actores, estes espazos representan escenarios interconectados onde poden levar a cabo accións para aumentar a súa influencia ou mesmo para erosionar a cohesión e unidade europeas.

A diversidade de prioridades e percepcións de risco dos Estados europeos é un factor de fragilidade, que é instrumentalizado por actores externos. Xa que logo, a converxencia europea na percepción de ameazas resulta esencial para asumir unha maior responsabilidade na nosa seguridade.

Con esta perspectiva, España abordou con determinación as ameazas que afectan aos nosos socios europeos do Leste, demostrando un firme compromiso a través da mobilización de medios e efectivos en Estonia, Letonia, Lituania, Eslovaquia, Romanía e Turquía, no mar Báltico ou no Mediterráneo Oriental, apoiando a adhesión de Suecia e Finlandia á OTAN, así como no apoio integral a Ucraína.

Coherentemente, España busca impulsar unha maior implicación dos nosos socios no Sur. Ese compromiso coa seguridade europea, mesmo nas zonas da Unión máis afastadas xeograficamente, permite a España defender lexítimamente a necesidade de ampliación do foco sobre a seguridade europea cara á nosa contorna estratéxica, ancorando as necesidades en materia de seguridade no flanco Sur dentro do debate europeo.

A converxencia estratéxica europea é un proceso a longo prazo. O noso obxectivo é garantir a preparación da Unión ante posibles crises que poidan xurdir en ambas as fronteiras e que, directa ou indirectamente, atinxen a todos os Estados membros. Igualmente, España busca un maior foco da OTAN no flanco Sur, seguindo unha aproximación de 360 graos, de acordo co Concepto Estratéxico adoptado no Cumio de Madrid no 2022.

Aumentar a nosa competitividade

A proxección exterior europea a prol da paz e estabilidade internacionais non é posible sen uns fundamentos de poder sólidos, tamén no plano económico. Só cun enfoque común europeo, centrado no crecemento, poderemos afrontar con éxito os retos que presenta a transformación tecnolóxica, a descarbonización e o mantemento do modelo social europeo. En liña coas conclusións do Informe Draghi, a UE debe actuar decididamente para ser máis competitiva: pechando a fenda de innovación respecto de Estados Unidos e a China, investindo moito máis en sectores de futuro; mediante un plan de descarbonización e competitividade coherente coa nosa ambición climática, e incrementando a nosa seguridade económica.

A Unión Europea enfróntase a unha fenda competitiva nas tecnoloxías avanzadas que definirán a economía do futuro. Máis do 80 % do financiamento mundial en intelixencia artificial destínase a empresas estadounidenses ou chinesas, namentres que as europeas reciben menos do 10 %. Esta fenda esténdese ao campo da computación cuántica: as dez empresas principais do sector teñen a súa sede fóra da UE. Un dos principais obstáculos é o financiamento. Dende o 2013, as *startups* estadounidenses recibiron cinco veces máis capital risco que as europeas. Dos 147 “unicornios” (empresas de rápido crecemento valoradas en máis de mil millóns de dólares) xurdidos na UE dende o 2008, aproximadamente un terzo acabou trasladándose ao exterior, principalmente aos Estados Unidos, debido á falta de financiamento para escalar as súas operacións. No ámbito das tecnoloxías limpas, a China domina gran parte da produción mundial: controla arredor do 75 % das baterías de ións de litio e aproximadamente o 80 % dos módulos solares.

Nos últimos anos proliferaron análises pesimistas sobre o futuro económico do continente que subestiman as fortalezas europeas. Pero a Unión Europea, incluíndo a España, conta coas ferramentas axeitadas para recuperar unha posición de liderado: mercado amplo, seguridade xurídica, calidade de vida e atractivo para atraer talento e investimentos estranxeiros produtivos, así como unha gran capacidade manufacturera, sector no que traballan 30 millóns

de europeos. Tampouco se pode esquecer que a mudanzas económicas e tecnolóxicas son tan rápidas que países emerxentes se puxeron á cabeza de sectores tecnolóxicos dinámicos en tan só uns anos, algo do que Europa tamén é capaz.

Os ámbitos de actuación tamén están diagnosticados: uns instrumentos europeos incompletos, falta de investimento, financiamento descoordinado e desconexión tocante ás políticas industriais entre os niveis nacional e europeo. É a mesma falta de coordinación que se detectou na acción exterior ou de seguridade e supón o principal obstáculo para que a UE e os seus Estados membros aproveiten plenamente o peso do Mercado Único. O reto consiste en mobilizar a vontade política europea para pór as políticas enerxética, industrial, comercial e de competencia da UE ao servizo dunha maior competitividade.

A conclusión está clara: a competitividade e o progreso tecnolóxico europeos virán determinados principalmente polas decisións políticas, regulatorias e de investimento que tomen os propios europeos.

Afondar no Mercado Único

O mercado interior, motor de crecemento e grande activo xeoestratéxico da UE, necesita un reforzo decidido. No novo contexto internacional, con regras internacionais menos eficaces, o tamaño dos actores é aínda máis salientable. Nese senso, o Mercado Único é o factor que lle outorga á Unión un maior peso na esfera internacional. Porén, para apuntalar ese rol é necesario completalo con reformas ambiciosas. Segundo o FMI, as barreiras interiores na Unión Europea equivalen a un arancel implícito, no caso dos bens, do 44 % entre Estados membros, e no caso dos servizos, do 110 %. O primeiro paso é reducir as barreiras ao comercio intracomunitario ata eliminalas.

Cómpre estender o Mercado Único á enerxía, ás telecomunicacións, ás finanzas e á industria da defensa permitindo que as empresas europeas gañen escala. Tamén desenvolvendo aquelas vertentes que aínda estean pendentes, en particular a culminación do Mercado Único de Capitais e a creación dunha Unión do Aforro e o Investimento

que permita canalizar boa parte do aforro europeo que sae da UE para que permaneza en Europa e financie investimentos produtivos na Unión.

Simplificar a carga administrativa empresarial sen comprometer obxectivos esenciais. É preciso fomentar unha simplificación dos requirimentos administrativos aos que se enfrontan as empresas, especialmente ás pemes, respectando obxectivos políticos esenciais como a transición ecolóxica ou a protección dos dereitos sociais.

Reformar para crecer máis e estar mellor preparados fronte a futuras crises. É vital culminar a Unión Bancaria con, entre outros, o Sistema Europeo de Garantía de Depósitos e o fortalecemento do mecanismo único de resolución, a homoxeneización dos réximes de insolvencia nacionais, así como unha maior harmonización fiscal para contar cunha xenuína Unión Económica e Monetaria. Ademais, a conxuntura actual pode favorecer o papel do euro como moeda de reserva, o que se debe potenciar a través de diversas iniciativas como o euro dixital e unha ampliación do seu uso internacional en múltiples sectores.

Outro reto pendente que dificulta a competitividade de Europa é reformar a gobernanza, que asegure a axilidade na toma de decisións a nivel da UE. A Unión non pode tardar de media 19 meses en aprobar unha peza lexislativa, especialmente nun contexto de retos tan preocupantes. Por esta razón, España, co apoio doutros Estados membros e das institucións europeas, puxo enriba da mesa o Laboratorio Europeo de Competitividade para probar novas iniciativas de integración nunha contorna controlada de probas. Os primeiros proxectos propostos (un produto paneuropeo de aforro ou un sistema de cualificación crediticia para pemes) terán a capacidade de facer avanzar significativamente a Unión do Mercado de Capitais, contribuíndo a que o aforro dos europeos se invista en empresas europeas.

A garantía regulatoria que ofrece a UE, en termos de previsibilidade e seguridade xurídica, debe ser posta en valor como unha das nosas principais vantaxes comparativas. É o momento adecuado para tirar partido diso, atraendo talento e investimento estranxeiro con valor engadido a través dunha aposta decidida pola ciencia e a mellora das condicións laborais.

Energía e acción climática

Europa debe combinar unha acción climática ambiciosa cos obxectivos de competitividade e

crecemento económico a longo prazo, así como de equidade. A transición ecolóxica e o obxectivo de alcanzar a neutralidade climática no 2050 non son só un compromiso medioambiental, senón que cómpre enfocalos como unha estratexia de crecemento. Nos catro anos vindeiros, España avoga por que a Unión Europea priorice a expansión de enerxías renovables incluíndo o hidróxeno renovable e o almacenamento enerxético; a mellora da eficiencia e o impulso do transporte limpo e a economía circular; un marco regulatorio sólido con apoio social, e investimentos en innovación que lles presten especial atención ás rexións en transición.

Para que a UE lidere a carreira da descarbonización é indispensable incrementar a capacidade das nosas interconexións eléctricas e de hidróxeno renovable, así como desenvolver redes intelixentes e sistemas de almacenamento que permitan aproveitar ao máximo os excedentes de produción enerxética libre de emisións.

A aposta pola eficiencia enerxética e a redución de emisións non son só imperativos para a sustentabilidade do mundo a medio prazo, senón que constitúen auténticos vectores de innovación e xeran vantaxes competitivas. A transformación do modelo enerxético europeo, que debe ser xusta, non só contribúe á loita contra o cambio climático, senón que tamén reduce vulnerabilidades de subministración, reforza a competitividade industrial e diminúe a dependencia de recursos externos, reforzando así a nosa seguridade económica.

Per fer-ho, hem de redoblar els esforços en innovació, millorar la formació i l'atracció de talent en tecnologies avançades i facilitar la integració de la IA al teixit empresarial i l'administració pública en línia amb els objectius de l'Estratègia Nacional d'Intel·ligència Artificial i l'Estratègia de Tecnologies Quàntiques d'Espanya.

Innovación e soberanía dixital

A soberanía dixital europea debe combinar autonomía tecnolóxica con apertura internacional. España defende a necesidade de asegurar a nosa autonomía tecnolóxica, entendida como a capacidade para decidir de maneira autónoma sobre o desenvolvemento, a provisión e o uso de tecnoloxías críticas para garantir a seguridade nacional, a protección da nosa democracia e os dereitos da cidadanía. Non se trata de perseguir unha autarquía tecnolóxica, senón de evitar vulnerabilidades e dependencias fronte a actores externos, á vez que se mantén a apertura internacional para garantir a nosa competitividade.

España e a UE deben afrontar o seu déficit dixital para non quedar atrás nos sectores de futuro A carreira tecnolóxica (IA, chips, computación cuántica, tecnoloxías limpas, sector espacial ou militar) combina innovación con investimento, competitividade e xeopolítica. Co obxectivo de reducir as nosas dependencias, España impulsará unha política industrial e tecnolóxica robusta, tanto a nivel nacional como europeo, que fomente a competitividade dos nosos ecosistemas

dixitais, priorizando aqueles sectores clave para a nosa resiliencia e asegurando a nosa participación na carreira tecnolóxica global da man da UE. Con ese fin, debemos redobrar os esforzos en innovación, mellorar a formación e a atracción de talento en tecnoloxías avanzadas e facilitar a integración da IA no tecido empresarial e a Administración pública en liña cos obxectivos da Estratexia Nacional de Intelixencia Artificial e a Estratexia de Tecnoloxías Cuánticas de España.

INVESTIR EN PRODUTIVIDADE E SEGURIDADE A LONGO PRAZO

Para asegurar a competitividade das empresas españolas e o aumento da produtividade, é imprescindible promover a reindustrialización de España e da UE, completando o mercado único e potenciando a nosa base industrial, manufactureira e tecnolóxica, á vez que se segue a impulsar a produción e exportación de servizos de alto valor engadido. Todo iso co obxectivo de reforzar o noso tecido produtivo e garantir que as nosas empresas compitan en condicións de igualdade fóra das nosas fronteiras. Con ese fin, debemos tirar proveito das nosas fortalezas para desenvolver as nosas capacidades de produción en sectores estratéxicos e priorizar os nosos esforzos de investimento:

Potenciando sectores estratéxicos con vantaxes existentes. O primeiro paso consiste en reforzar aqueles sectores nos que xa contamos con vantaxes comparativas, como a produción de electrolizadores ou o ámbito do ciberespazo e a ciberseguridade.

Investindo en tecnoloxías emerxentes e potencial latente. Simultaneamente, realizaranse investimentos calculados en espazos con potencial de crecemento ou en tecnoloxías incipientes, tales como centros de datos e enerxía eólica.


Desenvolvendo capacidades críticas para a nosa autonomía. Finalmente, é esencial desenvolver capacidades mínimas noutros eidos críticos para a nosa seguridade e autonomía, como o almacenamento na nube e a xestión de materias primas críticas.

Garantir a seguridade económica europea

A UE é a rexión máis aberta do mundo en termos económicos, con máis do 50 % do seu PIB vinculado ao comercio e ao investimento internacional e por diante dos Estados Unidos na cota de exportacións de mercadorías e servizos. Polo tanto, o impacto na Unión da tendencia global cara a un maior proteccionismo podería ser máis prexudicial que para outras economías.


España defende unha apertura estratéxica baseada na reciprocidade e na competencia xusta dentro do marco bilateral. A retirada comercial non é desexable, pero é unha tendencia constatada a nivel mundial, á que hai que adaptar a toma de decisión política, asegurando e diversificando as cadeas de subministración, afondando nas alianzas existentes e construíndo novas relacións de

Apertura comercial



Fonte: Banco Mundial.

Cota das exportacións de mercadorías e servizos nos mercados mundiais



Fonte: Organización Mundial do Comercio.

confianza que permitan reducir vulnerabilidades e dependencias para multiplicar a nosa eficacia.

A orde internacional cambiou e España e a UE deben facelo tamén. Dende o punto de vista estratéxico, a base económica constitúe un dos fundamentos esenciais do poder, mais tamén unha fonte de vulnerabilidades. A crecente fragmentación política e económica obríganos a integrar a perspectiva de seguridade económica no proceso de toma de decisións, a fin de reducir riscos. O uso das interdependencias como arma arreboladiza, a proliferación de barreiras ao comercio, as disrupcións nas cadeas de subministración durante a pandemia e a crise enerxética desencadeada tras a invasión rusa de Ucraína fan necesario reavaliar a disxuntiva entre eficiencia e seguridade para lle prestar máis atención a esta última.


Debemos determinar de forma precisa e reducir as vulnerabilidades e dependencias que afectan aos sectores críticos para a nosa seguridade —tecnoloxía, defensa, saúde, enerxía, materias primas

críticas ou alimentación— e protexelos fronte a dependencias perigosas ou posibles disrupcións e medidas de coerción económica. Este esforzo realizouse no marco das recentes crises, pero nin culminou plenamente nin se debe caer na complacencia. É indispensable manter unha atención política constante sobre esta cuestión crítica. Especialmente relevante é a seguridade enerxética para evitarmos ser presionados por actores externos. Nese senso é clave apostar pola diversificación de subministradores, o almacenamento e as interconexións, así como por un maior investimento en innovación e eficiencia enerxética

Mantendo as propostas favorables ao libre comercio as nosas políticas deben corresponderse coa realidade estratéxica actual na que se observa unha crecente primacía da xeopolítica. Isto esixirá unha maior acción a nivel estatal e europeo para responder en igualdade de condicións ás políticas adoptadas por terceiros Estados, incluíndo as de carácter industrial, que supoñan situar as nosas empresas nunha desvantaxe competitiva.


Impacto xeopolítico sobre os fluxos comerciais

Evolución comercial post-invasión 2022



Cambio no crecemento do comercio entre bloques en puntos porcentuais

Fragmentación comercial entre bloques



Semielasticidade dos fluxos entre bloques

Fonte: Gopinath, G., Gourinchas, P.-O., Presbitero, A. F., & Topalova, P. (2024). Changing global linkages: A new cold war? [IMF Working Paper No. WP/24/76]. International Monetary Fund.

A resiliencia a longo prazo pasa por protexer as nosas empresas e cadeas de subministración esenciais, garantindo o acceso a materias primas clave e tecnoloxías sensibles. Con este obxectivo, vanse promover estándares de seguridade económica para as nosas cadeas de subministración, plans de continxencia fronte a posibles shocks e o establecemento de reservas europeas comúns en sectores críticos; todo isto en liña coa Estratexia de Seguridade Económica da UE. España tratará de facer fronte de maneira coordinada e áxil a disrupcións na cadea de subministración, reforzando a súa capacidade de resposta institucional mediante a alíñación civil e militar, elaborando un Catálogo de Plans de Resposta a Crises e creando un Grupo de traballo sobre seguridade económica no marco da Comisión Delegada do Goberno para Asuntos Económicos (CDGAE), con participación do Ministerio de Defensa, co obxectivo de alíñar a nosa acción nun campo que, por definición, integra perspectivas económicas, tecnolóxicas e de seguridade en sentido amplo.

Aproveitar o poder económico europeo para competir mellor e incrementar a nosa seguridade económica. A UE é unha potencia económica, pero carecía de moitas ferramentas xoeconómicas. Nos últimos anos dotámonos de instrumentos de defensa comercial adecuados, como o instrumento anticoerción. Emporiso, estamos lonxe de garantirlles ás empresas europeas unhas condicións comerciais equitativas fronte a prácticas distorsionadoras. É especialmente relevante que as empresas europeas alcancen a escala necesaria para competir globalmente e consolidar a indispensabilidade da UE en sectores críticos. Para iso a UE debe aproveitar mellor o seu poder económico, comercial e normativo para influír nas cadeas de subministración de sectores críticos, ser máis asertiva ante prácticas anticompetitivas, alcanzar acordos sectoriais con socios e exercer o seu poder financeiro a través de iniciativas como Global Gateway.

España debe seguir liderando o apoio ao desenvolvemento da rede de acordos comerciais da UE con terceiros países e rexións, non só como garantía da autonomía estratéxica aberta da economía europea, senón como vector de influencia xeopolítica da UE no mundo. Ampliar a rede de socios comerciais redundará nunha maior apertura dos devanditos socios a cooperar coa UE en ámbitos máis alá do meramente económico e reducirá as nosas dependencias a través da diversificación de subministradores fiables. Así, comerciar máis incrementa a nosa autonomía. O acordo co Mercado Común do Sur (MERCOSUR) é o mellor exemplo deste enfoque estratéxico: se a Unión Europea quere ser un actor global crible, debe tomar en serio os seus compromisos e ratificalos canto antes.

Reforzar os mecanismos de defensa e disuasión económica fronte a tácticas coercitivas. Será fundamental potenciar a disuasión económica da UE para evitar tácticas coercitivas de terceiros a través do reforzo dos seus instrumentos de defensa comercial, dotarse de máis capacidade técnica en sancións e control de exportacións, así como dun marco máis coordinado e estruturado entre os Estados membros en materia de control de investimentos.

A colaboración co sector privado é fundamental para apuntalar a seguridade económica europea. Sen a súa colaboración, a recolección de información, a xestión de riscos e a implantación de medidas non é eficaz. Por iso, débese avanzar cara a mecanismos de cooperación estruturada público-privados.

Protexer a nosa seguridade económica esixe anticipar ameazas e reforzar as nosas capacidades de defensa e intelixencia fronte a medidas coercitivas por parte de terceiros, incluíndo as capacidades de previsión, preparación e medición de impacto ante posibles controis de exportación e sancións secundarias sobre as nosas empresas.

B. UNHA ESPAÑA COMPROMETIDA

Espanya és un país compromès amb els valors i els principis consagrats a la Carta de les Nacions Unides, el multilateralisme i la cooperació internacional. Aquest compromís es basa en la coherència a l'hora de defensar la pau, la universalitat dels drets humans i el dret internacional. Des de la seva creació, l'ordre multilateral ha impulsat les dècades de més creixement demogràfic, reducció de la pobresa extrema, augment de la renda *per capita* i prolongació de l'esperança de vida de la història.

Davant de la crisi que afecta el sistema multilateral actualment, Espanya cercarà **preservar, reformar i reforçar** aquest ordre.

Ara bé, respondre als reptes globals en una era de competició requerirà, al mateix temps, promoure mecanismes flexibles que ens permetin cooperar al voltant d'interessos compartits.

Preservar, reformar e reforzar o sistema multilateral

O sistema multilateral entrou en crise nun momento no que a sociedade internacional se enfronta a desafíos que só poden ser afrontados eficazmente a través dunha resposta colectiva, como o cambio climático ou o risco de novas pandemias.

O sistema multilateral atópase nun momento crítico. España aposta por unha gobernanza global baseada en normas e prácticas que faciliten a toma de decisións e a xestión do espazo colectivo. Ata o de agora, o sistema multilateral, sustentado en institucións formais e fontes normativas abertas a todos os Estados, foi a base desta acción conxunta e garantía da seguridade e benestar de todos os españois. No entanto, este modelo de gobernanza afronta unha presión crecente que compromete o seu funcionamento e eficacia. A ruptura de consensos, tanto nacionais como internacionais, tensiona as institucións multilaterais e obriga a repensar a nosa actuación.

Ante a inacción e a parálise, España defende unha estratexia integral baseada en tres piares: **preservar** os logros acadados, **reformar** as estruturas existentes e **reforzar** os mecanismos de acción global para responder aos retos presentes e futuros.

Preservar os alicerces da orde internacional

A defensa da orde multilateral, o dereito internacional e os dereitos humanos constitúe unha prioridade para España. Este sistema representa a primeira orde universal baseada en principios vinculantes aceptados universalmente e recollidos na Carta de Nacións Unidas —a igualdade soberana de Estados, a libre determinación dos pobos, a prohibición do uso da forza e o respecto aos dereitos humanos— e supón a mellor forma de responder de maneira conxunta aos desafíos globais.

España asume un papel activo á hora de preservar os logros alcanzados dentro do sistema multilateral, coas Nacións Unidas como pedra angular da arquitectura internacional. Fronte ás correntes que cuestionan o valor do sistema internacional xurdido tras a Segunda Guerra Mundial ou que propoñen unha volta a relacións primarias de poder, España reafirma a vixencia do dereito internacional como pilar básico dunha orde xusta e previsible. Seguiremos promovendo a cooperación e a procura de consensos a través da nosa participación nos principais foros multilaterais e a defensa inequívoca dunha orde internacional baseada en regras. O noso compromiso co multilateralismo se ha de

manter, ademais, a través das nosas contribucións ao sistema de Nacións Unidas —como décimo doador no cómputo global—, xa que somos un dos principais contribuíntes a axencias específicas como o Alto Comisionado das Nacións Unidas para os Refuxiados (ACNUR).

Protección e promoción dos dereitos humanos

A protección e promoción dos dereitos humanos consolídase como elemento distintivo da acción exterior española, inseparable da nosa identidade e fonte das nosas fortalezas. A elección de España como membro do Consello de Dereitos Humanos de Nacións Unidas (2025- 2027) e a nosa presenza activa no Consello de Europa permitirán potenciar a nosa defensa dun sistema de dereitos humanos baseado nos principios de universalidade, indivisibilidade, obxectividade e non selectividade, que se atopa hoxe ameazado.

España centra a súa acción exterior en dereitos humanos en cinco áreas prioritarias: a loita contra a pena de morte; o logro dunha igualdade de oportunidades real e efectiva entre homes e mulleres; a loita contra o racismo e a discriminación por razón de xénero ou orientación sexual; a defensa e promoción dos dereitos económicos, sociais e culturais, e a promoción dos dereitos das persoas con discapacidade. Coa sede da Comisión Internacional contra a Pena de morte (CIPM) en Madrid, e ostentando a presidencia do seu Grupo de Apoio, España lidera o proceso de transformación desta institución cara ao seu recoñecemento como organización internacional, aspirando a obter o estatuto de Observador Permanente ante Nacións Unidas. En materia de protección da diversidade e os dereitos das persoas LGTBI, traballaremos pola despenalización das relacións consentidas entre persoas do mesmo sexo, cuestión que se incluírá en todas as reunións bilaterais con países nos que aínda están castigadas, e o respecto e recoñecemento legal das persoas trans.

Reformar a arquitectura multilateral

A reforma do sistema multilateral é esencial para garantir a súa eficacia e lexitimidade. Trátase de potenciar o que funciona e promover as reformas necesarias. Neste senso, debemos actualizar as estruturas de gobernanza global para facelas máis eficaces e representativas da sociedade internacional actual. Eficacia e representatividade están intrinsecamente vencelladas: o sistema multilateral só funcionará se a maioría de Estados ten interese en que así sexa, o cal

depende directamente de que sentan correctamente representados.

As demandas de reforma dos procesos de toma de decisións supoñen unha oportunidade para construír un sistema máis inclusivo e eficaz, en beneficio de toda a comunidade internacional. Darlles un pulo real ás reformas institucionais podería cambiar a natureza do debate sobre as cuestións multilaterais cara a propostas construtivas.

A reforma do Consello de Seguridade de Nacións Unidas é necesaria. Como membro activo do grupo Unidos polo Consenso, España defende o impulso cara a un Consello de Seguridade máis eficaz, transparente e representativo. Esta transformación artéllase arredor de dous eixos fundamentais: a ampliación do número de membros non permanentes e a limitación do uso do veto. O obxectivo é crear un órgano máis representativo e áxil, capaz de responder eficazmente ás crises internacionais. A candidatura de España a ser elixida membro non permanente para o período 2031-2032 reforza este compromiso.

Da mesma maneira, a modernización da arquitectura financeira global é crucial para un desenvolvemento económico máis equitativo. España apoiará con decisión e de maneira construtiva os esforzos para actualizar e adaptar as institucións de Bretton Woods ás necesidades e demandas do noso tempo. O sistema financeiro internacional debe evolucionar cara a mecanismos máis xustos, inclusivos e capaces de mobilizar de forma efectiva unha maior cantidade de recursos para os países con maiores carencias financeiras.

Prestarémolle especial atención á reforma da Organización Mundial do Comercio (OMC). Nun contexto en que os fluxos comerciais se ven especialmente ameazados, resulta imperativa unha reforma integral e urxente da OMC, con especial atención á revitalización do seu sistema de resolución de diferenzas.

En paralelo, España buscará alternativas de cooperación flexible para responder a retos de carácter colectivo. Naqueles casos nos que non sexa posible acadar consensos a nivel multilateral, os marcos de cooperación flexible poden permitir avanzar na xestión de retos compartidos, como a gobernanza de bens públicos globais. Algunhas iniciativas recentes inclúen partenariados público-privados (como a Alianza GAVI para vacinas e inmunización), asociacións de creación de estándares, acordos bilaterais, programas de diplomacia científica ou a creación de coalicións ad hoc, e constitúen bos exemplos das posibilidades de cooperación que cómpre explorar. Así, a Alianza

Internacional para a Resiliencia á Seca (IDRA), a Alianza Global contra a Fame e a Pobreza ou o acordo sobre exportación de cereais polo Mar Negro mostran como accións diplomáticas concretas permiten xestionar crises globais a prol do interese común. Son, en todo caso, esforzos complementarios, e non substitutivos, do papel que lles corresponde ás organizacións multilaterais.

Reforzar os mecanismos de acción

Finalmente, España traballará para reforzar o sistema multilateral co obxectivo de lles dar resposta aos desafíos emerxentes.

España seguirá apoiando o insubstituíble labor de Nacións Unidas na promoción da paz e seguridade internacional a través da súa arquitectura institucional, mais tamén a través do labor político dos Enviados Especiais, como os de Siria, Iemen, o Sahara Occidental, a rexión de Grandes Lagos ou Myanmar, así como o labor de asesores e representantes especiais, por exemplo, para a Acción Climática. Así mesmo, España ha darlle especial prioridade á consecución dos Obxectivos de Desenvolvemento Sostible (ODS) da Axenda 2030, ao cumprimento da axenda climática e á protección e salvagarda dos bens públicos globais, o ciberespazo, o espazo ultraterrestre ou o fortalecemento do sistema de saúde global. Por iso, nos vindeiros meses España vaise dotar dunha Estratexia Multilateral para o Desenvolvemento Sostible.

Para España é clave asegurar a centralidade da Organización Mundial da Saúde na arquitectura da saúde global, razón pola cal seguiremos impulsando os seus traballos tras a nosa incorporación ao seu Comité Executivo e tras a adopción do Tratado Mundial de Pandemias na 78.^a Asemblea Mundial da Saúde. Así mesmo, traballaremos para avanzar cara a unha cobertura sanitaria universal a partir da experiencia do noso sistema nacional de saúde e adoptaremos unha Estratexia de Saúde Global, orientada a reforzar o papel de España e da nosa cooperación neste ámbito.

Como país que máis convenios da Organización Internacional do Traballo (OIT) ratificou, España apoiará o crecemento económico inclusivo a través de lexislacións que xeren traballo decente, ingresos xustos, igualdade de oportunidades e a loita contra as diversas formas de discriminación laboral. España promoverá unha reforma da gobernanza da OIT coherente cos principios democráticos e coa evolución da economía mundial nas últimas décadas. Ademais, buscaremos promover un turismo sostible que cree postos de traballo e fomenta a cultura e os produtos locais.

España non só persegue a mellora dos seus propios destinos, senón que aspira a liderar, dende a súa posición en ONU Turismo, con sede en Madrid, a adopción de boas prácticas globais.

España seguirá apoiando a Alianza de Civilizacións, unha iniciativa española que favorece o diálogo e os espazos de entendemento no mundo nun momento no que son máis necesarios ca nunca.

Política Exterior Feminista: máis necesaria ca nunca

Como reflexo dos valores da sociedade española, España aspira a ser un referente de compromiso na promoción activa da igualdade de xénero, polo que esta constitúe un eixo prioritario da nosa acción exterior. Este obxectivo vólvese máis relevante nun contexto de regresión marcado pola contestación ás políticas e normas de xénero aprobadas por institucións multilaterais, unha maior disputa dos dereitos das mulleres e un alto impacto de desinformación. Cun marco normativo avanzado e políticas públicas pioneiras en materia de loita contra a violencia de xénero e a igualdade no ámbito laboral, España continuará liderando o avance da axenda multilateral de igualdade de xénero través da súa Política Exterior Feminista.

Este esforzo faise ademais dende a convicción de que acadar unha igualdade real e efectiva constitúe unha peza fundamental para o desenvolvemento e o crecemento económico de calquera sociedade. España continuará integrando o enfoque de xénero como elemento transversal da nosa política exterior e propónse, como obxectivos concretos:

- **Defender os dereitos das mulleres e as nenas**, con particular atención aos seus dereitos sexuais e reprodutivos. Para iso activaremos os mecanismos de rendición de contas existentes na xustiza internacional e continuaremos loitando contra a impunidade dos perpetradores de violencia sexual en conflitos. Os dereitos das mulleres son dereitos humanos.
- **Promover a xustiza económica e o empoderamento das mulleres** a través da participación na Coalición de Acción sobre xustiza e dereitos económicos e do Foro Xeración Igualdade. Reducir a fenda salarial e de participación no mercado laboral é clave tanto dende unha óptica de dereitos e xustiza como económica en sociedades que envellecen rapidamente. España apoiará o recoñecemento da contribución dos coidados ao desenvolvemento das nosas sociedades e fomentará o reparto igualitario das responsabilidades de coidados entre mulleres e homes.

- **Intensificar a loita contra a violencia sexual e de xénero**, incluída a facilitada pola tecnoloxía, e a trata de persoas. Con este obxectivo, reforzaremos a protección e asistencia consular de mulleres no exterior.
- **Incrementar a participación de mulleres en posicións de liderado e nos procesos de toma de decisións**. Continuación dos esforzos para lograr un maior peso das mulleres na acción exterior española e no ámbito multilateral. Para estes efectos, España apoia a rotación de xénero na presidencia da Asemblea Xeral de Nacións Unidas e a elección da primeira muller Secretaria Xeral.
- **Implementar a Axenda de Mulleres, Paz e Seguridade** apoiando a participación das mulleres en procesos de negociación, resolución de conflitos e reconstrución.

Gobernanza tecnolóxica no ámbito multilateral

O desenvolvemento tecnolóxico debe ir da man dunha innovación responsable. España aposta por unha Internet libre, aberta e segura, baixo un modelo de múltiples partes interesadas, e asume un papel proactivo na definición de estándares éticos globais no ámbito dixital. Nun contexto de crecente xeopolitización da tecnoloxía e ante os riscos que presenta a desregulación e a fragmentación regulatoria, España promoverá a definición de normas e estándares globais inspirados en criterios éticos e responsables, que respecten o dereito á privacidade e á protección dos datos e busquen a transparencia dos algoritmos a prol de non amplificar nesgos e fendas sociais. Unha mostra deste compromiso de España é o feito de apoiar e albergar en Quart de Poblet (Valencia) o Centro de Servizos Globais de Nacións Unidas. Con este obxecto, buscarase poñer en valor e exportar a influencia regulatoria da Unión Europea na esfera dixital.

España defende que só un marco multilateral de gobernanza da IA pode reducir os riscos ligados ao seu desenvolvemento. Baixo os compromisos do Pacto Dixital Global de Nacións Unidas, España, aposta por solucións técnicas abertas e accesibles para todos e a creación de estándares internacionais comúns que eviten a fragmentación. España prestará especial atención ao seu papel de cofacilitador para o establecemento do Diálogo Global sobre Gobernanza de IA e o Panel Científico Internacional sobre IA de Nacións Unidas.

O noso país abandeará a defensa dos dereitos dixitais como pilar fundamental da transformación

tecnolóxica global. España traballou durante os últimos anos en transmitir internacionalmente a súa visión para a transformación dixital centrada no ser humano e orientada a dereitos. Nos vindeiros anos, España promoverá unha axenda internacional arredor dos dereitos dixitais a través da súa acción multilateral, con base nos logros conseguidos (Declaración Europea de Dereitos Dixitais, Declaración de León e a Carta Iberoamericana de Dereitos). Impulsaremos novos dereitos fronte ás neurotecnoloxías, baseados na Carta de Dereitos Dixitais do Goberno de España, e preparáremos para facer fronte a retos como a vixilancia masiva, a discriminación dalgúns sistemas de IA, incorporando a perspectiva de xénero ou a recolección de datos sen o consentimento dos usuarios.

Fortalecemento da gobernanza económica e financeira internacional

España busca garantir que a gobernanza económica mundial evolucione de maneira xusta, sostible e eficaz para todos a través da súa acción nos foros económicos internacionais clave, como son o G20 e a OCDE. España considera o G20 como a plataforma crucial para abordar os retos colectivos que afectan tanto a economías avanzadas como emerxentes. Así mesmo, buscará fortalecer o papel internacional da Organización para a Cooperación e o Desenvolvemento Económico (OCDE), a súa contribución á gobernanza global e ao deseño de políticas públicas baseadas na evidencia e a dimensión social da economía e o desenvolvemento. Ha prestárselles especial atención aos seus procesos de adhesión e ao seu afondamento e á súa relación co sistema de Nacións Unidas, particularmente ás relacións con América Latina e con África.

A estratexia española nos bancos multilaterais de desenvolvemento estará fundamentada na coordinación europea para maximizar o impacto dos investimentos e en facer avanzar o consenso europeo cara a unha reforma profunda do sistema financeiro internacional que mellore a súa capacidade financeira e o seu impacto ao desenvolvemento. En organismos multilaterais, coma o Banco Asiático de Desenvolvemento, o Banco Interamericano de Desenvolvemento, o Banco Asiático de Investimentos en Infraestruturas e o Banco Africano de Desenvolvemento, España buscará coordinar posicións para asegurar una voz europea cohesionada na negociación de acordos. Daráselles especial prioridade a proxectos onde haxa experiencia española e a favorecer proxectos que apoién a transición ecolóxica e dixital.

España seguirá plenamente comprometida co

financiamento sostible como ferramenta clave na consecución dos obxectivos de desenvolvemento da Axenda 2030. Neste sentido, impulsaremos activamente a adopción de instrumentos financeiros innovadores, como os bonos verdes e sociais, as garantías compartidas para proxectos de alto impacto social e medioambiental, ou a ampliación do uso de dereitos especiais de xiro para apoiar economías emerxentes en momentos críticos. Na IV Conferencia Internacional sobre Financiamento para o Desenvolvemento de Sevilla (2025) a sociedade internacional terá a oportunidade de lle dar un impulso a esta transformación no ámbito do financiamento, e de impulsar a creación de mecanismos máis eficaces que permitan unha canalización substancialmente maior de recursos cara aos países máis necesitados.

A carga da débeda supón unha lousa para o desenvolvemento de moitos países do mundo. O alto nivel de endebedamento dos países de renda baixa e media tras a pandemia e as dificultades para soportar o seu servizo lastra as súas opcións de desenvolvemento e é unha fonte de inestabilidade. Nalgúns países, o servizo da débeda consome máis recursos públicos que servizos sociais básicos como a educación ou a sanidade. E malia isto, esta situación non recibe a atención que merece.

España buscará optimizar o uso dos Programas de Conversión de Débeda (PCD) cun enfoque pragmático, priorizando solucións innovadoras e sostibles co obxectivo de protexer a estabilidade financeira e de mitigar o impacto social da débeda, sobre todo, en países onde estes programas poidan xerar maiores beneficios. De forma complementaria, España aprobou recentemente a introdución de cláusulas de suspensión do servizo da débeda nos seus novos acordos de préstamo soberano a países de renda baixa e renda media-baixa para aprazar temporalmente o pago do servizo da débeda en caso de desastres naturais, emerxencias sanitarias e crises alimentarias, ofrecéndolles aos países afectados un alivio inmediato e liberando recursos para atender as necesidades urxentes da poboación en momentos críticos. Así, España reforza o seu compromiso cunha xestión da débeda máis equitativa, facilitando unha resposta rápida e eficaz en situacións de emerxencia.

A nosa participación no G20 buscará mellorar a eficiencia e eficacia dos mecanismos de xestión de débeda internacional. España traballará activamente para axilizar os tempos de resposta e mellorar a coordinación entre acredores co fin de reducir prazos na conclusión de acordos que permitan un alivio equitativo e eficiente.

Este enfoque incluírá o fomento de mecanismos de acción máis flexibles e avoga por estender o Marco Común para incluír países de renda media que tamén enfrontan desafíos de sostibilidade da débeda, asegurando así que ningunha economía vulnerable quede fóra dos esforzos multilaterais de alivio e reestruturación.

España reforzará o seu papel na loita internacional contra o branqueo de capitais e financiamento do terrorismo (BC/FT) mediante o fortalecemento da cooperación internacional tanto no ámbito preventivo como represivo. Mantendremos un compromiso firme coa aliñación das súas regulacións cos estándares do GAFI (Grupo de Acción Financeira Internacional), garantindo unha regulación acorde a estes e velando pola efectividade das súas medidas a nivel global. No marco europeo, España traballará coa nova Autoridade de Loita contra o Branqueo de Capitais e o Financiamento do Terrorismo (ALBC).

Promover unha migración regular, ordenada e segura

España promove unha política migratoria que combina humanidade e responsabilidade como resposta estratéxica ao inverno demográfico europeo. O noso dinamismo económico e a sostibilidade do noso modelo de benestar dependen en parte da migración, que xunto co aumento de produtividade que ofrece a tecnoloxía e o apoio á conciliación familiar, constitúen os piares fundamentais para abordar os desafíos demográficos actuais. Esta visión integral permítenos xestionar os fluxos migratorios pensando nas futuras xeracións, asegurando tanto a prosperidade económica como a cohesión social. Así, España busca promover unha migración segura, ordenada e regular, sen renunciar aos principios de humanidade e responsabilidade que nos definen. Daquela, está a traballar nunha estratexia de mobilidade laboral que ha de supor un cambio de foco para a colaboración con outros países en materia migratoria. Así mesmo, continuaremos traballando cos nosos socios na xestión de programas de migración circular e estable que se axeiten ás necesidades particulares do mercado laboral español e tamén aproveitando máis e mellor o talento daquelas persas que se instalan no noso país.

A solidariedade europea e a repartición equitativa de responsabilidades fundamentan a estratexia

migratoria española no marco da UE. No ámbito comunitario, España promoverá a aplicación do Pacto de Migración e Asilo e defenderá o principio de solidariedade como núcleo do proxecto

européo. Garantir unha repartición equitativa das responsabilidades entre todos os Estados membros e aplicar un mecanismo de solidariedade con aqueles Estados que, como España, xestionan a fronteira exterior da Unión Europea e reciben unha especial presión migratoria xoga en beneficio do conxunto da Unión.

A xestión eficaz da migración irregular require unha colaboración estreita cos países de orixe e tránsito, especialmente na nosa contorna estratéxica. España pon en marcha un enfoque preventivo e integral que combina o control de fluxos irregulares e a loita contra as redes de tráfico de persoas con iniciativas de desenvolvemento económico e estabilización dos países de orixe; o seu obxectivo é abordar tanto os síntomas inmediatos coma as causas profundas da migración irregular. O modelo español, recoñecido e emulado pola UE e outros Estados membros, alicézzase nos seguintes principios:


- **Responsabilidade compartida:** España traballa cos seus socios en obxectivos mutuamente benéficos. A loita contra a inmigración irregular é un interese compartido, xa que os países

de orixe e tránsito tamén desexan protexer os seus cidadáns das redes de tráfico.

- **Confianza mutua:** xerada a través do tempo, escoita activa e os contactos periódicos a todos os niveis.
- **Colaboración operativa:** inclúe patrullaxes conxuntas, centros operativos compartidos e intercambio de información para desmantelar redes de trata e tráfico de persoas.
- **Cooperación sostida:** debe manterse no tempo e ser previsible, incluíndo axudas materiais, apoio financeiro e operativo e formación e desenvolvemento de capacidades.

España manterá o seu compromiso co recoñecemento e o exercicio do dereito á protección internacional, prestándolles especial atención ás situacións de vulnerabilidade e garantindo unha resposta humanitaria efectiva e digna. Neste sentido, continuaremos traballando de forma estreita co Alto Comisionado das Nacións Unidas para os Refuxiados (ACNUR) e a Organización Internacional para as Migracións (OIM).

Persoas desprazadas á forza no mundo



Fonte: Alto Comisionado das Nacións Unidas para os Refuxiados (ACNUR).

A integración e inclusión social constitúen piares fundamentais da nosa política migratoria. Como sociedade aberta e plural, respectarase a quen se instala no noso territorio como activo que nos enriquece, e prestaráselles especial apoio a aqueles territorios con maior presenza de persoas migrantes. Este compromiso refórzase co Plan de Integración e Convivencia Intercultural, ao que se lle suma a prevención e combate do racismo e a xenofobia, apoiando as capacidades de Entidades Locais e institucións educativas e redobrando os esforzos para combater os discursos e delitos de odio, especialmente na Internet. España traballará para modernizar e simplificar os procedementos administrativos relacionados coa mobilidade internacional. Ampliarase o uso de ferramentas dixitais e simplificaranse os trámites para traballadores estranxeiros que respondan ás necesidades específicas do mercado laboral español. Complementariamente, serán desenvolvidos programas de orientación sociolaboral, formación continua e aprendizaxe do

idioma para facilitar a inserción de migrantes e garantir que a súa cualificación sexa recoñecida e aproveitada plenamente na economía española.

España reforzará o diálogo coas diásporas e comunidades españolas no exterior a fin de fomentar a súa participación en iniciativas económicas, sociais e culturais. Esta sinerxía favorece a creación de vencellos de cooperación e de oportunidades de negocio, á vez que contribúe a unha visión máis diversa e inclusiva da nosa sociedade. Neste sentido, incentivaremos a participación das segundas xeracións como interlocutoras privilexiadas para afondar no entendemento e a colaboración entre as sociedades de orixe e de destino, consolidando pontes culturais e contribuíndo a un modelo de crecemento e benestar que se nutre da diversidade como fonte de riqueza. Ademais, reforzaremos a capacidade da Oficina Española do Retorno no seu labor de asesoramento ás persoas de nacionalidade española residentes no exterior con vontade de retornar.

Apostar pola cooperación para o desenvolvemento e a acción humanitaria

Nunha era marcada por unha profunda crise de solidariedade, o mundo precisa máis cooperación, non menos. España mantén o seu compromiso coa cooperación internacional para o desenvolvemento como mecanismo indispensable para lograr a erradicación da pobreza extrema e promover o desenvolvemento humano, que debe ser complementado por medidas coherentes noutros eidos que favorezan o investimento nos países menos adiantados. É este un exercicio de responsabilidade ante retos compartidos; un investimento na construción de sociedades máis prosperas, seguras, estables e sostibles, cun claro impacto non só nas sociedades dos países membros senón tamén no benestar dos españois. Cando apostamos pola cooperación axudamos a previr a propagación de enfermidades, a que a inestabilidade e as emerxencias non deriven en conflitos, a protexer a biodiversidade e previr a deforestación; isto é, reducimos externalidades negativas con claros efectos transfronterizos en beneficio directo dos nosos cidadáns.

A cooperación para o desenvolvemento, como política de Estado, é unha parte central da acción exterior española baseada nunha concepción aberta e solidaria da cidadanía e da sociedade internacional para responder aos retos globais. De feito, é unha política de consenso que apoian tres de cada catro españois, como se plasmou na adopción por unha ampla maioría da primeira Lei de Cooperación en vinte anos durante a pasada lexislatura. Ademais, supón un exemplo específico e diferenciador da acción exterior europea, xa que a UE, xunta os seus Estados membros, achega arredor do 40 % do conxunto da axuda oficial ao desenvolvemento (AOD) mundial.

O marco de cooperación tradicional conflúe con outras áreas con vencellos estreitos co desenvolvemento sostible como o comercio, o investimento privado, a tecnoloxía e a xestión dos movementos migratorios, que esixen un enfoque multidimensional e un maior esforzo

de mobilización de recursos e de coherencia de políticas.

Por iso, España busca promover unha nova narrativa da cooperación que transite da lóxica da axuda á da alianza, fomentando relacións horizontais cos nosos socios baseadas no diálogo, a escoita e a definición de obxectivos comúns. Este será un dos focos durante a IV Conferencia para o Financiamento do Desenvolvemento que terá lugar en Sevilla.

España debe afianzar os pasos dados nos últimos anos, non só para reforzar os compromisos orzamentarios en AOD, senón tamén para modernizar e reformar o seu sistema de cooperación. Con esta finalidade, a Cooperación Española inicia unha nova etapa após un profundo proceso de reforma marcado pola aprobación da Lei de Cooperación para o Desenvolvemento Sostible e a Solidariedade Global e o seu desenvolvemento regulamentario. Nos vindeiros anos, a nosa acción vaise artellar sobre os seguintes eixos:

- **Reforzo do sistema de cooperación:** A Lei de cooperación e o Plan Director da Cooperación Española 2024-2027 reforzan a coherdanza, a aliñación e a coordinación entre todos os actores de desenvolvemento e, polo tanto, a eficacia desta política pública. Iso inclúe a cooperación descentralizada (Comunidades e Cidades Autónomas e Entidades Locais), universidades, organizacións non gobernamentais para o desenvolvemento (ONGD), sindicatos, sector privado e economía social. A posta en marcha da nova Conferencia Sectorial suporá un fortalecemento significativo dos órganos de coordinación e consulta. A reforma da Axencia Española de Cooperación Internacional para o Desenvolvemento (AECID) co seu novo Estatuto aposta por unha axencia de desenvolvemento con maiores capacidades, instrumentos máis eficaces e consagrada á xeración de alianzas dentro e fóra de España. O Estatuto das Persoas Cooperantes pretende reforzar o capital humano da nosa cooperación, namentres que a nova regulación de subvencións de cooperación busca unha maior axilidade nos distintos instrumentos e convocatorias e o novo Fondo Español de Desenvolvemento Sostible (FEDES) ten por obxectivo ampliar as opcións para que a nosa cooperación financeira consiga recursos adicionais en favor do desenvolvemento sostible, en particular explotando sinerxías co investimento privado.
- **Avanzar cara a unha cooperación que reforce o noso perfil como actor de cooperación con identidade de seu:** España priorizará ámbitos

de traballo nos que conta cunha traxectoria consolidada e un claro valor engadido, como son a igualdade de xénero e o empoderamento de mulleres e nenas, o dereito á auga e ao saneamento, o reforzo dos sistemas de saúde, a loita contra a fame, a construción de paz e gobernanza democrática, a cultura e a educación. Seguirase impulsando unha maior contribución da nosa cooperación á transición ecolóxica xusta (con especial énfase na adaptación e a mitigación climática) e a loita contra a perda de biodiversidade, e reforzaremos as nosas capacidades noutros sectores como a dixitalización ou as migracións. Dende o punto de vista xeográfico, manteremos as rexións tradicionais da Cooperación Española (América Latina e o Caribe, mundo árabe e África, cunha énfase particular en África Occidental) e desenvolveremos un enfoque rexional para Asia.

- **Aumento do financiamento:** España traballará para potenciar novos modos de facer cooperación e de traballar xunto con outros actores (sociedade civil, sector privado, academia, socios multilaterais) para ampliar a participación en iniciativas globais e, por suposto, avanzar na senda de incrementos orzamentarios co obxectivo de alcanzar o 0,7 % da RNB no 2030 recollido na lei. Tamén será necesario establecer un marco de traballo innovador a través da mobilización de novas fontes de financiamento, así como darlles un papel máis relevante a determinadas modalidades de cooperación, como a cooperación financeira, tras a creación do FEDES.
- **Centralidade da acción humanitaria.** España é, e debe seguir, sendo un socio humanitario e recoñecido polos seus principios e a súa presenza crecente no panorama humanitario internacional nun momento no que máis de 300 millóns de persoas precisan asistencia humanitaria. Iremos traballar por alcanzar o compromiso de destinar o 10 % da nosa AOD a acción humanitaria, e ímoslles prestar especial atención ás crises esquecidas, á defensa do dereito social humanitario, á perspectiva feminista e á educación en preparación ante emerxencias. O aumento da conflitividade ha levarnos a incrementar a seguridade dos cooperantes e traballadores humanitarios.
- **Maior liderado de España dentro da UE e como actor global de desenvolvemento:** A elección de España como sede da IV Conferencia Internacional sobre o Financiamento para o Desenvolvemento que terá lugar en xullo do 2025 en Sevilla, supón unha oportunidade para que España consolide o seu perfil multilateral, capaz

de forxar consensos e coalicións para a acción no financiamento do desenvolvemento que vaia acompañado de iniciativas concretas para reducir a fenda de financiamento dos ODS, que se sitúa actualmente arredor dos catros billóns de euros.

España tamén participará de forma moi activa no deseño da axenda post- 2030. Así mesmo, buscaremos lograr o máximo partido para as nosas

contribucións financeiras a prol de aumentar a visibilidade e reputación de España.


Fomentaremos a mobilización de capital privado en proxectos de desenvolvemento; por exemplo, a través do investimento de impacto e favorecendo a participación de empresas españolas en proxectos de desenvolvemento e investimentos sostibles. A colaboración dos sectores público e privado é clave de cara a pechar a fenda de financiamento.

Afrontar a emerxencia climática e de biodiversidade

Cada ano que transcorre supérase o récord de emisións do anterior. As temperaturas globais xa superaron o limiar crítico de 1,5 °C en múltiples ocasións. Neste contexto de extremos climáticos, de crecente competencia polos recursos naturais e perda acelerada de biodiversidade, a comunidade internacional debe adoptar unha acción inmediata coordinada.

España asume este desafío desde unha posición de liderado, apoiada polo seu investimento en enerxías renovables e o seu compromiso inequívoco cun planeta máis sostible, habitable e verde, no que aspiramos a estar á vangarda en materia de transición enerxética, seguridade hídrica, preservación e restauración da biodiversidade, xestión do medio ambiente e loita contra a desertificación.

Temperatura global en superficie relativa á media 1951-1980



Fonte: NASA.


A Unión Europea, por outra banda, constitúe un dos espazos económicos con menores emisións con relación á súa industria alcanzando arredor do 6 % do total mundial. Os esforzos europeos deben continuar, tamén como exemplo para outros actores, pero non son por si mesmos abondos para atallar a tendencia ao aumento das temperaturas. Daquela, os esforzos diplomáticos para reforzar a cooperación e o compromiso cos socios globais son especialmente importantes; para seren exitosos, será tamén indispensable tomar en conta as súas necesidades, especialmente en materia de financiamento.

Por iso, a diplomacia verde española céntrase en impulsar a implantación efectiva dos acordos climáticos e ambientais internacionais. España desenvolve unha estratexia orientada á implementación da Convención Marco das Nacións Unidas sobre o Cambio Climático e o Acordo de París para seguir avanzando nos esforzos de descarbonización. A prioridade é evitar superar o obxectivo establecido en París de limitar o quecemento global a 1,5 °C, focalizando as accións nesta década crítica

na eliminación progresiva de combustibles fósiles e a súa substitución por enerxías renovables e eficiencia enerxética. Para estes efectos, contribuiremos a mellorar as capacidades de adaptación e mitigación do impacto do cambio climático de todos os países a través da mobilización de recursos de acordo coa Estratexia Española de Financiamento Climático Internacional e a coherencia dos fluxos financeiros cun desenvolvemento baixo en emisións.

En liña co Plan Industrial do Pacto Verde, España reforzará o seu liderado en tecnoloxías limpas, consonte o Plan Nacional Integrado de Enerxía e Clima 2023-2030. A forte aposta de España polas enerxías renovables reduciu a súa dependencia enerxética, con prezos da enerxía accesibles por primeira vez na súa historia. A descarbonización, a seguridade de subministración e a accesibilidade seguirán sendo un compromiso da nosa política exterior. Nos anos vindeiros, nos que o mapa dos investimentos industriais variará substancialmente, ábrese unha xanela de oportunidade grazas a uns prezos menores da enerxía debido á nosa forte aposta polas enerxías renovables.

Emisións anuais de CO₂ por rexión



Fonte: Global Carbon Budget (2025).

A protección da biodiversidade, as augas continentais e os océanos representa outro eixo clave da política medioambiental española. España aumentará os seus esforzos de protección da biodiversidade a través da implementación do Marco Global Kunming Montreal de Biodiversidade 2030, que establece os obxectivos e metas mundiais para esta década. Así mesmo, impulsaremos a protección dos océanos para asegurar a protección e xestión efectiva do 30 % da superficie mariña para o 2030. Con este obxectivo, avanzaremos na aplicación do Acordo para a protección da biodiversidade alén das fronteiras nacionais (BBNJ); a protección do Ártico e da Antártida; o futuro acordo global sobre plásticos, e a promoción dunha pausa precautoria no marco da regulación de minaría submarina.

España traballará para fortalecer a loita contra o tráfico de especies e a degradación de ecosistemas terrestres. As iniciativas españolas céntranse en combater o tráfico ilegal e o furtivismo internacional de especies silvestres a fin de abordar tanto o efecto significativo que estas actividades teñen para a biodiversidade como as consecuencias sociais para as comunidades locais. Reforzarase, ademais, o compromiso internacional na loita contra a deforestación e o fomento da sostibilidade das cadeas de subministración de materias primas agrícolas, gandeiras e forestais. No ámbito mediterráneo, España continuará impulsando a colaboración e cooperación para a conservación e restauración da biodiversidade, especialmente en colaboración coa oficina da UICN para o Mediterráneo (Unión Internacional

para a Conservación da Natureza), con sede en España. Igualmente, impulsaremos a loita contra a desertificación e a resiliencia á seca, tendo en conta tanto a súa importancia ambiental como os seus vencellos coa loita contra a pobreza, a seguridade alimentaria e os conflitos armados.

A Alianza Internacional para a Resiliencia á Seca (IDRA), impulsada xunto con Senegal, exemplifica o noso compromiso coa loita contra a desertificación e as súas consecuencias socioeconómicas. Finalmente, procuraremos reforzar a cooperación española a escala internacional en materia de incendios forestais, especialmente en América Latina, onde existen xa vínculos e accións importantes respecto diso. Así mesmo, promoveremos acordos bilaterais en materia de patrimonio natural e biodiversidade cos países limítrofes (Francia, Portugal e Marrocos), así como con países que compartan o ámbito territorial de especies migratorias presentes en España.

Nun contexto marcado polo crecente interese xeoestratéxico dos espazos polares, a nova Estrategia Polar española de 2025 consolida o noso compromiso coa protección destes espazos. España reforza a súa presenza nas rexións polares apoiándose na súa traxectoria científica, a súa participación nos órganos do sistema Antártico e a súa función como Estado observador no Consello Ártico. España defende os espazos polares como espazos de paz e seguridade, de protección do medio ambiente e xestión racional dos recursos naturais, que deben ser gobernados a nivel multilateral, consonte o dereito internacional.

C. UNHA ESPAÑA QUE CONSTRÚE PAZ E SEGURIDADE

Adaptarnos a un mundo máis conflitivo


España mantense firme no compromiso cun sistema multilateral que deu resultados e que é máis necesario ca nunca. Ao mesmo tempo, é consciente da necesidade de adoptar medidas para adaptarse ao novo contexto internacional.

A deterioración da seguridade nos últimos anos pon fin ao dividendo de paz do que Europa gozou durante décadas. Dende 1945, a humanidade non tivera que lidar cun número tan alto de conflitos. Actualmente, rexístranse arredor de 50 conflitos activos, con case a metade dos membros de Nacións Unidas involucrados de maneira directa ou indirecta, en canto medra o número de vítimas ata cifras non vistas en tres décadas e o impacto económico da violencia alcanza do 13 % do PIB mundial.

Este escenario reflíctese así mesmo nun récord de investimento global en defensa e nun crecente risco de proliferación nuclear. O posible incremento do risco de ameazas transnacionais (terrorismo ou crime organizado) que propician os Estados frustrados tamén será clave durante os próximos catro anos.

A acción exterior de España debe reforzarse en todas as súas esferas para protexer mellor os nosos cidadáns e os seus proxectos de vida fronte a unha maior inestabilidade e conflito. Iso compételles á diplomacia, á defensa e á seguridade cidadá entendidas en sentido clásico, pero tamén abrangue conceptos máis amplos, que van dende a promoción da nosa seguridade económica ata facer fronte a intentos de coerción

Vítimas de conflitos armados




Font: Uppsala Conflict Data Program

económica ou ameazas híbridas, incluíndo as ciberameazas e a desinformación. Este compromiso implica a contribución a despregamentos conxuntos; a promoción de políticas de defensa coordinadas cos nosos socios; o desenvolvemento de capacidades diplomáticas e de seguridade adaptadas ao novo contexto global e a procura de respostas eficaces ás ameazas compartidas.

Todo isto responde a unha concepción integrada da **seguridade**, de acordo coa Estratexia de Seguridade Nacional. A seguridade é un ben público europeo e internacional, e o novo contexto obriga a España e a Europa non soamente a asumiren maiores cotas de responsabilidade sobre a súa defensa, senón tamén a proxectar este labor fóra das nosas fronteiras, contribuíndo á seguridade colectiva e posicionándonos como provedores de seguridade.

Misións internacionais en curso nas que participa España (2025)



Fonte: Ministerio de Defensa, 2025.

España vai seguir participando activamente na arquitectura de seguridade internacional, euroatlántica e europea, apostando decididamente polo seu carácter solidario e baseado en normas. A OTAN seguirá a ser o foco principal da nosa contribución á disuasión e defensa colectivas, á prevención e xestión de crises e ao desenvolvemento de partenariados, especialmente no escenario do Plan de Acción da Alianza para a Veciñanza Sur. Neste último aspecto, España debe manter un papel de liderado, tanto no impulso do diálogo político de alto nivel como no apoio ao labor do Representante Especial do Secretario Xeral para a Veciñanza Sur. Así mesmo, España manterá os seus esforzos no marco da cooperación práctica, en particular a través da contribución aos paquetes de reforzamento de capacidades dos países socios, que España xa levou a cabo no 2024. Ademais, fortalecemos a interlocución política cos socios do Diálogo Mediterráneo e a Iniciativa de Cooperación de Istanbul.

Neste período España continuará impulsando o seu investimento en seguridade e defensa en liña cos compromisos adquiridos na OTAN, e seguiremos contribuíndo de maneira moi destacada aos despregamentos da OTAN e ás misións e operacións da UE. O que é máis importante: España vai seguir asumindo, como aliado firmemente comprometido, e por virtude da súa propia configuración política, xeográfica e económica, unha cota importante da carga da seguridade colectiva, reafirmando o carácter indivisible da seguridade e a defensa de todos os aliados, en liña co Concepto Estratéxico de Madrid.

Polo seu peso e traxectoria, España debe asumir neste período un papel central na incipiente Unión Europea da Defensa. De igual modo, buscaremos afianzar a relación estratéxica entre a OTAN e a UE sobre a base dos principios de complementariedade, coherencia e reforzo mutuo. O noso Servizo Exterior, as nosas Forzas Armadas e os Corpos e Forzas de Seguridade, así como outras Administracións públicas están activamente involucrados na definición, a organización e o despregamento progresivo desta necesaria dimensión do proceso de construción europeo, tan longamente debatido e que é agora impostergradable.

España debe tamén seguir incrementando a súa cota de participación nos programas e instrumentos da UE neste eido. Será obxecto de atención prioritaria a Facidade Europea para a Paz, que ofrece oportunidades para aumentar a contribución de España á estabilidade da nosa contorna estratéxica. Ademais, este importante instrumento tamén pode beneficiarse da nosa vocación global. O aproveitamento de todas as oportunidades que ofrecerá o Regulamento sobre o Programa da

Industria de Defensa é outro obxectivo prioritario para este período, como tamén o será dotar o próximo Marco Financeiro Plurianual de recursos significativos en apoio do sector da seguridade e defensa. Con esta política, hanse xerar externalidades positivas en innovación, autonomía europea e creación de emprego cualificado, o que redundará en beneficio da sociedade española.

España acaba de lanzar o Plan Nacional para a promoción da nosa participación nas misións civís da UE que prevé a coordinación do Ministerio de Asuntos Exteriores, Unión Europea e Cooperación con outros Departamentos para elevar significativamente neste período a participación de persoal español nestas misións, que tamén contribúen ao papel da UE como provedor de seguridade global.

España debe seguir mantendo o seu compromiso activo coa Organización para a Seguridade e a Cooperación en Europa (OSCE). O espírito e os principios da acta Final de Helsinqui, que cumpre cincuenta anos, deben ser reafirmados especialmente no difícil contexto xerado pola invasión a grande escala de Ucraína por parte de Rusia, como fixemos coa nosa presidencia do Foro de Cooperación en Seguridade no primeiro cuadrimestre do 2025. No período 2025- 2028, cun novo Secretario Xeral recentemente designado, o obxectivo principal ten que ser o de preservar o sistema de control de armamentos en Europa, cuxas medidas de transparencia, intercambio de información e medidas de fomento da confianza poden volver ser útiles para reforzar a arquitectura de seguridade europea.

Nacións Unidas ten unha responsabilidade primordial sobre o mantemento da paz e a seguridade internacionais. España seguirá a ter unha participación destacada nas súas operacións de mantemento da paz, que foron unha ferramenta imprescindible nos últimos 75 anos. España ocupa o posto 25.º de 121 países contribuíntes por número de efectivos (o segundo país da UE) e o 12.º como contribuínte ao orzamento de operacións de mantemento da paz. A presenza dun maior número de mulleres nos despregamentos continúa sendo un compromiso esencial. España permanecerá fiel ao seu compromiso coa Forza Interina de Nacións Unidas para O Líbano (FINUL), onde leva mantendo unha importante contribución dende o principio e onde exerce un destacado liderado. España buscará un apoio político unificado na renovación de mandatos claros e definidos e apoiará a creación de novas misións en contextos fráxiles.

España continuará cultivando as relacións bilaterais en materia de seguridade e de defensa cun crecente número de países e de organizacións internacionais, en esferas coma a formación e

o intercambio de experiencias, a realización de exercicios conxuntos, a cooperación industrial e a cooperación técnica, entre outros. Nos vindeiros anos cumprirá profundar en áreas de cooperación específicas como os retos e oportunidades da dixitalización, a loita contra as campañas híbridas, a migración irregular e o tráfico de persoas e a loita contra o terrorismo e o crime organizado. Neste escenario, España outórgalle unha gran relevancia ao Convenio de Cooperación para a Defensa con Estados Unidos de Cooperación para a Defensa. Así mesmo, resultará esencial impulsar os instrumentos destinados a promover a seguridade e o diálogo, como, por exemplo, a Iniciativa 5+5 Defensa no Mediterráneo occidental, favorecendo deste xeito unha cooperación sobre a base da confianza entre iguais.

Os próximos catro anos serán clave para evitar que o mundo entre nunha nova era de proliferación. Hai que proporcionar unha resposta a nivel político. O reforzamento de nosa seguridade inclúe necesariamente instrumentos internacionais como a arquitectura de control de armamentos, non proliferación e desarmamento. España manterá o seu apoio político, técnico e financeiro a organismos clave como o Organismo Internacional da Enerxía Atómica (OIEA), a Organización para a Prohibición das Armas Químicas (OPAQ) ou a Comisión Preparatoria de Organización para a Prohibición Completa dos Ensaíos Nucleares (OTPCE), fundamentais para a arquitectura internacional de non proliferación, grazas ás súas capacidades de verificación e inspección.

España continuará o seu labor para contrarrestar a ameaza terrorista e o crime organizado, previndo a desestabilización social e política que estas xeran. Este esforzo esixe abordar as causas da radicalización e do extremismo violento, así como prestarlles apoio e recoñecemento ás vítimas. A cooperación e a solidariedade cos países máis afectados por esta lacra seguirán a ser principios reitores da acción exterior española. Neste sentido, o noso país manterá os seus compromisos no marco de Nacións Unidas, a UE e a OTAN, así como a través de iniciativas como o Proceso de Aqaba ou a participación en operacións como a Coalición Global contra o DAESH, coas que España xa demostrou a súa determinación á hora de combater estas ameazas.

A mellora constante no coñecemento das ameazas e a xestión de indicadores de alerta é esencial para responder aos múltiples desafíos de seguridade. O reforzo do Centro Nacional de Intelixencia e a coordinación entre os órganos de intelixencia —nacionais e internacionais— resultan fundamentais para anticipar riscos, protexer

a poboación e artellar respostas eficaces ante escenarios cambiantes.

España traballará para modernizar as súas capacidades de seguridade e defensa ante novas ameazas dixitais asociadas á IA como as clonacións de voz, a manipulación de imaxes ou a proliferación de identidades falsas cada vez máis avanzadas. Buscarase, ademais, aumentar a nosa resiliencia fronte ao incremento de ataques a dispositivos conectados, que van dende vehículos autónomos ata infraestruturas críticas como presas hidroeléctricas, así como o auxe da cibercriminalidade. O desenvolvemento de infraestruturas dixitais públicas (DPI) resilientes, seguras e interoperables é a base da transformación dixital española. Neste marco, vaise aprobar un Plan de Vixilancia de infraestruturas mariñas, especialmente as submarinas. Do mesmo xeito, hase fortalecer o papel da IA na xestión de emerxencias ante desastres naturais ou ataques terroristas, facilitando o deseño de estratexias de resposta.

O reforzo das capacidades en materia de sancións será prioritario. As medidas restritivas ou sancións internacionais están coñecendo unha notable expansión. Unha prioridade será desenvolver a Unidade de Sancións do Ministerio de Asuntos Exteriores, Unión Europea e Cooperación (MAUC), con rango de Subdirección Xeral. Será reforzada mediante mecanismos adecuados de intercambio de información e coordinación interministerial para participar eficazmente nos procesos internacionais de adopción e seguimento destas medidas. Este paso é clave para avanzar cara a un marco normativo específico. España seguirá apoiando un uso razoable e proporcionado da política de sancións como medio para desincentivar condutas ilícitas, salvaguardando o seu carácter selectivo e excepcional.

O cambio climático perfílase como un desafío transversal con implicacións profundas na seguridade e a defensa. España dará continuidade ás medidas recollidas no Plan Nacional de Adaptación ao Cambio Climático e na Estratexia do Ministerio de Defensa na materia e fomentará a cooperación entre as Forzas Armadas e os medios civís para facer fronte a emerxencias, tanto en territorio nacional coma no ámbito internacional. Neste marco, España seguirá ofrecendo o seu apoio en casos de desastre fóra das nosas fronteiras, incluída a mobilización da Unidade Militar de Emerxencias (UME) e do equipo START (Equipo Técnico Español de Axuda e Respostas a Emerxencias), que permite contar cun equipo sanitario listo para despregarse en menos de 72 horas en calquera esquina do mundo onde se produza unha emerxencia humanitaria.

UN PULO DECIDIDO Á INDUSTRIA DE DEFENSA ESPAÑOLA

A industria de defensa constitúe un sector clave para a nosa seguridade económica e debe, xa que logo, estar máis imbricado na nosa política industrial. A industria española de defensa atópase entre as máis exportadoras do mundo. Con todo, o profundo cambio do sector a nivel europeo e internacional e a necesidade de superar a atomización das nosas empresas convida a realizar numerosas mudanzas nos anos vindeiros. O incremento do investimento en defensa a escala global, a irrupción de novos actores industriais e os avances tecnolóxicos que están a transformar o campo de batalla fan imprescindible e urxente adaptar a nosa industria de defensa a esta nova realidade. Con este propósito, prestaráselle especial atención ao reforzo da base industrial e tecnolóxica española, fomentando a interoperabilidade e sinerxías cos sectores tecnolóxico e espacial. Para iso, serán adoptadas medidas dirixidas a aumentar o tamaño e competitividade das nosas empresas e o seu acceso a economías de escala, así como a súa participación en proxectos europeos e licitacións internacionais. Ademais, buscaranse compromisos de gasto a medio e longo prazo que faciliten o investimento e a innovación, co fin de impulsar o desenvolvemento do sector, a súa transformación tecnolóxica e a xeración de emprego de calidade. Todo iso en liña coa Estratexia Industrial de Defensa.

Implantarase o Plan Industrial e Tecnolóxico para a Seguridade e a Defensa. Este plan canalizará o noso esforzo investidor, así como programas de colaboración público-privada, para crear un salto tecnolóxico e industrial en España. É unha aposta pola innovación, polo desenvolvemento de tecnoloxías de dobre uso para a creación de novas empresas e o escalado de pemes e de *startups* locais. Este impulso redundará no avance tecnolóxico doutros sectores en liña co obxectivo de aumentar a nosa competitividade, así como co incremento de resiliencia nas cadeas de subministración. Estableceremos unha Mesa operativa sobre a dimensión de política exterior da industria española de defensa, con participación dos Ministerios de Asuntos Exteriores, Unión Europea e Cooperación, do Ministerio de Defensa, do Ministerio de Economía, Comercio e Empresa e do Ministerio de Industria e Turismo para articular e executar en reunións periódicas unha verdadeira diplomacia española da industria de defensa.

España buscará consolidarse como un actor clave no sector espacial europeo, aumentando a súa participación na Axencia Espacial Europea (ESA) e no programa espacial da UE, así como a participación en misións europeas. Apoiaremos o desenvolvemento de proxectos espaciais conxuntos e a entrada de empresas españolas en mercados estranxeiros, reforzando a base tecnolóxica e industrial do sector espacial español.

Construír paz dende a coherencia

España continuará defendendo a aplicación universal e coherente do dereito internacional, incluído o dereito internacional dos dereitos humanos e o dereito internacional humanitario. Fíxoo así nos casos de Ucraína, Oriente Medio ou a República Democrática do Congo. O principio de prohibición do uso da forza e o respecto á soberanía e á integridade territorial dos Estados constitúe a pedra angular da orde internacional que permitiu reducir de maneira substancial o número de guerras interestatais nas últimas décadas, á vez que se multiplicaba o número de Estados membros das Nacións Unidas.

A lexitimidade do dereito internacional descansa na súa aplicación universal. As inconsistencias ou dobres varas de medir na defensa da legalidade debilitan a confianza dos nosos socios, poñen en dúbida a nosa capacidade e a dos nosos aliados para manter a legalidade vixente, previr novas violacións e lograr futuros acordos, erosionando a nosa eficacia no plano internacional.

A loita contra a impunidade pola comisión dos crimes máis graves constitúe a principal ferramenta de disuasión para evitar crimes futuros. Dende o valor da experiencia e a memoria, España continuará loitando contra a impunidade e pola reparación das vítimas, en todas as circunstancias e conflitos. Este compromiso coa xustiza internacional materialízase a través do noso apoio aos tribunais internacionais; en particular, mediante a participación de España en casos clave perante a Corte Internacional de Xustiza e o apoio á Corte Penal Internacional na súa función fundamental de asegurar a aplicación universal do dereito internacional como base dunha paz xusta e estable. Continuaremos traballando coa Oficina de Nacións Unidas de Loita contra o Terrorismo e no marco do Consello de Europa, onde proseguiremos liderando iniciativas para fortalecer a xustiza internacional e defender os valores democráticos. Igualmente, contribuiremos activamente aos debates do Tribunal Especial para o Crime de Agresión contra Ucraína e ao establecemento da Comisión de Reclamacións, e seguiremos apoiando o labor do Rexistro de Danos.

España ten como obxectivo da súa política exterior a construción de paz como garantía de seguridade. A nosa posición xeográfica, a nosa condición de socio europeo e atlántico, a nosa

percepción internacional e capacidade de diálogo en contextos diversos sitúannos nunha posición privilexiada para exercer esta tarefa. Con este obxectivo, España aspira a consolidar unha estrutura máis sólida de diplomacia preventiva e promoción da paz en escenarios de tensión e crise de especial complexidade, en consonancia coa Estratexia española de Diplomacia Humanitaria. A proliferación de conflitos obriga a redobrar os esforzos internacionais e nacionais de mediación e a diplomacia de segunda vía en situación de conflito e posconflicto e en contextos fráxiles. Nesta liña, relanzaranse os traballos do Centro Internacional de Toledo para a Paz (CIT-pax) e buscarase a colaboración con socios que participen en esforzos de mediación.

A construción de paz inclúe outros moitos aspectos de curto, medio e longo prazo nos que España seguirá a traballar. Os mecanismos de prevención e resolución de conflitos veranse fortalecidos, apoiando transicións políticas, xustiza transicional, procesos de Desarmamento, Desmobilización e Reintegración de excombatentes (DDR) e reformas do sector seguridade. A cooperación ao desenvolvemento será usada como ferramenta para fortalecer Estados fráxiles, estabilizar contextos posconflicto e facilitar a súa reintegración económica.

España continuará aplicando un enfoque de seguridade humana que sitúe as persoas no centro da súa acción exterior, outorgándolle a máxima importancia á defensa do dereito internacional humanitario en todas as circunstancias e conflitos. Con este obxectivo, nas súas operacións no exterior, as Forzas Armadas españolas velarán pola protección da poboación civil, prestándolles especial atención a colectivos vulnerables, como mulleres e nenos. Será promovido un modelo de presenza exterior que respecte as particularidades socioculturais locais e protexa os dereitos da infancia. Así mesmo, imos manter o apoio ao Programa Mundial de Alimentos e á iniciativa de Escolas Seguras, e fomentaremos a integración da muller como actor central da paz a través da Axenda Mulleres, Paz e Seguridade.

O respecto do dereito internacional humanitario é fundamental para España, especialmente no que se refire á prohibición de determinados tipos de armamento, o que nos levará a manter o

noso compromiso e apoio ás convencións. Adicionalmente, España desempeñará un papel protagonista nos esforzos internacionais para garantir que as aplicacións militares das novas tecnoloxías cumpran sempre coas normas do dereito internacional humanitario. Neste marco, España seguirá apoiando os traballos da Asemblea Xeral de Nacións Unidas en materia de regulación de armas autónomas letais (LAWS), e continuará impulsando con Países Baixos e República de Corea o proceso dos Cumios sobre Uso Responsable da Intelixencia artificial non Ámbito Militar (REAIM polas súas siglas en inglés).


Cumprirá que nos dotemos de instrumentos nacionais, como un sistema de control de exportacións renovado e reforzado, seguir colaborando con outros países nos réximes de control de exportacións existentes (Acordo de Waassenaar, Grupo de Subministradores Nucleares, Grupo de Australia e Réxime de Control de Tecnoloxía de Mísiles, principalmente) e participar nos procesos abertos na esfera internacional para controlar as transferencias de tecnoloxías emerxentes e disruptivas a través de instrumentos como o control estratéxico de exportacións ou a seguridade na investigación.

Fortalecer a nosa resiliencia democrática

A crecente polarización social e a deterioración democrática a escala global responden a causas profundas e a unha serie de factores que as amplifican.

Nunha época marcada por una interconexión sen precedentes, achámonos paradoxicamente divididos. A dixitalización contribuíu a ampliar a participación cidadá en todas as esferas da vida

Índices democráticos globais



2008=100

Elaboración propia a partir de fontes orixinais. O dato de V-Dem está ponderado por poboación.

social e política e a democratizar o acceso á información, mais tamén multiplicou os riscos de manipulación e polarización social. Os nesgos algorítmicos, a erosión da privacidade e o incremento de estratexias híbridas de desinformación, manipulación e interferencia de información estranxeira (FIMI), ou os ciberataques, non son meros desafíos técnicos, senón ameazas contra a cohesión social e as propias institucións e procesos democráticos. A iso súmaselle a irrupción da intelixencia artificial xenerativa, cun enorme potencial positivo, pero tamén con capacidade para deformar a realidade e fomentar a polarización mediante a creación de contidos falsos. Todo iso pon en risco a nosa convivencia e fainos máis vulnerables fronte á radicalización, o discurso de odio e a inxerencia externa.


Neste contexto, as sociedades abertas atópanse nunha situación de vulnerabilidade que parte dunha asimetría estratéxica entre réximes abertos e pechados. Estes últimos lograron exercer

un grao de control moi elevado sobre os espazos dixitais no seu territorio, dando como resultado novas posibilidades de influencia a través de operativas que poden chegar a ser moi centralizadas, eficaces e baratas. Algúns actores pretenden aproveitar a diversidade, a apertura e o pluralismo das democracias como unha sorte de calcañar de Aquiles xeopolítico. Mediante estratexias híbridas que inclúen a manipulación mediática, a promoción de narrativas de decadencia europea e desinformación climática ou migratoria, buscan erosionar a confianza cidadá nas institucións e alimentar o extremismo para lexitimar os seus modelos autoritarios e reconfigurar a orde internacional no seu beneficio.

Non podemos permanecer impasibles ante o intento de *hackear* as nosas sociedades abertas: debemos aprender a defendernos sen por iso comprometer os nosos valores. Nun contexto de crecente xeopolitización tecnolóxica, e fronte aos riscos que presenta a desregulación e a


Desinformación: unha preocupación global

Preocupado/a polo que é real e o que é falso nas novas online.
% de acordo




Fonte: Digital News Report 2024. Reuters Institute for the Study of Journalism, Universidade de Oxford.

A IA facilita a xeración de noticias e imaxes falsas realistas. % de acordo



Fonte: Global views on AI and disinformation, 2023. IPSOS.

A desinformación como un perigo para a democracia. % de acordo



Fonte: Eurobarómetro Standard 102, 2024. Comisión Europea.

fragmentación regulatoria, España defende unha maior transparencia, neutralidade e rendición de contas por parte de plataformas tecnolóxicas. O anonimato non pode ser sinónimo de impunidade para a comisión de delitos nin servir de ferramenta para a suplantación de identidade e prácticas ilícitas e fraudulentas. É preciso afondar tamén na transparencia algorítmica. As plataformas e os seus directivos deben responsabilizarse do impacto negativo dos seus servizos e as súas condutas. Xunta os actores públicos, as plataformas dixitais deben colaborar para atallar as operacións de influencia estranxeiras e a desinformación, priorizando a protección dos grupos vulnerables fronte aos discursos de odio e o acoso. Abordaremos estes riscos de modo bilateral e multilateral.

Reforzar a cooperación internacional para previr e loitar contra a desinformación é unha prioridade ineludible. Ademais das ferramentas desenvolvidas a escala europea e nacional, España seguirá traballando para mellorar o intercambio fluído de información, a cooperación operativa para a alerta temperá sobre incidentes a través da activación de redes, e o desenvolvemento e a aplicación de ferramentas de reacción, incluídos os equipos de reacción rápida nacionais no ámbito do ciberespazo e expertos en accións híbridas. Os países de fala hispana temos unha responsabilidade compartida para previr e combater esta ameaza, polo que España seguirá promovendo novos mecanismos de cooperación bilateral e multilateral para estes fins. Neste marco, España impulsará o papel do Centro Europeo para a Transparencia Algorítmica de Sevilla. Igualmente, España continuará promovendo a través da cooperación internacional a iniciativa “En defensa da democracia. Loitando contra o extremismo”, xunto cos presidentes de Chile, Brasil, Colombia e Uruguai, que se uniron a esta iniciativa.

Reforzar a cohesión interna

A cohesión social e territorial outórgalles lexitimidade e estabilidade a países e institucións, constituíndo a base de toda sociedade próspera e inclusiva. Nun escenario internacional cada vez

máis fragmentado e conflitivo, centrado en cuestións de competitividade e seguridade, resulta vital non perder de vista a importancia da cohesión social e territorial. Unha política exterior que ignore esta dimensión corre o risco de erosionar a súa capacidade de actuar. España parte da convicción de que a política exterior empeza na casa, razón pola cal avoga por unha aposta social renovada que compense aos perdedores das grandes transformacións da nosa sociedade con políticas activas de redistribución e un modelo de crecemento máis inclusivo, que reforce o apoio aos territorios afectados polo declive demográfico.

O coñecemento entre europeos é tamén un factor esencial da cohesión interna do proxecto político europeo que fai que a educación axude á consolidación dos valores comúns europeos a través da presenza da UE no currículo educativo. E que contribúe ao desenvolvemento do Espazo Europeo de Educación e ao desenvolvemento de competencias dende o sector educativo, apoiando o programa Erasmus+.

O reto demográfico emerxe como un dos desafíos máis urxentes do noso tempo. A centralización do desenvolvemento en polos urbanos e financeiros e unhas taxas de natalidade moi por baixo do nivel de substitución en España, Europa e outras rexións do mundo teñen como consecuencia o envellecemento da poboación e o despoboamento de zonas rurais, xerando “xerografías do descontento”. As administracións non poden ser meras espectadoras destas tendencias, razón pola cal o Goberno de España ten posto moita énfase durante os últimos anos en políticas públicas para paliar o reto demográfico. Para fortalecer a cohesión territorial é preciso xerar novas fontes de crecemento e oportunidades descentralizando o investimento público, potenciando economías locais con proxectos de alto valor engadido e garantindo unha conectividade eficiente entre rexións. A acción internacional en foros multilaterais débese aliar coa axenda social interna, promovendo un modelo de globalización máis xusto e sostible. Ademais, a transición cara a unha economía descarbonizada ofrece uns dos recursos clave para diversificar a estrutura económica, impulsar a creación de emprego e dinamizar as economías locais.

PARTE II:
ESPAÑA
NO MUNDO



España, como potencia euroatlántica e mediterránea, ocupa unha posición xeográfica privilexiada na intersección de Europa e África. Esta situación esixe unha implicación activa na nosa contorna estratéxica, dado o estreito vellelo que nos une cos países que se atopan neste espazo e a nosa especial sensibilidade aos cambios políticos, económicos e ás posibles crises que se poidan producir nel.

Ao longo das últimas décadas, España construíu, sobre a base dos seus valores e activos de país, unha rede de relacións bilaterais que van máis alá da súa veciñanza en sentido amplo e que pon de manifesto unha verdadeira capacidade de interlocución con todas as rexións do mundo.

A CONTORNA ESTRATÉXICA DE ESPAÑA

A situación xeográfica de España é peculiar dentro do contexto europeo ao atoparse no extremo suroccidental na confluencia dos espazos atlántico, mediterráneo, europeo e africano. A menos de 4000 quilómetros da Península Ibérica, encontrámonos con conflitos enquistados e tensións latentes dende Ucraína ata Oriente Medio, crecentes focos de inestabilidade no Sahel, coa maior concentración de atentados terroristas do mundo, así como con Nixeria e Alxeria, dous dos nosos principais subministradores enerxéticos. Esta situación xeográfica recobra importancia no mundo actual no que se agrava a competencia estratéxica. Ceuta e Melilla, Canarias e Andalucía están especialmente expostas pola súa situación dentro de España.

As crises que teñen lugar na nosa contorna estratéxica repercuten directamente na estabilidade e seguridade de España e no benestar dos españois. Así, a crise de Libia desestabilizou un Sahel que está a exercer presión migratoria sobre as nosas costas, ademais dos evidentes efectos humanitarios dos desprazamentos de poboación e as ameazas potenciais do terrorismo e as redes de tráfico ilícito, que se aproveitan desta inestabilidade como presenciamos hoxe na zona. A crise de Siria, que supuxo a chegada dun gran número de refuxiados a Europa, provocou unha conmoción política decisiva para o auxe das forzas euroescépticas e ultranacionalistas. No outro extremo, a agresión rusa contra Ucraína obrigou a máis de douscentos mil ucráinos a se refuxiaren no noso país e provocou unha crise enerxética que alimentou unha inflación con impacto directo sobre os nosos cidadáns e unha crise alimentaria que afectou especialmente á nosa veciñanza.

Por iso, España seguirá mantendo unha política bilateral especialmente activa na súa contorna estratéxica, poñendo en valor os seus instrumentos políticos, económicos e de desenvolvemento para promover a estabilidade, o crecemento e o progreso, complementándoa cunha participación construtiva na definición das políticas europeas, apoio en materia de seguridade e gobernanza e das capacidades dos Estados que así o soliciten. Esta prioridade hase traducir nun maior número de viaxes e visitas, nun diálogo político reforzado e nunha implicación especialmente intensa nas crises que xurdan na mesma, tanto dende o punto de vista político como na resposta humanitaria, de reconstrución e desenvolvemento. España seguirá apostando pola cooperación para o desenvolvemento como unha ferramenta estratéxica, canalizando máis recursos cara á acción humanitaria para facer fronte ás consecuencias dos conflitos. Así vénse demostrando, por exemplo, a través do noso apoio integral a Ucraína; o apoio á solución dos dous Estados e o recoñecemento do Estado de Palestina; a posta en marcha das Reunións de Alto Nivel con Mauritania; a Asociación Estratéxica con Exipto; o apoio á Comunidade Económica de Estados de África Occidental (CEDEAO), ou os despregamentos en Líbano ou Turquía.

A nosa política exterior debe captar a diversidade e complexidade dos países que nos rodean, incluídas as súas fortalezas e oportunidades. Por iso, á marxe das accións específicas que se describen no resto desta Estrategia, España propónse alcanzar unha presenza diplomática universal na nosa contorna estratéxica.

Esta presenza universal adaptará a nosa rede diplomática á nova realidade internacional, na que España debe desempeñar un papel máis decisivo na súa contorna próxima, aumentando a nosa información e os nosos recursos sobre o terreo, de forma que contribúa a unha mellor xestión dos retos conxuntos e a un maior aproveitamento das oportunidades que brindan as transformacións económicas e sociais da nosa veciñanza.

É prioritario fomentar o coñecemento de expertos españois, especialmente na universidade e no sector privado, sobre os eidos político, económico e social da nosa contorna estratéxica. Seguiremos avanzando nesta tarefa, por exemplo, a través das convocatorias realizadas polo Ministerio de Asuntos Exteriores, Unión Europea e Cooperación para proxectos de investigación e o seu apoio e interlocución con centros de pensamento e institucións innovadoras como o Consello Asesor para África.

MÁIS EUROPA ALÉN DA UE

Na contorna inmediata da UE, merecen especial atención a nosas relacións con varios países de gran relevancia estratéxica para Europa.

España manterá o seu compromiso coa soberanía e integridade territorial de Ucraína. Este compromiso, apoiado por un gran consenso social e político, manifestou dende 2022 a unha escala sen precedentes en accións de apoio diplomático, militar, humanitario, económico, financeiro, cultural e xurídico. Dende o maior paquete da Cooperación Española na súa historia á recepción de máis de 200 000 desprazados ucráinos, así como a entrega de material militar e a formación de cerca de 7000 militares ucráinos no marco da misión EUMAM-UA. No 2025 España adoptará un novo paquete de asistencia militar por valor de mil millóns de euros no marco do Acordo Bilateral de Seguridade e Defensa, que se suma aos máis de mil millóns concedidos no 2024. España xa comprometeu máis de 400 millóns de euros en axuda financeira destinada á reconstrución.

O noso sostén integral a Ucraína concretouse a través dun firme apoio ao seu proceso de adhesión á Unión Europea, iniciado no 2023 baixo Presidencia española do Consello da UE, e constitúe un elemento central para lle garantir a Ucraína a súa condición de Estado libre, soberano e firmemente ancorado na familia europea. España acompañará a Ucraína na fase de reformas que debe acometer como parte do proceso de adhesión.

Os lazos humanos, económicos e históricos, e as súas importantes capacidades estratéxicas, fan do Reino Unido un aliado e socio natural de Europa, que mantén especiais vínculos humanos e económicos con España. De feito, o Reino Unido é o terceiro investidor global en España, o segundo destino do investimento español no exterior e o primeiro emisor global de turistas ao noso país. A conclusión dun acordo global, pragmático e equilibrado, sobre Xibraltar permitirá aproveitar todo o potencial desta estreita relación.

A estabilidade e o desenvolvemento dos Balcáns Occidentais forman parte da nosa visión dunha Europa unida e próspera. Apoiaremos os procesos de reforma dos países da rexión acompañándoos no seu camiño cara á Unión Europea, promovendo ao mesmo tempo unhas relacións bilaterais máis sólidas no ámbito político, económico e social. O obxectivo é que os países balcánicos sigan recoñecendo a España como un socio fiable e como un país de referencia.

Turquía é un país candidato á adhesión á UE co que mantemos unha intensa relación no marco da OTAN e como actor clave no Mediterráneo, África e Oriente Medio. Esta relación concrétese en Reunións de Alto Nivel periódicas e en iniciativas como o copatrocinio da Alianza de Civilizacións de Nacións Unidas.

Alentaremos a cooperación cos Estados da Asociación Europea de Libre Comercio (AELC), en especial nas esferas económica, científica e de cooperación entre sociedades civís. Dentro desta asociación, Noruega é un país co que compartimos valores, que manteñen un elevado nivel de compromiso coa Axuda Oficial ao Desenvolvemento e co que colaboramos estreitamente na cuestión de Oriente Medio. España seguirá reforzando a cooperación con Islandia. A próxima apertura da súa Embaixada no noso país constitúe un fito nas nosas relacións.

España ofrecerá o seu apoio a Moldavia, como país democrático, no seu proceso de adhesión á UE e fronte á coerción rusa, reafirmando un compromiso firme coa integridade territorial do país. Pola súa vez, manteremos un alto nivel de esixencia respecto ás reformas necesarias en **Xeorxia** de acordo coas súas obrigas como Estado candidato.

A relación con Rusia seguirá fortemente condicionada pola agresión contra Ucraína, as accións cara aos seus veciños e polo seu impacto sobre a seguridade europea en sentido máis amplo, o que motivou a imposición de sancións por parte da UE e a ruptura de toda interlocución coas súas autoridades. Respecto a **Bielorrusia,** España seguirá esixindo o respecto aos dereitos civís e políticos da oposición e a sociedade civil e secundando medidas restritivas da UE contra o apoio do goberno bielorruso ás violacións do dereito internacional cometidas por Rusia.

AMÉRICA LATINA E O CARIBE: ALIADOS PARA UNHA AXENDA COMPARTIDA

América Latina é unha constante na identidade e a acción exterior de España. Nos últimos anos, España puxo a América Latina no centro da axenda europea coa celebración do primeiro Cumio UE-CELAC en oito anos durante a Presidencia española do Consello da Unión Europea no 2023 e co impulso constante á finalización do acordo con MERCOSUR, á vez que mantivo unha intensa axenda bilateral.

Tres millóns de latinoamericanos viven en España.

Por outra banda, máis de millón e medio de españois residen en América Latina. Dende a perspectiva europea, cerca de 6 millóns de europeos viven en América Latina e cerca de 7 millóns de latinoamericanos e caribeños viven en Europa. A achega destas comunidades migrantes á riqueza cultural e prosperidade compartida representa un valor que debemos potenciar. As viaxes oficiais do presidente do Goberno a Brasil, Chile, Colombia e República Dominicana, así como as visitas oficiais a España dos presidentes de Brasil, Chile, Colombia, Ecuador, Guatemala e Paraguai nos últimos dous anos, reflicten a importancia política que outorgamos a estas estreitas relacións.

O noso obxectivo é fortalecer aínda máis o espazo iberoamericano. A celebración, no 2026, do XXX Cumio da Comunidade Iberoamericana de Nacións en España constitúe unha oportunidade para reforzar a súa acción. Con ese fin, imos manter consultas cos países da rexión, os organismos iberoamericanos e a sociedade civil, buscando consolidar as súas estruturas e promover unha voz coherente nos debates e foros multilaterais.

No actual contexto internacional, América Latina, España e Europa compartimos intereses e valores que constitúen unha base sólida para unha cooperación máis estreita nos ámbitos político e económico. Así, España continuará promovendo xunto a América Latina e o Caribe a democracia, os dereitos humanos e a igualdade de xénero, e cooperando na defensa dos dereitos dos pobos indíxenas e afrodescendentes. España foi coherente con estes valores con medidas concretas como a acollida de máis de 150 000 venezolanos e ofrecéndolles a nacionalidade española a aqueles nicaraguanos desposuídos da súa nacionalidade.

España continuará promovendo o fortalecemento das relacións UE-América Latina co impulso dos Cumios UE-CELAC e os seus mecanismos de seguimento, como a reunión ministerial que tivo lugar o ano pasado nas marxes da Asemblea Xeral de Nacións Unidas.

Os vínculos culturais, científicos, educativos e empresariais constitúen a base da cooperación birrexional. Así mesmo, impulsaremos a Axenda de Investimentos Global Gateway da Unión Europea en América Latina e o Caribe, dotada con 45 000 millóns de euros ata o 2027 (9400 millóns comprometidos por España), así como da Alianza Dixital UE-CELAC a prol dun marco regulatorio tecnolóxico aliñado cos valores democráticos e o respecto aos dereitos fundamentais. España seguirá impulsando a entrada en vigor do Acordo

UE-MERCOSUR e o Acordo Global UE-México.

Traballaremos para a adecuación da implementación dos Acordos asinados con Chile e para tirar todo o partido, en beneficio mutuo, dos Acordos de libre comercio xa en vigor con América Central, cos países da Comunidade Andina e o CARIFORUM.

Fortalecer a cooperación bilateral e subrexional

Para España, todos os países de América Latina son igualmente importantes. Con todos eles van intensificarse o diálogo político e as relacións económicas, culturais e de cooperación, principiando polos países de asociación estratéxica como Arxentina, Brasil, Colombia, México e Perú.

Nos vindeiros anos traballaremos para obter a máxima potencialidade das relacións bilaterais. Con Brasil celebrouse a primeira Comisión Permanente Bilateral en febreiro do 2025, que elevou o nivel das nosas relacións a Cumios bienais. Pola súa banda, con México vaise reforzar a interlocución a todos os niveis, incluída a celebración da Comisión Binacional no 2025. Tamén no 2025 celebraremos a Comisión de Alto Nivel con Colombia e potenciaremos o pleno desenvolvemento da Alianza Estratéxica Renovada con Chile. Igualmente, fomentaremos os lazos con outros países clave de América do Sur como Bolivia, Ecuador, Paraguai e Uruguai.

América Central, rexión que dentro da súa diversidade enfrente desafíos comúns —inseguridade, fluxos migratorios, institucionalidade—, é de especial interese para España. Apoiaremos as institucións democráticas, o fortalecemento do Estado de dereito e o respecto aos dereitos humanos, así como o crecemento e desenvolvemento económico sostible dos países da rexión; en particular, Costa Rica, O Salvador, Guatemala, Honduras e Panamá.

No Caribe, España seguirá fortalecendo as relacións coa República Dominicana e potenciando o seu papel na rexión. España promoverá e contribuirá a que a crise multidimensional en Haití non desestabilice a rexión. O Caribe Anglófono ofrece grandes oportunidades para afondar nas relacións, especialmente con Xamaica, Trinidad e Tobago e Güiana.

España seguirá con atención a situación en Cuba, mantendo o compromiso co pobo cubano, incluído o ámbito dos dereitos humanos e xerando espazos de diálogo a fin de seguir sendo un

actor construtivo e relevante. En Venezuela, continuarase liderando o debate no ámbito europeo a favor dunha solución á crise política no país, alentando o diálogo entre os propios venezolanos. En Nicaragua, imos manter o compromiso humanitario e o apoio á oposición democrática e á institucionalidade.

Continuaremos traballando na conservación e promoción do patrimonio cultural iberoamericano xunto cos países da rexión, especialmente con México, socio da feira FITUR 2026, Colombia ou Bolivia, onde se acompañarán os actos de conmemoración do bicentenario da súa independencia. Así mesmo, seguiremos cooperando na defensa da biodiversidade e a protección do medio ambiente (por exemplo, con Brasil, sede da COP 30, Colombia ou Chile); ou na loita contra a inseguridade e o crime organizado, aproveitando os modernos Acordos integrais en materia de loita contra a delincuencia e o crime organizado xa en vigor e estendéndoos a outros países. España ha manter o seu compromiso e apoio político ao Proceso de Paz en Colombia.

Proseguirá a aposta española polo fortalecemento dos procesos de integración rexional (o Sistema da Integración Centroamericana-SICA, a Comunidade do Caribe-CARICOM e o MERCOSUR). Como decana dos Estados observadores da Organización de Estados Americanos, España reforzará a súa presenza na organización, colaborando coas súas institucións dedicadas á protección dos dereitos humanos (a Corte e a Comisión Interamericanas de Dereitos Humanos) e o seu labor de observación electoral.

Manteremos a nosa acción solidaria con América Latina. Esforzaremos por potenciar o papel da Cooperación Española, con máis de tres décadas de traballo na rexión, que permitiu o acceso á auga e ao saneamento a máis do 10 % da poboación en Haití e a máis do 5 % da poboación en Bolivia. Para iso, procederemos á firma de acordos específicos con cada país, como poden ser Paraguai (Marco de Asociación País) ou Uruguai (Acordo de Cooperación Avanzada, que habilita accións conxuntas en materia de cooperación triangular).

España impulsará unha maior coherencia e coordinación entre países iberoamericanos na promoción internacional do español co obxectivo de xerar talento e fomentar o seu uso na diplomacia multilateral, a xustiza internacional, a ciencia e a tecnoloxía. Nos últimos anos, o español converteuse en lingua oficial na Conferencia da Haia de Dereito Internacional Privado e este esforzo continúa coa firma de 11 acordos

para a promoción do español na esfera diplomática e nas organizacións internacionais con países da rexión. Adoptaremos mecanismos prácticos, xunto cos nosos socios, para afianzar a presenza do español na intelixencia artificial e nos medios de comunicación e intensificaremos a cooperación contra a desinformación. No Brasil, España seguirá promocionando o coñecemento e aprendizaxe do español a través da extensa rede de Institutos Cervantes —oito sedes, a máis extensa a nivel nacional.

Oportunidades de crecemento e beneficio mutuo

América Latina é unha rexión clave para a prosperidade de España. Foi a primeira rexión á que se dirixiu a empresa española no seu esforzo de internacionalización como consecuencia deses lazos humanos e culturais. A día de hoxe, España destaca como un actor particularmente relevante: no 2023 consolidouse como o segundo investidor individual, representando o 11 % do total e achegando o 52 % de todo o investimento europeo na rexión. Esta aposta é evidente: un terzo do investimento estranxeiro directo (IED) español diríxese cara a América Latina e o Caribe. Á inversa, os investimentos latinoamericanos sitúanse cerca dos 70 000 millóns de euros, posicionando a rexión como o cuarto maior investidor en España de maneira conxunta e a México como o primeiro país de renda media por investimentos no noso país.

A Unión Europea, pola súa banda, é o terceiro socio comercial da rexión, con intercambios que se aproximan aos 300 000 millóns de euros e é o principal provedor de cooperación para o desenvolvemento na rexión. Este compromiso vai máis alá do comercio: a UE mantense como primeiro investidor rexional, cun stock de investimento estranxeiro directo (IED) duns 700 000 millóns de euros, xerando case tres millóns de empregos locais e superando a suma de investimentos provenientes da China, do Xapón, Rusia e da India xuntas. Este posicionamento é especialmente salientable se temos en conta que as economías de América Latina e a UE son moi complementarias. Esta interdependencia positiva pode servir de base para desenvolver cadeas de valor máis seguras, diversificadas e sostibles en sectores como a enerxía, o ámbito dixital, as materias primas críticas, a biotecnoloxía ou a alimentación.

América Latina, o Caribe e a UE tamén teñen a oportunidade de unir os seus esforzos no ámbito multilateral na defensa de intereses compartidos. Cun 14 % da poboación, un 22 % do PIB

mundial e un total de 60 votos nos órganos de Nacións Unidas, xuntos gozamos dunha importante capacidade de Influencia na procura de solucións aos retos globais. En particular, buscarase unha maior colaboración en áreas como a cooperación fiscal, o financiamento dos países de renda media, a protección da diversidade e a adaptación e mitigación do cambio climático, así como a reforma do sistema multilateral cara a unha maior inclusividade. Da mesma forma, seguiremos cooperando en favor dunha migración regular.

O MAGREB E ORIENTE MEDIO: APOSTA POLA PAZ E ESTABILIDADE NA NOSA VECIÑANZA

O Magreb, o Mediterráneo e Oriente Medio conforman unha das rexións nas que se evidencian con maior nitidez os procesos de cambio que se viven a escala global, incluídos os desprazamentos descritos na primeira parte desta Estrategia. Tensións e sacudidas que a mediados do 2024 alcanzaron un punto álxido, ameazando con arrastrar o Mediterráneo oriental cara a un conflito rexional sen precedentes e de consecuencias imprevisibles.

España debe manter a iniciativa e seguir impulsando unha liña sólida e clara da man de socios e aliados. En clave europea, España proporá contribucións activas nas institucións europeas para o deseño e posta en práctica do Pacto polo Mediterráneo, un instrumento que debe servir para lle dar un pulo renovado á política mediterránea da UE.

España seguirá traballando no Mediterráneo polo fortalecemento do partenariado rexional e as institucións que o encarnan: a Unión polo Mediterráneo e a Fundación Anna Lindh. Coincidindo co 30.º aniversario do Proceso de Barcelona, o ano 2025 ofrece unha oportunidade única para pór o Mediterráneo e a integración rexional no centro da axenda europea e rexional. España velará por garantir que a reforma da Unión polo Mediterráneo culmine exitosamente, dotándoa de máis medios e modernizándoa para que poida responder aos desafíos a través da cooperación rexional, co valor engadido de ser a única organización da que son membros á vez Israel e os países árabes do Mediterráneo.

España vaise esforzar por tecer e expandir alianzas cos países e actores clave da rexión. Ás alianzas xa existentes co Magreb, ou máis recentemente co Diálogo Estratéxico con Qatar ou a Asociación Estratéxica con Exipto, engádeselles o afondamento da relación con Arabia Saudita e

outros países do Golfo, ademais de Xordania. A escala rexional, España seguirá apostando polo fortalecemento do partenariado mediterráneo e as institucións que o encarnan.

Mirando cara á nosa veciñanza máis próxima, para España, con territorio no norte de África e costas paralelas ao litoral magrebí, a política exterior no Magreb é unha importante prioridade. A prosperidade e estabilidade dos nosos veciños é a nosa e para España a prioridade nos anos vindeiros debe ser manter as mellores relacións cos nosos veciños máis próximos, aproveitando o potencial das nosas relacións bilaterais e mantendo o noso apoio ás iniciativas de diálogo e cooperación que fomenten a súa integración e estabilidade tanto política como socioeconómica.

As relacións bilaterais con Marrocos atópanse no seu mellor momento, cunha cooperación reforzada en todos os eidos, reflectida e impulsada nas Reunións de Alto Nivel. Ao mesmo tempo, España seguirá traballando co propósito de garantir unha relación mutuamente beneficiosa con **Alxeria**, baseada nos nosos fondos lazos e na amizade histórica entre os nosos dous pobos. En relación con **Mauritania**, as crecentes viaxes oficiais e a ratificación do Tratado de Amizade, Boa Veciñanza e Cooperación demostran o reforzo da cooperación bilateral; a celebración da I Reunión de Alto Nivel no 2025 será unha mostra da vontade compartida de avanzar nun partenariado profundo, enraizado en intereses e obxectivos comúns. **Tunes e Libia** seguirán sendo socios importantes, tanto dende o punto de vista bilateral como do europeo e rexional. Así mesmo, España seguirá comprometida co Diálogo 5+5 sobre o Mediterráneo Occidental nas súas distintas dimensións.

O noso país apostou e seguirá apostando pola paz, a estabilidade, o diálogo e o respecto á orde internacional na súa actuación cara á zona. A vaga de violencia desatada a partir dos terribles atentados terroristas do 7 de outubro de 2023 foi a constatación da necesidade de cambiar radicalmente o enfoque de mera xestión dun proceso de paz estancado. A esa constatación respondeu o recoñecemento por parte de España, xunto con outros socios, do Estado palestino en maio do 2024 e o posterior lanzamento da Alianza Global pola solución dos dous Estados.

España debe seguir apostando decididamente pola paz e a estabilidade en Oriente Medio mobilizando todos os instrumentos ao seu alcance, participando activamente en todos os foros globais e rexionais e fomentando o diálogo e consenso euro-árabe. España seguirá comprometida

coas Nacións Unidas, coa Axencia de Nacións Unidas para os Refuxiados de Palestina en Oriente Medio, FINUL (Líbano), UNSMIL (Libia), os Representantes Especiais do Secretario Xeral das Nacións Unidas e as misións e operacións que a UE e a OTAN teñen despregadas.

Con **Eixipto**, avanzaremos na posta en práctica da asociación estratéxica lanzada en xaneiro do 2025 e con **Xordania** traballaremos co propósito elevar o nivel da relación bilateral. En paralelo, o fortalecemento do diálogo e a cooperación cos países do Golfo será un obxectivo prioritario, en liña coa estratexia que tamén se impulsa a escala europea. Así, ao recente Diálogo Estratéxico iniciado con **Qatar** súmaselle a Asociación Estratéxica con **Arabia Saudita**, que pon de manifesto a crecente institucionalización e intensificación de intercambios.

De igual modo, España acompañará o Líbano na súa estabilización e recuperación, alentará unha transición inclusiva en **Siria** que contribúa á pacificación e reconstrución do país e manterá o seu compromiso coa seguridade e estabilización de **Iraq**.

Coa adopción da Estratexia África 2025- 2028, España dotou a súa visión sobre o Norte de África dunha dimensión panafricana. O Mediterráneo é o noso espazo de desenvolvemento, de proxección natural e a bisagra cara á nosa veciñanza subsahariana. Un espazo compartido, cunhas dinámicas socioeconómicas, humanas, políticas e de seguridade que se integran nunha dimensión continental que inclúe África no seu conxunto e Oriente Medio. Por iso, España xa está explorando posibilidades de cooperación e coordinación con países socios, como, por exemplo, Eixipto.

No ámbito rexional, España seguirá apostando por afondar na relación bilateral, pero tamén da UE, co Consello de Cooperación do Golfo e coa **Liga de Estados Árabes**. A vocación de España é fomentar unha visión integradora, onde os retos da Veciñanza Sur da UE se aborden en conxunto e en conexión coa África subsahariana.

REFORZAR OS VENCELOS PERMANENTES CON AMÉRICA DO NORTE

A relevancia das relacións transatlánticas para a nosa acción exterior responde non só ao peso político, económico e demográfico dos Estados Unidos e O Canadá, senón tamén á súa condición de aliados na OTAN e de socios estratéxicos da Unión Europea. España comparte con ambos os dous países vínculos profundos e valores democráticos.

A relación cos Estados Unidos foi unha prioridade nos últimos anos da política exterior de España sobre a base de valores compartidos, como demostran a visita presidencial no 2022 e a adopción da primeira declaración conxunta entre ambos os países en 20 anos, a colaboración na evacuación de Afganistán e na acollida de cidadáns nicaraguanos expulsados do seu país, coordinada coas autoridades dos Estados Unidos e a ampliación das bases de uso conxunto.

Os Estados Unidos, que dende a segunda metade do século XX se constituíron como o aliado natural de Europa, acaban de iniciar unha etapa política na que as relacións transatlánticas entran nunha nova fase. A vontade de España é manter as relacións máis estreitas posibles sobre a base do diálogo e o beneficio mutuo.

España seguirá comprometida cun marco favorable ao comercio transatlántico e aos investimentos nos dous sentidos, especialmente en sectores como a enerxía, as infraestruturas e a tecnoloxía, capitalizando o valor que supón que Os Estados Unidos sexan o primeiro investidor estranxeiro en España e o primeiro destino do investimento estranxeiro español, con case 800 empresas españolas que xeran ducias de miles de postos de traballo en practicamente todos os Estados da Unión. España aposta por unhas relacións económicas entre a UE e Os Estados Unidos abertas e rexidas por normas.

No ámbito de seguridade e defensa, a sólida cooperación baseada no acordo de 1988 constitúe un elemento esencial da dimensión estratéxica da nosa política exterior e contribúe ao compromiso dos Estados Unidos coa seguridade euroatlántica.

Mediante instrumentos como os Foros anuais promovidos pola Fundación Consejo España-Estados Unidos e o **US-Spain Council**, a Asociación de Científicos Españoles nos Estados Unidos, e os centros de pensamento a ambos os dous lados do Atlántico, seguirase cultivando e ampliando a densa armazón de relacións entre sociedades civís, empresas, institucións científicas e académicas, especialmente no ámbito da comunidade hispana dos Estados Unidos. A conmemoración, no 2026, do 250.º aniversario da independencia dos Estados Unidos ofrece unha oportunidade simbólica para subliñar a achega de España naquel proceso histórico.

O Canadá é un aliado comprometido coa OTAN e un socio estratéxico para a UE co que España comparte valores e intereses fundamentais. A partir da Declaración Conxunta subscrita no

2022, as relacións hispano-canadenses adquiriron unha intensidade sen precedentes.

As consultas políticas de alto nivel, con carácter anual, seguirán permitindo coordinar esforzos e adoptar novos obxectivos comúns, e a cooperación en seguridade e defensa verase reforzada. O Acordo Económico e Comercial Global entre O Canadá e a UE favorece un crecente comercio bilateral. Empresas españolas están presentes nos sectores de enxeñería, transporte e enerxía e seguirán desempeñando un papel clave na nosa relación. As relacións culturais e entre sociedades civís vanse ver favorecidas polas oportunidades ofrecidas polo Acordo de Mobilidade de Xente Nova e a presenza de numerosos investigadores españois de gran talento nas principais institucións científicas e educativas do Canadá.

UN SALTO NA NOSA RELACIÓN CON ÁFRICA

España inicia unha nova etapa estratéxica nas súas relacións con África para os vindeiros catro anos. A proximidade xeográfica do continente, con fronteira en Ceuta e Melilla e proximidade coas costas españolas en Andalucía e Canarias, fai da realidade africana un elemento inseparable da nosa propia seguridade e prosperidade. Por iso España centrou os seus esforzos en reforzar a súa presenza en África con máis contactos e máis investimento e triplicou a axuda oficial ao desenvolvemento dirixida á rexión. Non poden volver pasar quince anos sen que un Ministro de Asuntos Exteriores español visite Nixeria, o país máis poboado de África, un subministrador enerxético primordial e sede, ademais, da Comunidade Económica de Estados de África Occidental (CEDEAO).

Sobre o traballo realizado, é o momento de dar un salto na nosa relación con África. De aí, a nova Estrategia España-África 2025-2028: *traballando xuntos a través dunha relación estratéxica*, establece como rexións prioritarias África do Norte, África Occidental e o Sahel e márcase como obxectivo consolidar cos nosos socios africanos unha relación baseada no respecto e beneficio mutuo e impulsar que os seus intereses sexan tidos en conta no seo da UE.

O continente africano está a experimentar cambios estruturais que alterarán as dinámicas globais. Os datos demográficos son contundentes: para o 2050, África representará unha cuarta parte da poboación mundial. Xa o ano que vén o número de persoas en idade de traballar en África subsahariana superará o do conxunto

de economías desenvolvidas. En termos económicos, as proxeccións indican que a participación de África no PIB mundial podería multiplicarse por seis en 25 anos, dende o 3 % actual.

España manterá o foco posto en África

España reforzará a súa interlocución política cos países africanos e as principais organizacións multilaterais da rexión. A nosa acción debe continuar o fortalecemento das canles de diálogo tanto bilaterais como multilaterais. Con este obxectivo, España seguirá apoiando os procesos de integración rexional liderados pola Unión Africana (UA) e a CEDEAO, así como os avances no seo da Comunidade de Desenvolvemento de África Austral (SADC), a Comunidade Africana Oriental (EAC) e a Autoridade Intergobernamental sobre o Desenvolvemento (IGAD). En particular, promoveremos consultas políticas de alto nivel coa UA, a CEDEAO e a SADC, buscando aliar a nosa axenda bilateral coa ambición africana de maior integración continental. A Comisión Interministerial para África, recentemente creada, que se reúne a nivel ministerial e de secretarios de Estado para coordinar a acción da Administración Xeral do Estado no continente, reforzará a eficacia da acción exterior española en África.

O impulso do diálogo e o coñecemento mutuo será unha prioridade da nova estratexia española. Os instrumentos institucionais deben complementarse con redes de cooperación entre sociedades civís. Incrementaremos os nosos esforzos no ámbito da diplomacia pública a través de entidades como Casa África e crearemos unha Fundación para promover as relacións nos eidos político, económico e social, facilitando programas de bolsas e seminarios que fomenten o coñecemento de África en España e viceversa. Paralelamente, instituiremos mecanismos estables de consulta coa diáspora africana e a comunidade afrodescendente en España. Ademais, lanzaremos un Consello Asesor co fin de escoitar voces africanas e españolas de todos os sectores da sociedade.

España contribuirá activamente á integración económica e á conectividade do continente africano. A fragmentación económica é un dos principais atrancos para o desenvolvemento africano. Por iso, fomentaremos iniciativas que permitan a integración efectiva do continente. En particular, seguiremos apoiando a implementación do Acordo Continental Africano de Libre Comercio (AfCFTA), pois representa a maior zona de libre comercio do mundo por número de países participantes e ten o potencial de transformar

as economías africanas. Complementariamente, apoiaremos proxectos de infraestrutura claves como o Corredor de Lobito.

África ofrece grandes oportunidades económicas que España pode capitalizar mellor. Este potencial é xa unha realidade tanxible para o noso país: as nosas exportacións cara a África xa superan en valor ás dirixidas a América Latina (21 140 fronte a 20 330 millóns euros no 2024). Con iniciativas como Alianza África Avanza, lanzada xunto a Senegal como país piloto, España pretende promover investimentos transformadores que xeren emprego produtivo e capacidade de crecemento na rexión. O obxectivo é pasar dun modelo baseado principalmente no comercio a outro que integre investimentos produtivos, transferencias de coñecemento e xeración de oportunidades a longo prazo.

A promoción do español en África seguirá sendo unha prioridade como elemento esencial do noso poder brando. A expansión da nosa lingua e cultura constitúe un vector de influencia a longo prazo. Partindo de logros conseguidos, como o recoñecemento do español como lingua de traballo da UA e a inauguración en Dakar do primeiro Instituto Cervantes en África subsahariana, seguiremos avanzando na promoción da nosa lingua e cultura. Os programas de bolsas África-MED e ASALE (Asociación de Academias da Lingua Española) servirán como instrumentos para formar unha nova xeración de hispanistas africanos que actúen como pontes entre ambas as rexións.

África Occidental e o Sahel: a nosa renovada prioridade

España aposta por intensificar a súa interlocución cos países de África Occidental; froito desta convicción creouse unha nova Subdirección Xeral no MAUC dedicada exclusivamente a esta rexión, ao que se lle suma o compromiso de acadar un despregamento diplomático completo en todos os países de África Occidental nos próximos anos.

A acción en África Occidental priorizará a **estabilidade institucional e o desenvolvemento económico**. Centraremos a nosa actuación en fortalecer sistemas institucionais que xeren oportunidades económicas, especialmente para a xente nova. España apoiará o aumento de conexións aéreas con África Occidental, unha rexión que ofrece enormes oportunidades para as nosas empresas e investidores. Con países como Senegal ou Mauritania seguiremos a construír sobre

a excelente relación existente e sinalaremos novos ámbitos de cooperación, aplicando o enfoque “equipo-país” que integra todos os instrumentos españois baixo unha estratexia unificada.

España continuará apoiando a seguridade e a gobernanza no Sahel e outras rexións clave para a estabilidade africana. A nosa visión considera a estabilidade do corredor que se estende dende o Golfo de Guinea ata o Mar Vermello como un interese xeoestratéxico de primeira orde.

España manterá a súa presenza en áreas clave africanas: o Golfo de Guinea, os Grandes Lagos, o Corno de África, o Mar Vermello ou a Canle de Mozambique. España continuará comprometida coa seguridade no continente, tanto bilateralmente como en foros multilaterais, e a través da nosa participación nas misións militares e civís da UE e as Nacións Unidas. Facémolo coa nosa presenza en MINUSCA na RCA ou, no ámbito europeo, tamén na RCA e en Mozambique, en EUCAP SAHEL Mali, así como na EUTM Somalia e EUCAP Somalia.

Proxección cara a todo o continente: África Austral, Central e Oriental

A nova estratexia recoñece a importancia de **ampliar a nosa presenza e influencia a outras rexións do continente**. Incrementaremos a nosa atención diplomática e recursos cara a zonas que experimentan conflitos con repercusións rexionais e globais: o Corno de África, os Grandes Lagos e a rexión de Cabo Delgado en Mozambique.

O apoio aos esforzos de paz africanos e a resposta ás causas profundas da conflitividade constituirá unha das nosas prioridades. España goza de excelentes relacións con moitos países desta zona, como demostraron a recente viaxe de Estado a Angola ou as visitas do presidente do Goberno a Kenya e Suráfrica, ás que hai lles que sumar os vencellos humanos, culturais e históricos con Guinea Ecuatorial.

CONSOLIDAR A NOSA PRESENZA NO CÁUCASO E ASIA CENTRAL

No Cáucaso Meridional, España apoiará os esforzos para lograr unha paz duradeira entre Armenia e Acerbaixán sobre a base dos principios do dereito internacional e o respecto dos dereitos das minorías. Coidamos que a UE pode desempeñar un papel construtivo no logro desa paz e seguiremos apoiando a súa implicación diplomática e con medidas de fomento da confianza.

España apoia a intensificación das relacións entre a UE e os países de Asia Central (Kazakhstan, Kirguizistán, Tadjikistán, Turkmenistán e Uzbekistán), cuxa relevancia se viu acentuada pola agresión rusa contra Ucraína, os acontecementos en Afganistán e a crecente presenza económica da China. Mediante cumios e outras reunións de alto nivel entre a UE e os países Asia Central, e coa conclusión de Acordos de cooperación e asociación reforzadas a semellanza do xa vixente con Kazakhstan, a UE debe seguir contribuíndo a manter relacións non excluíntes coa rexión que reforcen a conectividade dixital e física (en particular, mediante o Corredor central transcaspiano), o acceso a materias primas críticas, a cooperación económica e en seguridade, e a transición enerxética en países aínda moi dependentes dos combustibles fósiles.

No plano bilateral, España desenvolverá unha axenda máis intensa con Kazakhstan e Uzbekistán, principais actores da rexión, con visitas e viaxes máis frecuentes, diálogo político mediante os mecanismos existentes e un maior esforzo por mellorar a nosa taxa de cobertura comercial.

AFONDAR NA PEGADA DE ESPAÑA EN ASIA-PACÍFICO

Asia-Pacífico é cada vez máis o centro de gravidade das relacións internacionais, cun papel xeopolítico e económico en ascenso que perdurará no próximo cuatrienio. Concentra o 60 % da poboación mundial, achega o 54 % do PIB global e xera máis do 60 % do crecemento económico, grazas en gran medida a ser a segunda zona con maior integración económica tras a Unión Europea. Así e todo, persisten grandes diferenzas de desenvolvemento entre os países da rexión e notables desigualdades internas, malia os logros extraordinarios na redución da pobreza durante as últimas décadas.

España encara a súa acción exterior en Asia-Pacífico durante os vindeiros catro anos partindo do pulo que lle outorgan unhas relacións bilaterais reforzadas por visitas de alto nivel a países clave da rexión. O presidente do Goberno viaxou á República de Corea no 2022 (a primeira visita de carácter bilateral dun xefe do Executivo español), á China no 2023, 2024 e 2025 e á India no 2024. Pola súa banda, España tamén recibiu os líderes do Xapón e República de Corea. Estes intercambios, xunto cos acordos e declaracións subscritos, evidencian a vontade de estreitar unha asociación máis próxima coas principais potencias de Asia-Pacífico, entendida como un elemento esencial para a proxección global de

España, a súa seguridade económica e o seu compromiso cunha orde internacional aberta e baseada en regras. Esta prioridade plasmouse na recente creación de dúas unidades para Asia Meridional e Asia Oriental no MAUC, con rango de Subdirección Xeral, que supoñen unha maior concentración de recursos na rexión, e que se traducirá en detalle mediante unha estratexia renovada para Asia-Pacífico.

A acción exterior da Unión Europea constitúe un elemento importante da política exterior de España cara a Asia. España continuará contribuíndo a unhas relacións fundadas no respecto ao dereito internacional e a importancia de preservar a estabilidade e seguridade nesta rexión clave. No que respecta ao marco comunitario, a Estratexia para a Cooperación no Indo-Pacífico seguirá sendo a referencia principal, unida a un despregamento efectivo e á iniciativa Global Gateway en apoio da conectividade física e dixital e a transición ecolóxica. Ademais, España apoiará a ampliación da rede de acordos de libre comercio coa rexión para incluír a Filipinas, Indonesia, a India e Vietnam, e a continuación dos diálogos sectoriais en áreas como os dereitos humanos, a tecnoloxía e a axenda dixital.

España entende ademais que a resposta conxunta aos grandes retos globais require da colaboración dos países de Asia-Pacífico. A loita contra o cambio climático, a preservación da biodiversidade, o uso sostible dos océanos e a non proliferación de armas de destrución masiva non son problemas que se poidan resolver sen ter en conta a estes países, polo seu peso demográfico, económico e tecnolóxico, e pola súa crecente contribución ás emisións de CO₂ que xa superan as de Europa e Os Estados Unidos de maneira conxunta. Por iso, reforzaremos o diálogo e a cooperación no seo de estruturas multilaterais e apoiaremos o labor das institucións e iniciativas rexionais que aborden estes retos.

Prioridades enfocadas dentro da rexión

O Xapón e a República de Corea seguirán sendo socios estratéxicos para España, aos que nos unen valores democráticos e intereses comúns. Sobre a base de excelentes relacións políticas e, no caso do Xapón, do noso partenariado estratéxico, seguiremos creando valor conxunto mediante investimentos e colaboración en sectores como as enerxías renovables, a automoción e a dixitalización. A seguridade e a defensa son ámbitos onde debemos profundar na nosa cooperación fronte ás ameazas á seguridade marítima ou os riscos que entraña a proliferación en Corea

do Norte. Os centros do Instituto Cervantes en Tokyo e Seúl (este último inaugurado no 2025) permitirán seguir respondendo ao interese pola lingua e a cultura españolas e xerando oportunidades para o noso sector cultural e creativo.

Despregaremos unha axenda bilateral ambiciosa coa China, profundando na asociación estratéxica integral que entra na súa terceira década e as excelentes relacións bilaterais como demostra o sostido fluxo de viaxes e visitas. Aproveitaremos os mecanismos de diálogo político, económico e tecnolóxico existentes e traballaremos para mellorar os termos da relación económica. Defenderemos unhas relacións entre a UE e a China nas que as diverxencias non mingüen a necesidade dunha axenda positiva e de cooperación ante retos globais, como o cambio climático ou a saúde. Grazas ao despregamento do Instituto Cervantes en Pequín e á nova apertura en Shanghai, proxectaremos a nosa lingua e cultura na sociedade chinesa.

En Asia Meridional, a India recibirá unha atención prioritaria consonte o seu crecente peso na orde internacional. España deu un gran salto nas súas relacións coa India e conforme ao acordado na Declaración Conxunta de 2024 imos potenciar numerosos ámbitos, como a cooperación industrial no sector aeronáutico (colaboración de Airbus España e Tata en Vadodara) e os mecanismos de diálogo bilateral, en especial as consultas políticas, as comisións mixtas económica e de ciencia, tecnoloxía e innovación, o grupo de traballo conxunto de defensa e o panel de expertos en turismo. Contribuiremos ao reforzo da asociación estratéxica UE-India e á culminación das negociacións para lograr acordos de libre comercio, protección de investimentos e indicacións xeográficas. Reforzarase a conectividade, de modo que nosas sociedades se beneficien de maiores fluxos de investimento, turismo, cooperación educativa e coñecemento recíproco, con instrumentos como unha canle áxil para investimentos e o Ano Dual da Cultura, o Turismo e a Intelixencia artificial.

Manteranse as excelentes relacións con **Paquistán** e apoiaremos a **Bangladesh** nas súas reformas políticas e o seu crecente desenvolvemento socioeconómico. En **Afganistán**, España seguirá promovendo a defensa dos dereitos de mulleres e nenas.

España seguirá apostando polas relacións con ASEAN. A Asociación e os seus membros ocupan

un lugar central na xeografía da rexión de Asia-Pacífico. España será un socio activo nas relacións UE-ASEAN e asumirá un compromiso explícito cos obxectivos de ASEAN mediante a sinatura do Tratado de Amizade e Cooperación, que a medio prazo permitirá elevar o status á condición de socio de cooperación, como outros países europeos.

Dentro da rexión do Sueste Asiático, **Indonesia**, que forma parte do grupo de potencias rexionais con proxección global, será un socio prioritario para España, o que se plasmará nun maior diálogo político e económico e nun reforzo das relacións culturais e entre sociedades civís. A profundidade histórica e humana da nosa relación con Filipinas permitirá manter a súa condición de socio de cooperación e base dende a que desenvolver unha colaboración técnica coa rexión do Sueste Asiático. Con **Vietnam**, traballaremos en desenvolver aínda máis a potencialidade da asociación estratéxica subscrita no 2009 con visitas de alto nivel; cooperación financeira para favorecer o investimento; un novo plan de acción bilateral, e cooperación en ciencia, tecnoloxía e innovación e en seguridade e defensa, de modo que contribuíamos a elevala ao rango de asociación estratéxica integral.

Con **Australia e Nova Zelandia** a coincidencia de visións, valores e actitudes ante os retos globais nos segue situando nunha posición vantaxosa dende a que afondar na nosa cooperación económica, científica e cultural, en seguridade e defensa e en organismos e foros multilaterais. A pesar a distancia, o comercio bilateral con Australia creceu substancialmente e aproxímase aos 3000 millóns de euros anuais, e o turismo dende Australia, aos 700 000 visitantes cada ano.

España quere manter e reforzar a súa contribución ao **Foro de Illas do Pacífico (PIF)**, tamén no marco da política de asociación cos países ACP renovada co acordo de Samoa concluído durante a última presidencia española do Consello da UE no 2023.

Traballaremos por promover España como destino turístico no continente asiático, afondando nos factores de atracción, aumentando as conexións aéreas e reforzando a nosa presenza consular. Neste ámbito, o obxectivo será acelerar a tendencia crecente de turistas que lideran oO Xapón, aA China e a República de Corea, ademais da India.

PARTE III:

**FUNDAMENTOS
E FERRAMENTAS
DA ACCIÓN EXTERIOR**



AS NOSAS FORTALEZAS E VALORES

Ante as transformacións da orde internacional, España ten que responder cunha política exterior con identidade de seu que se apoia e se constrúe sobre os seus activos como país. Esta resposta artéllase en tres piares esenciais: no primeiro bloque destacan os nosos valores de apertura e a nosa posición xeoestratéxica, que sitúan a España nunha localización privilexiada para influír no escenario global; o segundo bloque céntrase no dinamismo e a diversificación da nosa economía internacionalizada, motor de competitividade e crecemento, e o terceiro bloque salienta o poder brando derivado da nosa herdanza e diversidade cultural, elementos que reforzan a nosa capacidade de proxección e influencia. Estes tres eixos apoian a resposta de España para defender os seus intereses e asegurar a súa influencia nun contexto global en constante mudanza.

Valores e situación estratéxica

A combinación de identidades mediterránea, atlántica e iberoamericana potencia a nosa capacidade de interlocución transrexional. Esta tripla identidade, xunto ao noso carácter de país diverso e plural, posiciona a España como un interlocutor capaz de articular relacións en distintas áreas xeográficas e culturais, reforzando o seu poder brando no escenario internacional.

O sistema político e os valores dos españois constitúen un capital intanxible de gran valor no exercicio da nosa acción exterior. O sistema político español baséase no respecto á dignidade humana, aos dereitos fundamentais e ao Estado de dereito. Como sociedade plural, estes principios e valores inspiran a nosa acción exterior, en particular no que respecta á promoción dos dereitos humanos, á igualdade de xénero, aos dereitos das persoas con discapacidade, á defensa da diversidade e aos dereitos das persoas LGTBI.

A poboación española está comprometida coa democracia, a igualdade de oportunidades e de xénero, a diversidade e a transición ecolóxica. O Índice de democracias do *Economist Intelligence Unit* sitúa a España como unha das 25 democracias plenas do planeta, ocupando o 6.º lugar dentro do G-20 e o 9.º no seo da UE. Así, segundo o Centro de Investigacións Sociolóxicas (2024), o 80,7 % dos españois considera que a democracia

é preferible a calquera outra forma de goberno. Así mesmo, a última rolda (11.º) da Enquisa Social Europea (ESE) sinala que un 88 % dos españois son favorables a asegurar a igualdade de oportunidades a todos os sectores da poboación, a porcentaxe máis alta entre os países consultados, e un 80 % coincide coa importancia de “ser libre” para tomar decisións, en liña co grupo de países que lle dá máis importancia a esta dimensión. Por outra banda, o Instituto Europeo de Igualdade de Xénero sitúa a España en cuarta posición en canto á igualdade de xénero na UE. Neste mesmo senso, segundo unha recente enquisa de IPSOS, os españois son os europeos que máis se definen a si mesmos como feministas (51 %) e, segundo a ESE, un 90 % está moi ou bastante de acordo con que as persoas LGTBI poidan vivir a súa vida como desexen, unha das cifras máis altas. Un 77 % da poboación aprecia o valor da diversidade social. Ao mesmo tempo, un 74 % concorda na importancia de coidar a natureza e a contorna. Nesta liña, segundo a EIB Climate Survey (2023), os españois mostran unha alta preocupación polo cambio climático: o 72 % considera que a transición cara a unha economía climaticamente neutra só se pode acadar se se abordan simultaneamente as desigualdades sociais e económicas.

A cidadanía española é decididamente europeísta (o 84 % séntese europea e oito de cada dez sosteñen que se debería aumentar a marxe da UE para adoptar decisións, segundo o último Eurobarómetro), moi por riba da media europea, cunha forte predisposición cara ao multilateralismo. Estas características permitíronlle a España desempeñar un papel central no proxecto de construción europea e na promoción dos ODS e o Acordo de París sobre cambio climático. A sociedade española tamén é solidaria, como demostran as altas taxas de doantes de órganos ou o alto apoio á política de cooperación.

Economía dinámica e internacionalizada

A transformación económica de España ilustra a súa rápida evolución cara a un mercado internacionalizado. En apenas cincuenta anos, o país transitou dende unha economía pechada a consolidarse como unha economía competitiva e aberta, posicionándose como a décimo terceira economía mundial e a cuarta da UE. É tamén

unha das vinte economías máis internacionalizadas do mundo, cun importante crecemento impulsado polo sector exterior. Somos o undécimo exportador de servizos e o undécimo investidor global, ademais de ser o segundo país do mundo en ingresos por turismo, con máis de 90 millóns de turistas ao ano. De feito, arredor de dous terzos da facturación das empresas que cotizan no IBEX35 provén do exterior. Ademais, a economía española acumula xa 13 anos rexistrando superávits por conta corrente, só superados hoxe por Alemaña entre as grandes economías europeas.


O sólido desempeño económico de España consolidaa como motor da Eurozona. Nos últimos anos, España converteuse nun dos motores económicos da Eurozona, crecendo por riba da media europea e superando de forma reiterada as expectativas, especialmente en creación de emprego. De feito, o emprego en sectores de alto valor engadido ou produtividade (I+D+I e actividades científicas) creceu case un 50 % respecto de principios do 2018. Ademais, fíxoo limitando os desequilibrios do pasado, reducíndose a débeda de fogares e entidades non financeiras á metade en tan só unha década e manténdose contida a relevancia do sector inmobiliario. O sector agroalimentario é especialmente relevante, sendo España a cuarta potencia exportadora de alimentos da UE e sétima do mundo. Por outro lado, España

é líder na UE tanto en acuicultura como en número de capturas da súa flota pesqueira.

As exportacións sosteñen boa parte do crecemento e da actividade económica. As exportacións españolas de bens e servizos supoñen unha porcentaxe do PIB superior ao de Francia e Italia, aínda que por detrás doutros europeos coma Alemaña ou Países Baixos. Así, a cuarta parte dos nosos empregos dependen do exterior, e un dos principais motores de crecemento provén da exportación de servizos non turísticos (arredor do 9 % do PIB). De feito, a cota de mercado global español en bens mantívose relativamente estable arredor do 1,8 % durante as últimas décadas, namentres que na maioría dos países occidentais decaeu ostensiblemente ante o empuxe da China e outras economías emerxentes.

España é un dos países do mundo con máis investimentos no exterior. O stock de IED de España en exterior pasou de ser o 0,8 % do PIB en 1980 a superar o 40 % nos 2022. O bo comportamento do sector exterior tamén se reflicte no novo papel que está a adoptar España como *hub* de investimentos. O indicador de FDI Markets reflicte que, entre o 2018 e o 2024, España foi o quinto destino mundial de investimentos *greenfield*, o cuarto en proxectos de I+D, e o segundo no ámbito das enerxías renovables.

Evolución das exportacións como porcentaxe do PIB



Fonte: INE.


Á VANGARDA EN CONECTIVIDADE

España conta cunha posición xeográfica privilexiada e consolidouse como un enclave estratéxico para o comercio mundial, confluindo nos portos españois as principais rutas marítimas do eixo leste-oeste que enlaza os principais portos de Asia, Europa e América, e as rutas norte-sur, que enlazan o continente europeo con África. Así como para as conexións aéreas cos continentes americano e africano. Esta situación fai que os portos e aeroportos españois gocen dunha situación excepcional para exercer como hub para persoas e mercadorías. España é o primeiro país de Europa e o sexto do mundo en conectividade marítima (Liner Shipping Connectivity Index UNCTAD). É o segundo país en alta velocidade ferroviaria a nivel mundial (con máis de 4000 km) e conta coa maior rede de autovías e autoestradas da UE (máis de 17 000 km), 50 aeroportos (España foi o país con máis tráfico aéreo en Europa no 2024) e 46 portos de interese xeral (Valencia figura no 4.º posto e Alxeciras no 5.º na list de portos da UE que máis contedores moveron no 2024). Nos próximos anos, seguiremos impulsando a Rede Transeuropea de Transporte, mellorando a conexión co resto da EU e incidiremos no desenvolvemento do transporte ferroviario de mercadorías. En conectividade dixital, España ocupa a 15.ª posición no Logistics Performance Index do Banco Mundial e é líder europeo en adopción da banda larga ultrarrápida (87 % no 2023) e en cobertura a redes de moi alta capacidade (93 % no 2023). Este contexto permitiu o incremento da posta en marcha de centros de datos e o desenvolvemento do Barcelona Supercomputing Center.

España posiciónase como líder emerxente na transición enerxética verde sen sacrificar competitividade. Hoxe en día, a descarbonización comeza a sumar máis que a restar competitividade: o dilema entre crecemento e redución de emisións é cada vez menor para o conxunto da economía, tal e como mostra o desacoplamento entre PIB e emisións no caso de España.

España está en condicións de avanzar cara a un abastecemento autóctono grazas ás enerxías renovables, comezando a superar a pobreza en recursos enerxéticos. Isto supón un gran cambio na posición internacional de España. A súa vantaxe comparativa climática fixo de España un dos maiores produtores de enerxía eólica e solar, alcanzando o 8.º posto mundial entre os países con

Evolución do PIB e da contaminación en España



Fonte: Datos extraídos de múltiples fontes polo Banco Mundial (2025) e o Global Carbon Budget (2024), compilados por Our World in Data.

maior potencia renovable instalada e o 2.º en Europa. Ademais, sitúase como o 5.º produtor internacional de enerxía eólica e solar e consolidouse como o 10.º mercado máis atractivo a nivel global para investimentos en enerxía verde.

O impulso ao hidróxeno verde e o acceso a recursos críticos reforzan a competitividade enerxética de España. A capacidade para xerar enerxía renovable a baixo custo, combinada co desenvolvemento de políticas de impulso, creou unha contorna favorable para a expansión do hidróxeno verde. Segundo o *Hydrogen Investability Index* España é, despois de Alemaña, o segundo país máis atractivo do mundo para investir neste combustible, clave para a descarbonización de sectores que son difíciles de electrificar e para o almacenamento de enerxía renovable. Infraestruturas en desenvolvemento, como o hidroduto europeo H2Med, destinado a transportar hidróxeno dende a Península Ibérica ao centro de Europa, fortalecerán aínda máis a posición estratéxica de España no contexto enerxético europeo. Así mesmo, a situación xeográfica e a gran capacidade regasificadora do país facilitan o acceso a fontes de enerxía ponte como o gas natural licuado.


Poder brando e capital cultural

O poder brando de España ten os seus alicerces na súa rica herdanza cultural e a súa capacidade

de influencia alén da súa contorna inmediata. Diversos indicadores evidencian que a identidade española —reforzada polo turismo, cine, música, gastronomía e deportes— xera unha percepción positiva e atractiva no exterior. De feito, é unha identidade claramente diferenciada e facilmente distinguible. O notable capital cultural e a diversidade do seu patrimonio (España ocupa o quinto posto en lugares catalogados como Patrimonio Mundial pola UNESCO) potencian esta influencia. A combinación da historia, a xeografía, a cultura e os lazos lingüísticos permítelle a España impulsar a súa acción internacional, especialmente con América Latina. Nada disto é novo, pero si gaña importancia nun escenario global máis fragmentado e marcado pola competencia.

O alcance global do español reforza a influencia do país. Case 500 millóns de persoas consideran o español a súa lingua materna (o 6,2 % da poboación mundial), sendo a segunda do mundo por número de falantes tras o chinés mandarín e a cuarta no cómputo global de falantes. Con máis de 23 millóns de estudantes de español como lingua estranxeira, posiciónase como un activo estratéxico que fortalece a presenza internacional en medios, ciencia, cultura dixital e tecnoloxía, facilitando a integración na economía do coñecemento. Ademais, o plurilingüismo, elemento esencial da nosa identidade nacional española, reforza a imaxe e a capacidade de diálogo de España na esfera internacional.

Linguas con maior número de falantes nativos, en millóns (2025)



Fonte: Ethnologue Languages of the World, 2025.

A riqueza da nosa cultura en canto a patrimonio e industrias culturais e creativas ofrécenos canles de proxección natural ao exterior e sinais de identidade recoñecibles que xeran unha imaxe positiva. De feito, a cultura en español adaptouse con grande éxito ás grandes mudanzas dos últimos anos no ámbito audiovisual, cun grande éxito das series en español nas plataformas de *streaming* e un notable crecemento da música en español en formatos dixitais.

España quere capitalizar o talento e a diversidade do noso capital humano en prol dunha mellor acción exterior. España está entre os países da UE que máis incrementaron a súa poboación no século XXI. Hoxe achegámonos aos 50 millóns de habitantes, dos cales un 19 % son persoas de orixe estranxeira. Xeracións de inmigrantes e os seus descendentes contribúen a arriquecer a nosa identidade colectiva e conforman unha parte integral do noso tecido social. Isto tradúcese nunha maior capacidade de innovación, adaptación e proxección internacional. Neste senso, España buscará integrar o coñecemento e a experiencia da diáspora e as segundas xeracións para mellorar a nosa política exterior, aproveitando o seu potencial no eido internacional.

O turismo consolida a España como un destino de primeira orde mundial, en canto que a crecente residencia de estranxeiros reforza a nosa diversidade. Localización, clima, idioma, conectividade, diversidade e riqueza cultural contribuíron a situar o país como un dos destinos máis visitados do mundo, tal e como confirman os máis de 90 millóns de turistas internacionais anuais.

España debe seguir avanzando como un país aberto ao talento estranxeiro. Este perfil como polo de atracción xera un círculo virtuoso: mentres as empresas e profesionais que escollen España encontran unha contorna propicia para o seu desenvolvemento, a súa presenza enriquece a nosa sociedade, favorece o crecemento e impulsa a economía española.

A atracción de estudantes internacionais de grao e posgrao reforza a proxección educativa de España e potencia a captación de talento global. España segue a ser o destino preferido dos estudantes Erasmus e, cada vez máis, a opción preferida entre o alumnado non europeo. Nesta liña, traballaremos por manter esta capacidade de atracción, prestándolles especial atención a aqueles sectores e áreas de especialización que impulsen a innovación e respondan ás necesidades do noso mercado laboral.

PERCEPCIÓN DE ESPAÑA NO MUNDO

España soubo construír, ao longo dos anos, unha marca país sólida e recoñecible, esteada principalmente en fortalezas tradicionais como o turismo, a cultura, a apertura e acollida e o deporte, así como o estilo de vida, mentres foi avanzando en aspectos económicos. O Global Soft Power Index 2024, publicado por Brand Finance, analiza a capacidade de influencia non militar dos países e sitúa a España no undécimo posto mundial, o que supón un ascenso de cinco posicións dende o 2020, e a cuarta nación máis influente da UE. A perspectiva do RepCore Nations 2024, ao centrarse na opinión da poboación do G7, resulta particularmente relevante para observar a nosa reputación nas principais economías do planeta. Neste índice, que analiza factores como a confianza, o respecto e a admiración que xeran as nacións, España aparece no décimo terceiro posto sobre un total de 60 economías, avantaxando a outras potencias europeas como Italia, Francia, Alemaña e Reino Unido.

Pola súa banda, o Barómetro da Imaxe de España, publicado polo Real Instituto Elcano, préstalle especial atención á zona de maior relevancia para o noso país: Europa. Os últimos datos deste estudo, baseado en enquisas que recollen aspectos de imaxe, valoración e opinión ante a política internacional realizadas en dez países europeos clave, sitúan a España á cabeza da clasificación de prestixio entre os países analizados, cunha cualificación de 7 sobre 10. Esta valoración externa coincide case exactamente coa percepción que os propios españois teñen sobre o seu país (7,1). Así mesmo, o Henley Passport Index valora a liberdade de movemento dos cidadáns dun país en función do número de destinos aos que poden viaxar sen visado previo. Nesta clasificación, España ocupa a terceira posición a nivel mundial, compartindo o posto con Francia, Alemaña, Italia, Finlandia e República de Corea. Os cidadáns españois poden viaxar sen necesidade de visado previo a 192 destinos, o que reforza a percepción de España como un país sólido e atractivo en termos de conexións e facilitacións transfronteirizas.

A proxección comercial de España atopa o seu reflexo no Nation Brands Index, tamén de Brand Finance, enfocado en avaliar o posicionamento das marcas comerciais nacionais e a imaxe económica que proxectan. España ocupa no 2024 un destacable duodécimo posto, moi por encima do posto 18.º que ocupaba hai tan só unha década. Na mesma liña, o Country Brand Clasificación Trade Edition de Bloom Consulting, que avalía variables relacionadas co investimento e o rendemento da marca país en termos comerciais, sitúa a España no décimo quinto posto mundial, ascendendo dúas posicións, e no sétimo lugar europeo, subindo unha posición, o que reforza a tendencia ascendente en termos de valoración e solidez comercial.

Finalmente, tocante ao ámbito específico do turismo, sector esencial para a economía e a proxección internacional de España, a Country Brand Clasificación Tourism Edition de Bloom Consulting reafirma na súa edición de 2024-2025 o sólido posicionamento español nesta industria ao situar o noso país no segundo posto, só superado por Italia nunha intensa competencia polo liderado mundial do sector.

UNHA POLÍTICA DE ESTADO E DE PAÍS

A acción exterior, polo seu carácter transversal, implica o conxunto de Poderes do Estado, As Administracións públicas españolas e a propia sociedade civil, contribuíndo a potenciar a nosa voz, os nosos valores e o noso modelo de país. O Goberno dirixe a Política Exterior de acordo co mandato do artigo 97 da Constitución. A Xefatura do Estado e a Presidencia do Goberno de España constitúen un grande activo para impulsar a nosa acción exterior consonte os principios e prioridades desta Estratexia.

Unha maior coordinación interministerial ante retos transversais. O carácter transversal das prioridades expostas obriga a unha mellor coordinación interministerial para responder de forma eficaz aos retos que nos atinxen evitando duplicidades ou “silos”. Para iso, reforzaremos os mecanismos e instrumentos de colaboración existentes, en particular os establecidos pola Lei 2/2014, do 25 de marzo, da acción e do servizo exterior do Estado. Un aspecto fundamental é a coordinación de misións, viaxes e visitas, que deberá reforzarse para atender aos obxectivos sinalados nesta Estratexia e para garantir eficazmente a presenza e a acción de España nas distintas rexións e foros internacionais, para o cal o MAUC creou, ademais, a nova Subdirección Xeral de Relacións Institucionais e colaboración coas Comunidades Autónomas.

Alén do indispensable labor que a Constitución lle atribúe ás Cortes no control da acción de Goberno, a diplomacia parlamentaria seguirá sendo unha ferramenta para fortalecer o diálogo internacional e o intercambio de coñecemento. Manterase o apoio á actividade internacional das Cortes Xerais a través da participación dos seus membros en Asembleas Parlamentarias Internacionais (OTAN, Consello de Europa, OSCE ou Unión Interparlamentaria), así como a celebración de foros bilaterais. En particular, España impulsará a diplomacia parlamentaria no marco da UE; no espazo iberoamericano, coa celebración de encontros como o Foro Parlamentario Hispano-Mexicano, e na cunca mediterránea, onde seguiremos impulsando o diálogo no seo da Unión polo Mediterráneo. Igualmente, España buscará ampliar a súa proxección parlamentaria a novas rexións, como África Occidental, co obxectivo de contribuír á implementación da Estratexia España-África 2025-2028 e a Asia-Pacífico.

Doutra banda, será conveniente reforzar a coordinación con outros órganos que participan na acción exterior, como o Consello Xeral do Poder Xudicial, nos foros internacionais nos que toma parte, compartindo mellores prácticas, así como o papel do Defensor do Pobo na promoción e protección dos dereitos humanos.

España continuará ampliando a coordinación da acción exterior das Comunidades Autónomas, Cidades Autónomas e Entidades Locais, no exercicio das súas competencias e asegurando a súa alianza coa política exterior definida polo Goberno e o aproveitamento das sinerxías que iso achega. En particular, fomentaremos a súa participación a través de instrumentos de apoio ao comercio e á internacionalización das empresas e do talento español. Así mesmo, destaca o seu papel na promoción do turismo e da nosa diversidade cultural, así como actores da cooperación para o desenvolvemento. Instrumentos desta coordinación son a CARUE, para os asuntos relacionados coa UE, ou a Comisión Interterritorial de Cooperación para o Desenvolvemento.

Buscaremos reforzar a participación das entidades territoriais no ámbito da Unión Europea. Nesta liña, traballaremos para fortalecer a presenza de España no Comité das Rexións —en liña coa elección da presidencia andaluza para o período 2025-2027—, así como a participación dos executivos autonómicos nos grupos de traballo e formacións do Consello da UE. Neste marco, proseguiremos traballando para conseguir o recoñecemento das linguas cooficiais como linguas oficiais da Unión.

A cooperación transfronteiriza seguirá sendo clave para abordar desafíos comúns e promover o desenvolvemento rexional. Buscaremos fortalecer a dimensión transfronteiriza e mediterránea das nosas rexións e municipios, impulsando o desenvolvemento de infraestruturas de interconexión e abastecemento dixital, enerxético, ferroviario e marítimo, o impulso a proxectos de desenvolvemento económico orientados a atender a problemática demográfica e as necesidades sociais das zonas de fronteira, así como a creación dunha macrorrexión mediterránea para a loita contra o cambio climático.

A acción exterior das cidades é un factor relevante á hora de acercar os retos globais á dimensión local.

España apoiará a cooperación a través de redes de cidades globais (como CGLU, Metropolis, Medcities ou o Observatorio da Cooperación Descentralizada) e buscará que as súas accións contribúan aos obxectivos desta Estrategia, en particular: a mitigación e adaptación climática, a protección da democracia local e os dereitos dixitais ante o auxe da innovación urbana. Con este obxectivo, apoiaremos a creación de coalicións de municipios, impulsando o rol de cidades como Bilbao, sede do Secretariado da Coalición Local 2030.

Finalmente, as organizacións da sociedade civil, como ONG, centros de pensamento, sindicatos e asociacións empresariais seguirán contribuíndo a unha acción exterior máis inclusiva, participativa e diversificada. España apoiará a súa participación en áreas como a cooperación para o desenvolvemento e a axuda humanitaria, a promoción dos dereitos humanos e a internacionalización da economía e a

cultura. O Ministerio de Asuntos Exteriores, Unión Europea e Cooperación promoverá o desenvolvemento de formatos que permitan unha interacción directa con centros de pensamento, mais tamén coa sociedade civil a través, por exemplo, da súa participación en Cumios, co obxectivo de arriquecer o deseño da política exterior. Aproveitar estes instrumentos será cardinal para lograr unha acción exterior unificada, capaz de maximizar os resultados do traballo dos distintos actores que participan na acción exterior do Estado.

A Representación Permanente de España ante a Unión Europea merece unha especial atención

ao ser a extensión da Administración Xeral do Estado ante as institucións europeas. Constitúe un mecanismo de coordinación e execución da política exterior e de moitas outras políticas do Goberno. En consonancia coa prioridade europea da Estrategia de Acción Exterior, a Representación Permanente continuará reforzándose con máis medios.


UN SERVIZO EXTERIOR PREPARADO PARA O FUTURO

Unha rede diplomática densa para defender os intereses de España e os españois

España conta cunha rede de Embaixadas e Consulados das máis densas do mundo. O noso despregamento no exterior está integrado por 117 Embaixadas e 11 antenas diplomáticas, 10 representacións permanentes, 86 Consulados Xerais e 2 Consulados, 53 Oficinas da Cooperación Española e 78 sedes do Instituto Cervantes.

Actualización da nosa rede exterior na nosa contorna estratéxica. A última adecuación do despregamento de España no exterior tivo lugar hai máis de 15 anos, coa apertura de Embaixadas e esforzos de reestruturación da rede consular. Dende aquela, a rede exterior reforzouse coa creación de varias antenas diplomáticas. Ante a aparición de novas áreas de atención e interese para o noso país e para a nosa cidadanía, debemos adaptar a nosa rede diplomática, dotando a España dunhas capacidades e unha presenza internacional á

Despregamento da acción exterior española (2025)



altura da nosa proxección e obxectivos. É ineludible consolidar a nosa presenza diplomática en áreas da nosa veciñanza onde están en xogo os nosos intereses máis básicos. Iso inclúe rexións como o Leste de Europa ou o Cáucaso, pero tamén un maior despregamento en África Occidental, xa que formamos parte dun mesmo espazo xeográfico, con desafíos e con oportunidades que só poderemos afrontar se traballamos unidos cos nosos socios. Con este obxectivo, durante o período 2025-2028 vaise abordar a apertura de novas Embaixadas nas rexións citadas, incluídos aqueles países nos que a experiencia das antenas diplomáticas consolidou as relacións bilaterais e onde se require, polo tanto, un salto cualitativo nestas.


Ao servizo dos españois no exterior

Unha maior demanda do Servizo Exterior. Os cambios no contexto internacional fan imprescindible abordar unha serie de reformas na estrutura do Servizo Exterior e na súa cultura para adaptar

o seu deseño ás novas realidades e necesidades. As demandas da cidadanía española no exterior son, ademais, crecentes, xa que o número de españois residentes no exterior se triplicou nos últimos vinte anos, superando os 3 millóns, aos que se lles suman os cerca de 20 millóns de desprazamentos anuais dos nosos cidadáns fóra das nosas fronteiras. Ademais, o aumento da tensión internacional e a maior virulencia dos conflitos e frecuencia de catástrofes naturais traducíronse nun incremento das crises consulares coa conseguinte necesidade de reforzo da asistencia que lle prestamos á nosa cidadanía no exterior, incluídos os casos de evacuación. Estas circunstancias xustifican a necesidade de axear a nosa rede exterior para responder ao novo contexto e asegurar unha correcta prestación de servizos.

A rede consular demanda un reforzo para poder prestar un servizo público de calidade. O MAUC conta coa Dirección Xeral de Españois no Exterior e de Asuntos Consulares, que supervisa e coordina a actividade das 178 Oficinas Consulares


Poboación española residente no estranxeiro



As cifras están expresadas en millóns.

Fonte: INE.

Poboación española residente no estranxeiro por rexións (2025)



Fonte: INE.

de España operativas nestes momentos (86 Consulados Xerais, 2 Consulados e 90 Seccións Consulares de Embaixadas), ademais dunha extensa rede consular honoraria. Malia o crecemento da cidadanía española no exterior, os recursos das nosas Oficinas Consulares apenas variaron nos últimos vinte anos. En consecuencia, durante o período 2025-2028 imos abordar a adecuación dos recursos humanos e a apertura de novos Consulados Xerais en localizacións de especial interese para España, con base nas dispoñibilidades orzamentarias de cada exercicio.

Impulsaremos o Plan de Dixitalización Consular con novas ferramentas que facilitarán o traballo das Oficinas Consulares e o acceso da cidadanía aos trámites consulares a través dunha nova sede electrónica e un novo cartafol consular. O novo marco normativo aplicable ao Rexistro de Matrícula Consular facilitará a emisión de certificados dixitais dende o estranxeiro aos españois residentes no exterior. Ademais, culminará a implantación en todas as Oficinas Consulares da aplicación informática de Rexistro Civil (DICIREG), que lle dá soporte ao novo sistema de Rexistro Civil, electrónico e único para toda España, e despregarase en toda a rede consular a nova aplicación para visados (SINAVI). Así mesmo, háselle

prestar especial atención á introdución progresiva de ferramentas de intelixencia artificial para potenciar a produtividade.

Seguiremos prestándolles especial atención ás situacións de crises e emerxencia. Nos últimos anos, a importancia do servizo prestado pola rede consular púxose de manifesto en diversas crises. Por iso, o Ministerio de Asuntos Exteriores, Unión Europea e Cooperación continuará mellorando os seus medios e ferramentas para atender mellor os españois mediante o perfeccionamento das ferramentas de prevención e dos instrumentos de xestión das situacións de emerxencia. Neste contexto, vaise abordar a configuración dun novo centro de recepción de chamadas que permita proporcionar un servizo de maior calidade, optimizando os recursos dispoñibles.

Continuaremos dándolle prioridade á atención consular das persoas e colectivos da nosa cidadanía máis vulnerables, especialmente as mulleres e nenas vítimas de violencia. Seguiranse actualizando as liñas de actuación en caso de violencia contra a muller no estranxeiro, incluíndo novos tipos de violencia como o ciberacoso, a violencia documental ou a dirixida cara ás nenas españolas no exterior, dado que sofren violencia tanto directa como vicaria

e precisan dunha atención específica. Finalmente, afondaremos nas liñas directrices para lles dar unha resposta coordinada e eficaz ás agresións sexuais.

As nosas Oficinas Consulares continuarán poñendo á disposición todos os seus medios para que os españois no exterior poidan exercer o seu dereito fundamental de voto. Así mesmo, adoptaremos as medidas necesarias para tramitar as solicitudes de nacionalidade presentadas nas nosas Oficinas Consulares ao abeiro da Lei de memoria democrática.

A cidadanía española no exterior representa un grande activo para proxectar e potenciar a imaxe e os valores da sociedade española. Só catro Comunidades Autónomas teñen unha poboación maior que o número de españois residentes no exterior. España, a través da súa rede diplomática e consular, promoverá unha maior proximidade e interacción entre os máis de tres millóns de españois residentes no exterior e a Administración:

- Afondando na colaboración estruturada con actores españois do sector privado e sociedade civil presentes no exterior.
- Favorecendo o establecemento de mecanismos de vertebración e apoio profesional á diáspora no exterior, con carácter xeral, mais tamén especializado, como as Asociacións de Científicos Españoles, por exemplo, que son un modelo a replicar noutros países e campos de actividade.

Impulsaremos os Consellos de Residentes Españóis no estranxeiro (CRE) como órganos asesores das Xefaturas dos Consulados Xerais, buscando profundar no seu labor como canle de participación institucional da cidadanía española residente fóra das nosas fronteiras e ferramenta para dar voz ás súas inquedanzas e reivindicacións. Os CRE representan unha poboación que, co paso do tempo,

cambiou de perfil e necesidades polo que avanzaremos nesa necesaria adaptación. Así mesmo, imos fomentar e protexer o asociacionismo dos españois no exterior para a defensa dos seus intereses.

As persoas como columna vertebral do Servizo Exterior

Non pode haber unha acción exterior sen o labor esencial das persoas que o executan. Por iso, as persoas que compoñen o Servizo Exterior son a súa columna vertebral: tanto o persoal funcionario como o persoal contratado que, no conxunto da rede exterior, se esforzan cada día para fornecerlle á cidadanía un servizo público de calidade, eficiente e adaptado ás súas necesidades. O capital humano do Servizo Exterior, caracterizado polo seu compromiso e a súa vocación de servizo a España e á cidadanía española, é, sen dúbida, o seu principal activo.

A acción exterior require, polo tanto, dun Servizo Exterior moderno ao servizo da cidadanía. Para iso cómpre investir na captación de talento, na formación do noso capital humano, na xestión do coñecemento, e na optimización de recursos.

A captación de talento é esencial para poder contar cun Servizo Exterior que estea preparado para facer fronte aos retos actuais. A Escola Diplomática xogará un papel clave na promoción dun mellor coñecemento do Servizo Exterior nas universidades españolas e a adopción de medidas que faciliten o acceso á preparación de aspirantes ao ingreso na Carreira Diplomática, en liña cos principios de igualdade, mérito e capacidade no acceso ao emprego público. Nos vindeiros anos será necesario manter como mínimo o mesmo ritmo de ingresos de novos funcionarios á Carreira Diplomática co fin de asegurar unha acción exterior eficaz.

A formación e a especialización do persoal funcionario da Carreira Diplomática e do persoal que integra o Servizo Exterior será unha das nosas prioridades. A velocidade e a intensidade das mudanzas que experimenta o contexto internacional fan necesario adaptar a formación e especialización do persoal aos retos actuais. Por iso, o MAUC, en especial a través da Escola Diplomática, buscará reforzar a formación continua do seu persoal mediante a actualización de competencias e a especialización nas diferentes áreas xeográficas e sectoriais. Así mesmo, reforzaremos a oferta de formación lingüística. Este investimento en capacidades e competencias do persoal funcionario da Carreira Diplomática contribuirá a consolidar e reforzar a eficacia e o impacto do seu desempeño,

Dades de persoal (2025)



1.110
en servizos
centrais



4.578
no exterior



981
persoal
diplomático



553
a l'exterior

como garantes e defensores dos intereses do noso país e a cidadanía española no exterior.

O impulso da presenza e promoción de españois en organismos internacionais constituirá un obxectivo fundamental para os próximos anos. Buscárase unha representación máis efectiva dos intereses de España no ámbito multilateral mediante unha maior presenza de cidadáns españois nos altos postos directivos e de liderado. Isto debe contribuír tanto á capacitación dos nosos nacionais como ao reforzo da nosa acción multilateral. Con este obxectivo, fortaleceremos o papel da Unidade de Funcionarios Internacionais do MAUC.

Conciliación, igualdade e diversidade como piares fundamentais do noso Servizo Exterior. Impulsaremos a presenza equilibrada de mulleres e homes en todas as escalas e categorías, garantindo a igualdade efectiva de trato e de oportunidades. Impulsaremos a conciliación da vida persoal, familiar e laboral e o exercicio corresponsable dos coitados, reflectindo o compromiso cunha sociedade máis equitativa e xusta. Favoreceremos políticas adaptadas á realidade social e laboral española para facilitar o acceso ao emprego dos cónxuxes e parellas de feito no exterior. Promoveremos oportunidades de formación e emprego para os cónxuxes e parellas de feito dos funcionarios no exterior mediante a aplicación de convenios internacionais xa subscritos ou a negociación de novos acordos naqueles países onde aínda non existan. Ademais, fomentaremos o labor da Unidade de apoio ás familias do MAUC que, de forma constante e activa, asegure o acompañamento necesario das familias na súa adaptación no estranxeiro, especialmente no caso de familias con especial vulnerabilidade, así como no seu retorno a España.

Es prestará una especial atención a la prevención de la violencia i l'assetjament laboral i sexual, com també a les situacions que necessiten especial protecció, com són les de les víctimes de violència de gènere. A més, s'enfortiran les iniciatives que fomentin la diversitat i la inclusió en tots els àmbits del Servei Exterior, en particular els drets de les persones LGTBI+. Ímoslle prestar unha especial atención á prevención da violencia e do acoso laboral e sexual, así como a aquelas situacións que necesitan especial protecció, como as requiridas polas vítimas de violencia de xénero. Ademais, fortaleceremos as iniciativas que fomenten a diversidade e a inclusión en todos os ámbitos do Servizo Exterior, en particular os dereitos das persoas LGTBI+. Neste senso, prestarémoslle especial atención á acreditación das parellas de feito e das parellas do mesmo sexo no exterior.

Do mesmo xeito, imos favorecer a promoción activa dos dereitos das persoas con discapacidade,

impulsando melloras na accesibilidade das nosas sedes no exterior, ademais da sede electrónica e o portal web, e dos servizos ofrecidos á cidadanía.

Diplomacia económica e comercial

O sector exterior foi clave para o crecemento económico e a creación de emprego en España. As exportacións de bens e servizos, así como o investimento estranxeiro, continúan sendo un pilar do crecemento, a produtividade e a resiliencia da economía española; de aí que sexa preciso continuar impulsando a internacionalización das empresas españolas.

España reforzará a súa diplomacia económica potenciando os instrumentos económicos e políticos dedicados a promover a competitividade, a internacionalización das empresas e a atracción de investimentos. Apoiaremos as nosas empresas centrándonos na diversificación de mercados, a redución de dependencias e a expansión en mercados clave de acordo co Plan de Acción para a Internacionalización da Economía Española 2025-2027. Prestaráselles especial atención a aqueles países nos que a implantación empresarial requira de apoio político.

Especialmente relevante é o labor desempeñado pola extensa rede de Oficinas Económicas e Comerciais de España nas Misións Diplomáticas de España no exterior, que constitúen piares esenciais para o apoio e a promoción da empresa española no exterior, facilitando tanto a súa implantación inicial como o desenvolvemento das súas actividades. A rede de Oficinas Económicas e Comerciais de España conta con 98 oficinas distribuídas en 77 países que permiten cubrir a práctica totalidade do mundo. Esta rede representa un instrumento estratéxico fundamental para o proceso de internacionalización empresarial, ofrecendo asesoramento especializado, información económica, detección de oportunidades comerciais e apoio institucional adaptado ás necesidades específicas de cada mercado. O apoio será ofrecido con carácter continuo, pero elevándose a nivel político nos contactos entre Ministerios de Asuntos Exteriores, así como doutros Departamentos competentes na interlocución cos responsables políticos doutros países.

De maneira complementaria, súmanse os esforzos de diversos organismos públicos clave que enriquecen e fortalecen a diplomacia económica española. Destaca ICEX España Exportación e Inversións, que desenvolve un intenso labor na promoción exterior, formación empresarial e apoio á internacionalización. Así mesmo, CECI (Compañía Española de Seguro de Crédito á

Exportación) fornece cobertura esencial fronte a riscos comerciais e políticos, facilitando transaccións internacionais máis seguras. Doutra banda, COFIDES (Compañía Española de Financiamento do Desenvolvemento) ofrece instrumentos financeiros adaptados, potenciando o investimento produtivo español no exterior, particularmente en mercados emerxentes e en desenvolvemento. Por último, TURESPAÑA desempeña unha función clave na promoción internacional do sector turístico español, impulsando a imaxe país e contribuíndo a fortalecer a presenza e o recoñecemento global de España como destino líder en turismo.

A cooperación aérea, marítima e terrestre son motores clave da globalización facilitando a conectividade entre países, promovendo o comercio internacional e xerando un impacto significativo na economía global. No entanto, este sector enfrenta desafíos constantes, como a necesidade de garantir altos estándares de seguridade, abordar a sostibilidade medioambiental e adaptarse aos cambios tecnolóxicos. España fomentará o desenvolvemento dos acordos de transporte aéreo, bilaterais e multilaterais, que permitan fortalecer a súa conectividade, facilitar o comercio e promocionar o turismo. España promoverá na Organización de Aviación Civil Internacional a harmonización de normas e estándares a nivel global. O sector marítimo é crucial para o comercio internacional, xa que o 80 % das mercadorías se transportan por mar. España é un país cunha rica tradición marítima e unha localización estratéxica no comercio mundial. Por iso, promoveremos os acordos de cooperación na esfera marítima que reforen a seguridade das rutas comerciais, fomenten o desenvolvemento sostible dos océanos e a protección do medio mariño, especialmente a través da participación na Organización Marítima Internacional.

Diplomacia pública, cultural, educativa e lingüística

España buscará fortalecer o impacto da súa diplomacia pública e a súa comunicación estratéxica potenciando a voz e as actividades das nosas representacións no exterior e fomentando a coordinación dunha extensa de rede organismos na que participan a Rede de Casas (África, América, Árabe, Asia, Mediterráneo, Centro Sefarad-Israel), Rede de Fundacións-Consello, a Fundación Carolina e a FIAP (Fundación para a Internacionalización das e para Iberoamérica de Administracións e Políticas Públicas); o seu traballo resulta fundamental para proxectar a imaxe e os intereses de España no exterior. A isto súmaselle o labor doutros suxeitos da acción cultural no exterior, como Acción Cultural Española (AC/E).

A promoción da cultura e as linguas españolas constitúe un activo moi importante para proxectar os valores que nos caracterizan como sociedade, así como as nosas fortalezas máis alá do estritamente político ou económico. España traballará para que estas ferramentas contribúan a reforzar as nosas relacións e a nosa presenza internacional.

Continuaremos traballando na promoción dos dereitos culturais e a achega da cultura á consecución dos ODS. Promoveremos a conmemoración de relacións diplomáticas (por exemplo, España-República de Corea 2025) e a celebración de anos duais (España-A India 2026); o impulso de acordos bilaterais en materia de xestión sostible do patrimonio, arqueoloxía, arquivos, bibliotecas, museos, producións audiovisuais ou artes escénicas; o reforzo das capacidades de xestores culturais; a protección dos dereitos laborais e da liberdade de creación e de cátedra, e a protección do patrimonio en conflitos internacionais, especialmente en Oriente Medio e Ucraína.

A posición das nosas industrias culturais e creativas nos mercados internacionais vaise ver fortalecida. Co fin de reforzar a competitividade e o alcance global dos creadores españois, promoveremos a súa participación en programas como Europa Creativa, no Culture Compass e nos programas IBER. Paralelamente, serán priorizados a mobilidade, o intercambio e a profesionalización dos sectores cultural e creativo, ademais de iniciativas conxuntas con Europea. España buscará ampliar a súa presenza en festivais e mercados internacionais. De igual forma, apoiaremos o Mondiacult no 2025 e Europalia 2025-2026.

España seguirá promovendo a diplomacia cultural, a cultura como factor de desenvolvemento sostible, o liderado de España na UNESCO e nos demais foros. Tamén seguirá fomentando a promoción da cultura e as artes españolas no exterior a través da súa rede de Consellerías e Encargadurías de Asuntos Culturais e mediante a acción dos Centros Culturais e Centros de Formación da AECID en Iberoamérica e África.

A AECID continuará contribuíndo á capacitación e á mobilidade internacional a través das súas convocatorias para países de cooperación e para cidadáns españois e mediante as súas convocatorias de lectorados.

Prestaráselle unha especial atención á promoción do noso patrimonio histórico cultural a través dunha maior cooperación internacional. Este esforzo permitirá promover a circulación de bens patrimoniais, darlle maior visibilidade ao noso legado e reforzar a imaxe de España como referente global no campo da cultura.

España continuará apoiando a acción educativa exterior, que hoxe chega a preto de 134 000 estudantes en 47 países, co obxectivo de achegar a lingua e a cultura española a un público estranxeiro cada vez máis amplo e diverso. A través da presenza de asesores técnicos nas consellerías e agregadurías de educación en embaixadas e de docentes nos programas e centros da acción educativa exterior, España continuará reforzando os lazos culturais e o intercambio de coñecementos, fomentando así a nosa proxección exterior.

A promoción do español —así como das linguas cooficiais— cobra especial protagonismo a través do labor do Instituto Cervantes, presente en máis de 90 cidades de 45 países con centros, aulas e extensións. O compromiso de España coa difusión do seu acervo lingüístico quedará plasmado na apertura de novos centros e na consolidación da oferta académica, cultural e formativa do Instituto, reforzando o liderado de España no ámbito do ensino. O Observatorio Global do Español (adscrito ao Instituto Cervantes) determinará proxectos de alto impacto que consoliden as nosas linguas en procesos de transformación dixital.

A diplomacia deportiva continuará reforzando a imaxe e a reputación do noso país. España aproveitará os éxitos dos nosos deportistas e a fortaleza das federacións e clubs deportivos para avanzar nunha diplomacia deportiva que proxecte os valores que encarna o noso deporte e o seu potencial económico, consolidando así a proxección internacional de España. A celebración en España, Portugal e Marrocos da Copa Mundial de fútbol 2030 contribuirá a este esforzo.

Diplomacia científica e tecnolóxica

España promoverá un modelo de innovación aberta e xeración de impacto. A través da acción das nosas consellerías culturais e científicas no exterior, o ICEX e a rede de delegacións internacionais do Centro para o Desenvolvemento Tecnolóxico e a Innovación (CDTI), potenciaremos a detección de nichos de cooperación científico-tecnolóxica que aumenten a nosa competitividade e favoreceremos a cooperación público-privada reforzando a participación española en concursos internacionais. Aseguraremos unha coordinación eficaz de todos os actores do sector da ciencia en España conxuntamente as directrices da Estratexia Española de Ciencia, Tecnoloxía e Innovación. Igualmente, fortaleceremos a colaboración coa Rede de Asociacións de Científicos e Investigadores Españóis no Exterior (RAICEX), actores esenciais para conectar a España con redes de investigación internacionais.

Buscaremos potenciar a cooperación científica como ferramenta para un desenvolvemento sostible e equitativo, especialmente en África e América Latina. España impulsará a adopción de políticas baseadas na evidencia (por exemplo, a través de Science4Policy) e promoverá a investigación orientada á solución de retos globais e a propiedade industrial como ferramenta para o desenvolvemento. Priorizaremos áreas como a seguridade alimentaria, o acceso universal a servizos de saúde, a resistencia antimicrobiana, a preparación ante pandemias, a definición e promoción de estándares e políticas globais en materia de saúde dixital, así como a loita contra enfermidades infecciosas, tropicais desatendidas e non transmisibles.

España impulsará a internacionalización do Sistema Español de Ciencia, Tecnoloxía e Innovación, así como do Sistema Universitario Español. Para consolidar un ecosistema de innovación robusto, fomentaremos a colaboración entre universidades, empresas e centros de investigación co fin de desenvolver e protexer tecnoloxías a través de títulos de propiedade industrial e de reforzar a atracción de talento e investimento en innovación. Neste marco, tamén se alentará a cooperación das nosas universidades públicas coas doutros países co obxectivo de fomentar a formación universitaria en disciplinas científicas e tecnolóxicas nos organismos internacionais de propiedade industrial e impulsaremos a mobilidade de alumnos, profesores e investigadores. De igual modo, reforzaremos a participación e a atracción a España de grandes infraestruturas científicas e tecnolóxicas, así como o liderado español en iniciativas como Horizonte Europa, no Espazo Europeo de Investigación, no Espazo Europeo de Educación Superior, os programas de mobilidade como Erasmus+, así como a presenza de españois en postos de responsabilidade en entidades de I+D+I como o Consello Europeo de Investigación ou o Centro Europeo para a Investigación Nuclear (CERN). Así mesmo, reforzaremos o enfoque rexional e multilateral, impulsando a consolidación do Marco Europeo de Diplomacia Científica, Tecnolóxica e de Innovación, a Rede Iberoamericana de Diplomacia Científica e a colaboración UE-UpM para o desenvolvemento dunha diplomacia científica euromediterránea. España, como potencia euroatlántica e mediterránea, ocupa unha posición xeográfica privilexiada na intersección de Europa e África. Esta situación esixe unha implicación activa na nosa contorna estratéxica, dado o estreito vencello que nos une cos países que se atopan neste espazo e a nosa especial sensibilidade aos cambios políticos, económicos e ás posibles crises que se poidan producir nel.

ANEXO:
MÁIS DE
100 ACCIONES
PARA 2025-2028



ACCIÓNS XERAIS

1. **Actualizar a rede diplomática e consular en liña** coas prioridades desta Estratexia de Acción Exterior, reorientando a presenza de España no exterior e alcanzando un despregamento diplomático universal na nosa contorna estratéxica.
2. **Priorizar recursos** para potenciar as nosas relacións coa nosa veciñanza estratéxica.
3. Reforzar a **coordinación interministerial** en materia de acción exterior. Potenciar a coordinación e a proxección exterior en transición ecolóxica e transformación dixital.
4. Celebrar trimestralmente **reunións interministeriais para coordinar a presenza de España** en diferentes países e foros internacionais convocadas polo Ministerio de Asuntos Exteriores, Unión Europea e Cooperación a nivel ministerial ou de secretario de Estado.
5. Adaptar a acción exterior española a unha **economía máis fragmentada** mediante a identificación de vulnerabilidades e dependencias civís e militares, así como de dependencias inversas. **Creación dun grupo de traballo sobre seguridade económica** no marco da CDGAE.
6. Implantar progresivamente a **intelixencia artificial no Servizo Exterior**, enfocada á mellora da eficiencia e á prestación dun mellor servizo público á cidadanía.
7. Mellorar a asistencia e protección consular, prestándolles **especial atención ás persoas e colectivos da nosa cidadanía máis vulnerables**, con énfase nas mulleres e nenas vítimas de violencia no exterior.
8. Promover medidas de **conciliación, igualdade e diversidade no Servizo Exterior**.
9. Fortalecer o Servizo Exterior mediante a **captación de talento e ampliación da formación**.
10. Impulso da **diplomacia pública** en embaixadas e consulados mediante a creación e mobilización de **grupos de interese** en países con sociedades civís afíns.
11. **Impulsar a presenza e promoción de españois en organismos internacionais**. Brindaráselles apoio ás postulacións españolas a postos directivos e de liderado.
12. **Fomentar a interacción dos españois no Exterior coas Representacións Diplomáticas e Consulares de España** e a relación entre os españois residentes no exterior.
13. Mellorar a dotación da **División de Emerxencia Consular** cun novo centro de recepción de chamadas de emerxencia consular, afondando no reforzo de persoal e de instalacións levado a cabo nos últimos anos.
14. Implantar o **Plan de Acción para a Internacionalización da Economía Española 2025- 2027**. Entre outros, procederase á apertura de novos mercados agroalimentarios —coma o asiático—, afondarase nos existentes e desenvolverase a **Estratexia de Alimentos de España** para fortalecer a nosa posición como potencia alimentaria e gastronómica.
15. **Redobrar a atracción de talento internacional**, incrementando o número de estudantes internacionais en disciplinas de ciencia, tecnoloxía, enxeñería e matemáticas cun horizonte arredor do 15 % a longo prazo.
16. Fortalecer a **proxección das linguas españolas**. Potenciar o **Observatorio Global do Español** como eixo conector da rede de centros do Instituto Cervantes. Consolidar e fortalecer os **programas da acción educativa exterior**. Coherencia e coordinación das distintas unidades da Administración Xeral do Estado para a difusión da lingua e cultura españolas, con especial énfase na formación de profesorado de español como lingua estranxeira.
17. **Reforzar a coordinación da acción exterior coas Comunidades Autónomas, Cidades Autónomas e Entidades Locais**.

18. **Impulsar os principais instrumentos de diplomacia pública española:** a Rede de Casas, a Rede de Fundacións-Consello, a Fundación Carolina e a FIAP.
19. **Fomentar a diplomacia parlamentaria**, con apoio ás iniciativas das Cortes Xerais e do Parlamento Europeo.
20. **Apoiar os centros de pensamento españois** especializados en relacións internacionais. Fomentar a actividade de centros de pensamento de prestixio estranxeiros en España e a súa relación cos centros de pensamento españois.
21. **Desenvolver un Plan de potenciación do coñecemento sobre as sociedades da nosa contorna estratéxica** (universidades, centros de pensamento, sociedade civil).
22. **Incrementar as capacidades de prospectiva e gobernanza anticipatoria** no sector exterior.

UNHA EUROPA REFORZADA

23. Promover un **Marco Financeiro Plurianual maior e adecuado como resposta aos nosos desafíos comúns**, ata o 2 % da RNB europea, que permita garantir a prestación de bens públicos europeos á vez que se protexe o modelo económico e social propio da UE.
24. **Traballar por unha UE máis coherente e dinámica mediante a posta en marcha** de mecanismos de concertación máis áxiles e **a extensión dos supostos de maioría cualificada**.
25. **Reformar e afondar no Mercado Interior**, avanzar na Unión de aforros e investimentos e completar a Unión bancaria e a Unión de mercados de capitais.
26. **Maximizar o potencial da política comercial como elemento xeoestratéxico**, impulsando acordos comerciais flexibles con terceiros.
27. Impulsar a **estrategia Global Gateway** promocionando os investimentos sostibles da UE en terceiros países, en especial en áreas xeográficas como América Latina e o Caribe, Veciñanza Sur e África Occidental.
28. Seguir traballando por **manter a efectividade do principio de liberdade de movemento**, ofrecéndolle á cidadanía un espazo Schengen sen obstáculos para a libre circulación.
29. Apoiar as iniciativas que impulsen unha **maior democratización das institucións europeas** reforzando a participación cidadá nos procesos políticos e lexislativos, á vez que se fortalecen os diferentes instrumentos do Estado de dereito, entre eles a condicionalidade do vindeiro Marco Financeiro Plurianual.
30. **Defender o plurilingüismo da UE e o recoñecemento das linguas españolas cooficiais** nas institucións europeas.
31. **Reforzar as políticas comunitarias de cohesión económica, social e territorial**, así como protexer e preservar o réxime especial das Rexións Ultraperiféricas (RUP) e o apoio ás nosas CC. AA. na súa participación nas macrorrexións.
32. **Reforzar o Piar Europeo de Dereitos Sociais e a Axenda Social Europea** para mellorar as condicións de vida dos cidadáns europeos e facer fronte aos novos retos que presentan as grandes transformacións da nosa sociedade.
33. Contribuír ao desenvolvemento do **Espazo Europeo de Educación** e ao desenvolvemento de competencias dende o sector educativo apoiando o programa Erasmus+.

34. Reforzar o papel da **educación na consolidación dos valores comúns europeos** a través da presenza da UE no currículo educativo.
35. Promover o desenvolvemento de iniciativas relativas á **conmemoración, no 2025 e 2026, do 40.º aniversario da adhesión de España e Portugal ás Comunidades Europeas**.
36. **Apoiar o Servizo Europeo de Acción Exterior e a Comisión Europea** na acción exterior da UE promovendo de maneira coordinada a presenza de españois nas institucións da UE.
37. Asegurar un adecuado seguimento e tratamento político por parte da UE daqueles **partenariados que revisten maior relevancia para a nosa contorna estratéxica**.

UNHA ESPAÑA COMPROMETIDA

PRESERVAR, REFORMAR E REFORZAR O SISTEMA MULTILATERAL

38. **Promover os valores e prioridades de España nas organizacións internacionais ás que pertence. Defender o sistema multilateral baseado en regras** e o respecto do dereito internacional, o dereito internacional humanitario e os dereitos humanos.
39. Continuar a campaña para lograr a elección de España como **membro do Consello de Seguridade** en 2031-2032.
40. Participar activamente como membro electo no **Consello de Dereitos Humanos de Nacións Unidas** para o período 2025-2027, así como no **ECOSOC** como membro electo ata o 2026.
41. Consolidar o apoio en recursos financeiros, humanos e sostén político ao labor dos mecanismos de xustiza internacional, en particular, da **Corte Penal Internacional e a Corte Internacional de Xustiza**.
42. Redactar e implementar o **Plan de Acción da Política Exterior Feminista 2025-2028** e o **III Plan Nacional de Acción de Mulleres, Paz e Seguridade**.
43. Promover iniciativas para unha maior **presenza de mulleres en ámbitos multilaterais**.
44. Impulsar a transparencia e a eficiencia no marco do **Club de París e G-20**.
45. Apoiar o proxecto de **Convención Marco de Nacións Unidas sobre Cooperación Internacional en cuestións de Tributación**, así como a plena implementación do “Piar 2” BEPS (nivel mínimo de imposición global).
46. Impulsar a **Carta Global de Dereitos Laborais** para acadar o recoñecemento universal dun limiar mínimo de dereitos laborais.
47. **Promover a igualdade laboral de xénero e seguir combatendo a discriminación das persoas LGTBI+** por razón da orientación sexual, identidade sexual e expresión de xénero a través da Coalición Internacional pola Igualdade Salarial (EPIC) promovida pola OIT e a Coalición Mundial para a Xustiza Social.
48. **Promocionar activamente os dereitos das persoas con discapacidade** en todos os eidos da nosa acción exterior e europea.
49. Implantar a **Estratexia Nacional de Intelixencia Artificial**, a **Estratexia de Internacionalización das Empresas Dixitais**, a **Estratexia de Tecnoloxías Cuánticas de España** e a nova **Estratexia Nacional de Ciberseguridade**.
50. Creación dun mecanismo de coordinación nacional para **Diplomacia Dixital e Tecnolóxica** e desenvolvemento dunha **marca “España dixital 2030”** que proxecte as nosas capacidades tecnolóxicas. Aproveitar a fortaleza en Ordenadores de Alto Rendemento (HPC), como o MareNostrium de Barcelona, para participar nunha futura rede mundial.

51. **Impulsar o liderado en ciberseguridade** nos organismos internacionais, en particular na UIT, así como a sinatura de acordos de cooperación con socios e aliados, especialmente en América do Sur.
52. **Promover compromisos en materia de dereitos dixitais** no seo do Foro Mundial de Tecnoloxía da Organización para a Cooperación e o Desenvolvemento Económico (OCDE) e do Consello de Dereitos Humanos de Nacións Unidas.
53. Establecer acordos que permitan **asegurar as cadeas de valor no ecosistema dixital e promover os modelos de IA en español** (ALIA), adestrándoos con datos do país de destino, así como compartir capacidades de supercomputación do Barcelona Supercomputing Center cos seus científicos.
54. Promover a **cooperación público-privada e a innovación aberta** como medio para maximizar sinerxías con entidades de terceiros países en materia de **tecnoloxías disruptivas**, así como incentivar os fluxos de investimento innovador e a seguridade das nosas cadeas de subministración.

PROMOVER UNHA MIGRACIÓN SEGURA, ORDENADA E REGULAR

55. Promover a plena **implementación do Pacto de Migración e Asilo**, garantindo unha repartición equitativa das responsabilidades entre todos os Estados membros da UE.
56. **Traballar cos países de orixe e de tránsito de persoas migrantes**, especialmente na nosa contorna estratéxica, reforzando a cooperación e colaboración con eles.
57. Manter o **compromiso co dereito á protección internacional**, prestándolles especial atención ás persoas en situación de vulnerabilidade.
58. Continuar traballando estreitamente co **Alto Comisionado das Nacións Unidas para os Refuxiados** (ACNUR) e a **Organización Internacional para as Migracións** (OIM).
59. Conclusión de acordos de **migración circular** con países de especial relevancia para España.

APOSTAR POLA COOPERACIÓN PARA O DESENVOLVEMENTO E ACCIÓN HUMANITARIA

60. Posta en marcha do **Consello Superior, Comisión Interministerial de Cooperación para o Desenvolvemento Sostible e a Solidariedade Global** e a **Conferencia Sectorial para o Desenvolvemento Sostible** co obxectivo de reforzar a coordinación e asegurar a participación efectiva e a alianza do conxunto de actores do sistema da Cooperación.
61. Avanzar cara ao cumprimento do compromiso legal do **0,7 % da Renda Nacional Bruta (RNB) para Axuda Oficial ao Desenvolvemento (AOD)** para o ano 2030, e o 10 % da AOD para acción humanitaria.
62. Apostar pola cooperación financeira mediante a posta en marcha do **Fondo Español de Desenvolvemento Sostible (FEDES)**.
63. Incrementar a **seguridade dos cooperantes e traballadores humanitarios**.
64. **Mellorar a transparencia, a rendición de contas, o impacto e a avaliación de nosa cooperación** a través da posta en marcha da nova Oficina de Avaliación da Cooperación Española.
65. Organizar a **IV Conferencia Internacional sobre o Financiamento para o Desenvolvemento en Sevilla**, que deberá impulsar a mobilización de políticas e recursos da comunidade internacional para a Axenda 2030 e os ODS.
66. Acolle en Madrid a **Asemblea Xeral do Foro Internacional sobre TOSSD**, organismo responsable de impulsar a nivel mundial o seguimento do conxunto de fluxos de apoio oficial ao desenvolvemento sostible.

67. Aumentar a **contribución de España ao Fondo Conxunto para os ODS ata os 120 millóns de euros** e incrementar as achegas ata situarse entre os dez primeiros doadores ao Fondo Fiduciario para Propósitos Especiais.
68. Implementar a nova **Estrategia de Política Multilateral para o Desenvolvemento Sostible** e subscribir unha nova xeración de **Marcos de Asociación Estratéxicos da Cooperación Española** con diversos organismos internacionais.

AFRONTAR A EMEXENCIA CLIMÁTICA E DE BIODIVERSIDADE

69. Co obxectivo de **lograr a neutralidade climática para o 2050** establecido pola Unión Europea, impulsar o logro dos obxectivos intermedios de redución de emisións nun 55 % para o 2030.
70. Desenvolver a *Estrategia Española de Financiamento Climático Internacional*.
71. Apoiar o establecemento do **Panel Científico Político para Químicos, Residuos e Control da Contaminación** promovido polo Programa das Nacións Unidas para o Medio Ambiente (PNUMA).
72. Implementar o **Marco Global Kunming Montreal de Biodiversidade 2030**.
73. Asegurar a **protección e xestión efectiva do 30 % da superficie mariña** para o 2030.
74. Aprobar e aplicar o **Plan de Acción español contra o tráfico ilegal e o furtivismo internacional de especies silvestres**.
75. Impulsar a aplicación do **Regulamento europeo de comercialización de produtos libres de deforestación (EUDR)** dentro e fóra da Unión Europea.
76. Aplicar e impulsar o **Marco Internacional de Gobernanza sobre Incendios Forestais**.
77. Impulsar a implementación efectiva da **Xestión Integrada de Recursos Hídricos**, así como o desenvolvemento de follas de ruta nacionais sobre a auga nun contexto de cambio climático a través da Iniciativa de Desenvolvemento de Capacidades en Materia de Augas do Marco Acelerador do ODS6, liderada por España.
78. Impulsar a **Alianza Internacional para a Resiliencia á Seca (IDRA)**, promovida por España e Senegal.
79. **Mellorar a interconexión eléctrica** con Francia dende 2800 MW ata os 5000 MW no 2030 e ata os 8000 MW posteriormente, e con Portugal ata os 4200 MW a curto prazo.

UNHA ESPAÑA QUE CONSTRÚE PAZ E SEGURIDADE

80. **Aumentar o esforzo en materia de seguridade:** aumento progresivo do investimento, reforzo da base tecnolóxica e industrial da Europa da Defensa e incrementar a participación da industria de defensa española nesta.
81. Ser un **socio proactivo e construtivo en materia de Política Exterior e de Seguridade Común**. Sistematizar a presentación de documentos informais de posición e de traballo (*non papers*).
82. Impulsar a **Axenda para o Sur** no marco OTAN.
83. **Desarmamento, control de armamentos e non proliferación:** liderar esforzos para preservar a arquitectura de control de armamentos, previr a transferencia de tecnoloxías sensibles e os desvíos ilegais de armamento.

84. Establecer a **Mesa operativa sobre a dimensión de política exterior da industria española de defensa** con participación dos Ministerios de Asuntos Exteriores, Unión Europea e Cooperación, do Ministerio de Defensa, do Ministerio de Economía, Comercio e Empresa e do Ministerio de Industria e Turismo para articular e executar en reunións periódicas unha verdadeira diplomacia española da industria de defensa.
85. Levar a cabo un esforzo de coordinación na negociación, xestión e análise en materia de **sancións e restricións**.
86. Apostar polas **ferramentas de mediación internacional**, incluíndo o relanzamento dos traballos do Centro Internacional de Toledo para a Paz (CITpax).

ESPAÑA NO MUNDO

MÁIS EUROPA ALÉN DA UE

87. **Manter regularmente cumios con Francia, Alemaña, Italia, Portugal, Polonia, Romanía e Turquía**, e implantar mecanismos de seguimento que reforcen o seu contido.
88. **Manter o apoio a Ucraína** en todas as súas dimensións, incluída a reconstrución.
89. Prestar **apoio á ampliación** da UE, de conformidade cos termos establecidos na Declaración de Granada e **participar activamente na reforma** da UE. **Continuar acompañando e impulsando o proceso de ampliación da Unión Europea aos Balcáns Occidentais e a outros países candidatos**.
90. **Consolidar as relacións da UE co Reino Unido**, nunha nova etapa post-Brexit, mediante o aprofundamento da cooperación en sectores de interese mutuo: seguridade e defensa, comercio, cooperación nas transicións enerxéticas e dixitais ou a cooperación en aspectos de materia xudicial e policial.
91. Impulsar a conclusión dun **Acordo entre a UE e o Reino Unido sobre Xibraltar**.
92. **Potenciar a coordinación dos Estados membros do MED9**, tanto para cuestións no seo da UE como para a proxección de intereses relativos á Veciñanza Sur da Unión Europea e no ámbito euromediterráneo.
93. **Impulsar a nosa presenza e participación en foros de concertación rexional** cos países do sur de Europa, países escandinavos ou países bálticos a través de iniciativas como a Iniciativa dos Tres Mares, o Foro Slavkov ou o Trío de Valencia (xunto a Polonia e Romanía).

AMÉRICA LATINA E O CARIBE : ALIADOS PARA UNHA AXENDA COMPARTIDA

94. **Fortalecer as relacións con todos os países da rexión**, especialmente cos socios estratéxicos, así como cos **organismos rexionais e subrexionais de cooperación e integración**.
95. **Ampliar os vectores das relacións cos países ALC**, en particular nas áreas prioritarias determinadas conxuntamente: a tripla transición dixital, medioambiental e social; mobilidade humana; loita contra a inseguridade; fortalecemento da institucionalidade democrática, concertación e cooperación en foros multilaterais.
96. Contribuír, dende a Secretaría Pro Témpore española, ao **fortalecemento da Conferencia Iberoamericana e o sistema de Cumios**.

97. Potenciar a **consolidación da asociación birrexional UE-CELAC**.
98. Impulsar o proceso de **ratificación do Acordo UE-MERCOSUR**.
99. Manter o apoio político ao proceso de paz de **Colombia** e á estabilización de **Haití**.
100. Seguir priorizando a busca dunha solución á crise política en **Venezuela**, alentando o diálogo entre os actores políticos no país, mantendo o apoio a aquelas medidas que sirvan para salvaguardar as liberdades públicas e dereitos fundamentais de todos os venezolanos.
101. **Consolidar, xunto cos países ALC, o español na diplomacia multilateral, a ciencia e a tecnoloxía** a través do fomento do español nas relacións internacionais, incluídas as diferentes cortes e organismos de xustiza internacional (Corte Permanente de Arbitraje, Corte Penal Internacional, Tribunal Internacional de Xustiza, Conferencia da Haia de Dereito Internacional Privado, Academia de Dereito Internacional ou o Instituto Internacional para a Unificación do Dereito Privado).

O MAGREB E ORIENTE MEDIO: APOSTA POLA PAZ E A ESTABILIDADE NA NOSA VECIÑANZA

102. Desenvolver as **relacións estratéxicas**, particularmente cos países do Golfo, fortalecendo as relacións bilaterais; explorando, ademais, a actuación conxunta e complementaria noutras rexións coma África e América Latina.
103. Impulsar o **diálogo euro-árabe** a través de iniciativas multilaterais, como o diálogo UE-Liga de Estados Árabes e UE-Consello de Cooperación do Golfo.
104. En liña co obxectivo de potenciar unha política integradora, de **vocación continental**, desenvolver os intercambios cos socios do Mediterráneo sobre África subsahariana e as relacións triangulares entre España, os socios do Mediterráneo e de África subsahariana.
105. Asegurar o **reforzo das relacións da Unión Europea coa súa Veciñanza Sur** mediante a adopción e implementación do novo Pacto para o Mediterráneo e impulsando a celebración do primeiro Cumio Unión Europea-Veciñanza Sur.
106. Impulsar a concertación e diálogo, tamén a través da cooperación con outros doadores nas actuacións en materia **humanitaria e de desenvolvemento**, con especial atención na estabilización das zonas posconflicto (triplo nexos: humanitario/desenvolvemento/paz).

REFORZAR OS VENCELLOS PERMANENTES CON AMÉRICA DO NORTE

107. Profundar na **colaboración con centros de pensamento** mediante programas específicos que aborden os intereses de España e estadías de investigación para funcionarios e expertos españois.
108. Renovar os **grupos de traballo bilaterais** sobre áreas ou temas de interese común.
109. Dar a coñecer a contribución de España co gallo da **conmemoración do 250.º aniversario da independencia de Estados Unidos (2026)**.
110. Apoiar o labor da **Fundación Consello España-Estados Unidos** para facer visible a rede de intereses recíprocos, con instrumentos como os Foros, os programas de visitantes e as exposicións itinerantes, así como afondar nas liñas de traballo con comunidades hispanas.
111. Profundar na colaboración entre a **sociedade civil española organizada e os seus socios en América do Norte**, como as Asociacións de Científicos Españois en Estados Unidos e O Canadá.
112. Desenvolver liñas de colaboración en **asuntos polares con Canadá**.

UN SALTO CUALITATIVO NA NOSA RELACIÓN CON ÁFRICA

113. Fomentar o papel da **CIMA (Conferencia Interministerial para África)** para asegurar a coordinación e a coherencia da nosa acción exterior no continente africano.
114. Establecer a **Fundación África** para a promoción das relacións con África e para a creación de oportunidades académicas e laborais de xente nova mediante programas de bolsas e de visitantes.
115. Pór en marcha iniciativas como **Alianza África Avanza** para promoción do investimento sostible e AFRICO, Asociación de Cámaras de Comercio de España e África Occidental.
116. Creación dun **Consello Asesor España-África** e de **Fundacións Consello-País**.

AFONDAR NA PEGADA DE ESPAÑA EN ASIA-PACÍFICO

117. **Reforzar os diálogos estruturados** ampliando os 12 diálogos estruturados a países cos que non hai acordo de cooperación, especialmente no Sueste Asiático.
118. **Garantir un fluxo regular de viaxes e visitas cos países da rexión** a través do grupo interministerial que se crea con esta Estrategia.
119. **Reforzar a cooperación en materia de seguridade e defensa** (incluída industria de defensa) coa rexión e asegurar a presenza española en foros dedicados á seguridade como o Diálogo de Shangri-La.
120. **Elevar o nivel de relación con ASEAN** ata a categoría de Socio de Cooperación.
121. **Reforzar a rede de Institutos e Aulas Cervantes** en Asia Pacífico.
122. A través de **Casa Asia** e **Fundacións Consello**, celebrar os foros xa existentes (6) e ampliar a outros países da rexión, como Australia, Indonesia, Paquistán ou Vietnam.

CONSOLIDAR A NOSA PRESENZA NO CÁUCASO E ASIA CENTRAL

123. **Estender a rede de foros de Casa Asia** á rexión de Asia Central (Kazakhstán).
124. **Ampliar os diálogos estruturados** a países cos que non hai acordo de cooperación, especialmente en Asia Central.
125. **Incrementar a cooperación económica** para aproveitar as oportunidades comerciais e de investimento e **reforzar a cooperación en materia de seguridade y defensa**, incluída a industria de defensa.



GOBIERNO
DE ESPAÑA

MINISTERIO
DE ASUNTOS EXTERIORES, UNIÓN EUROPEA
Y COOPERACIÓN